



PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PERÍODO 2015-2018

ACTUALIZACIÓN DO 2017¹

¹ Aprobado polo Consello Social o 15 de decembro de 2017.

Limiar	6
O contexto da programación plurianual	8
O contexto económico-financieiro.....	8
O mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia	9
Plan especial de captación de estudantes para o Campus de Lugo.....	10
O modelo investigador	10
O Selo HR Excellence in Research	11
Plan Estratéxico de Campus Terra.....	11
Plan Estratéxico do Campus da Cidadanía	12
Plan Estratéxico de Internacionalización	12
A mellora do desempeño da administración e dos servizos universitarios.....	13
A planificación estratéxica nos Sistemas de Garantía de Calidade	13
A implantación da Administración Electrónica	14
O emprendemento na USC	14
O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia	15
As infraestruturas e o seu mantemento	15
Resumo da execución e actualización da programación plurianual 2015-2018	17
Correspondencia das accións do Plan Estratéxico de Internacionalización.....	18
Correspondencia das accións do plan de acción do selo HRS4R	19
Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral	20
Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación	22
Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos.....	24
Plans de investigación	27
Comunidade universitaria	30
Servizos xerais	34
Anexo I. Actualización da programación plurianual	38
Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral	39
Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación	49
Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos.....	61
Plans de investigación.	95
Transferencia de coñecemento e accións de emprendemento	120
Comunidade universitaria	128
Persoal Docente e Investigador	128
Persoal de Administración e Servizos.....	145

Estudantes.....	162
Servizos xerais	171
Anexo II. Listado de accións	209

Limiar

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela², no seu Título VII, Capítulo II recollen as directrices fundamentais para a elaboración e actualización da programación plurianual e das súas liñas xerais. No artigo 167 indícase que as actuacións a desenvolver pola Universidade estarán enmarcadas na planificación estratéxica aprobada polo Claustro e concretaranse periodicamente na programación plurianual. Dita planificación estratéxica queda recollida no Plan Estratéxico para o período 2011-2020³, aprobado polo Claustro na súa sesión do 14 de novembro de 2011. As anteditas actuacións, concretadas en programas de catro anos a través das programacións plurianuais, serán actualizadas anualmente.

A programación plurianual vixente corresponde ao período 2015-2018 e foi aprobada polo Consello Social o 22 de decembro de 2014. Contando con 108 accións vencelladas a distintos ámbitos e liñas do Plan Estratéxico 2011-2020, preséntase neste documento a actualización correspondente ao ano 2017, á vez que se avalía o alcance dos obxectivos marcados no período 2015-2017. Para dar cumprimento ao regulamento de réxime interno do Claustro universitario, no seu artigo 4, presentouse a actualización das liñas

² Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela:

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos da USC con xndice.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos_da_USC_con_xndice.pdf)

³ Plan Estratéxico 2011-2020:

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/planEstratexicoUSC.pdf>

xerais da programación plurianual para o ano 2018⁴ na sesión celebrada o 2 de novembro de 2017, contando estas coa aprobación por parte do Claustro, como paso previo á presentación da actualización da programación plurianual ao Consello de Goberno. Deste xeito, dáse cumprimento ao artigo 24 do Regulamento de Réxime Interno⁵ do Consello de Goberno, no que se indica que, unha vez aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o equipo de goberno someterá á aprobación do Consello de Goberno a revisión da programación plurianual. Unha vez aprobada polo Consello de Goberno esta actualización foi proposta para a aprobación do Consello Social na súa sesión do 15 de decembro de 2017.

Con respecto ao documento presentado ao Claustro, a actualización que se achega ao Consello de Goberno inclúe as modificacións derivadas das enmendas presentadas á proposta inicial, que se concretan en cambios tanto na primeira parte relativa ao contexto como nas accións específicas.

Como nas anteriores actualizacións, a estrutura desta memoria respecta o indicado no artigo 168 (apartado 3) dos Estatutos, no que se recollen aqueles aspectos que necesariamente se incluírán na programación plurianual e que se corresponden coa planificación para edificios e instalacións de carácter xeral, o programa xeral de investimentos en infraestruturas de docencia e investigación, as actuacións sobre centros, departamentos, institutos e estudos, os plans de investigación propios e todas aquelas accións relevantes para a comunidade universitaria e os servizos.

Este documento comeza proporcionando a información de contexto imprescindible para valorar o grao de execución das accións planificadas, así como a pertinencia da actualización das liñas xerais. Nunha segunda sección preséntase un informe executivo para cada bloque (planificación para edificios e instalacións de carácter xeral; investimentos en infraestrutura de docencia e investigación, etc.) coa actualización das liñas xerais para o 2018, en base á revisión realizada de todas as accións que conforman esta programación plurianual. A información polo miúdo das accións inclúese no Anexo I, organizadas segundo os bloques anteriores, e dando conta tanto do realizado durante os anos 2015 e 2016, como da actividade en 2017, así como das novas evidencias.

⁴ Regulamento de réxime interno do Claustro universitario:

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/goberno/claustro/REGLAMENTO_CLAUSTRO_UNIVERSITARIO_2015xAPROBADOxENVxO_2016.pdf

⁵ Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno:

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/goberno/consellogoberno/Regulamento_de_Rexime_Interno_do_Consello_de_Goberno.pdf

O contexto da programación plurianual

A planificación estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela concrétese a través de distintos plans estratéxicos e de acción sectoriais, que estando aliñados co Plan Estratéxico da Universidade e tomando como referencia a súa programación plurianual, permiten o despregue iniciativas e actividades concretas que complementan e actualizan dita programación. Nos vindeiros apartados darase conta daquelas iniciativas máis relevantes que conlevan unha actualización directa das accións da programación plurianual. Para os detalles concretos en cada acción, véxase o Anexo I.

O contexto económico-financieiro

En 2014 a USC atopábase nunha situación financeira moi delicada, tras tres exercicios con orzamentos prorrogados, con xeración de déficits acumulados, que acadaban a cifra de 14.567.120,25 €, unha débeda a longo e medio prazo de 44.308.186,91 €, e un plan de financiamento do sistema universitario 2011-2015 que non respondía ás necesidades financeiras da institución.

Para abordar esa realidade, a USC aprobou un Plan Económico-Financieiro de Reequilibrio (PEFR) que, mediante a renegociación dos prazos da débeda e unha política orzamentaria extremadamente rigorosa, asegurara o equilibrio orzamentario anual e permitira absorber o déficit respondendo ás obrigas de amortización derivadas do refinanciamento todo iso procurando alterar o menos posible o funcionamento da institución e tratando de asegurar a calidade dos servizos que presta á sociedade.

Durante o exercicio 2015, ademais, negociouse o novo Plan Galego de Financiamento Universitario, para o período 2016-2020. Ese novo plan, resultando de todos xeitos

insuficiente para atender como sería desexable un servizo público de ensino superior de excelencia, mellorou a situación preexistente, permitindo reformular o Plan Económico-Financeiro de reequilibrio facéndoo menos gravoso. Froito da acción interna da USC e do marco financeiro do SUG, os exercicios 2015, 2016 e 2017 acadaron estes resultados:

EXERCICIO	DEBEDA TOTAL	ANTICIPOS	BANCARIA
1-1-2015	44.308.186,91 €	18.404.596,75 €	25.903.590,16 €
1-1-2018	33.201.901,05 €	11.057.106,28 €	22.144.794,77 €
Amortizada	11.106.285,86 €	7.347.490,47 €	3.758.795,39 €

EXERCICIO	DÉFICIT PEFR	DEFICIT REAL	MELLORA PREVISIÓNS
2014		14.567.120,24 €	0,00 €
2015	14.567.120,24 €	12.429.326,07 €	2.070.793,43 €
2016	14.500.119,50 €	9.363.163,80 €	4.550.769,92 €
2017* prev	13.913.933,72 €	7.263.163,80 €	6.372.327,12 €

En paralelo, a Universidade incorporou novos mecanismos de programación e control económico-orzamentario, nomeadamente a diferenciación no orzamento entre ingresos e gastos afectados e non afectados e a consolidación da contabilidade analítica que permiten xestionar con máis rigor os recursos dispoñibles e adoptar mellores decisións para a súa xestión.

Por último, cómpre destacar que neste período a USC incrementou de xeito notable a súa capacidade para captar recursos competitivos de I+D e que se activou a posta en mercado de activos patrimoniais, nomeadamente o Vello Hospital de Galeras, para o que se acadou un acordo de alleamento que está servindo para minorar a débeda a longo e medio prazo da institución.

O mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia

O 20 de marzo de 2017 asinouse o acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para a definición dos principios reitores da planificación da oferta académica universitaria no Sistema Universitario de Galicia (SUG) ata o curso 2020-2021. En dito acordo establecíanse, inicialmente, os principios básicos da ordenación universitaria, cuxas premisas son a realización dunha planificación conxunta da oferta do SUG e o mantemento do tamaño do sistema. Tamén se detallaron os requisitos esixibles ás memorias de verificación de novos títulos, as prioridades para os novos graos e másteres e outros aspectos como a singularidade de títulos ou a implantación de títulos interuniversitarios. No acordo tamén se establecen a vontade de explorar a posibilidade de redefinición de titulacións con oferta multiplicada, sempre co acordo das universidades implicadas. En todas estas cuestións estase a traballar nesta última parte do ano.

Plan especial de captación de estudantes para o Campus de Lugo

A programación plurianual recollía a aprobación dun convenio marco para desenvolver diferentes actividades de promoción, mellora do financiamento, divulgación científica e mellora de dotación de recursos. Con este obxectivo, o convenio coa Deputación de Lugo para o desenvolvemento de accións contempladas no protocolo de colaboración para o desenvolvemento dun plan de choque para o campus de Lugo foi renovado no ano 2016 e está tramitándose actualmente a súa renovación do ano 2017, o que permite continuar coas accións previstas e que se detallan neste documento de actualización da programación plurianual. A relación de convenios asinados e en trámite coa Deputación de Lugo, e que afecta ao período de vixencia desta programación plurianual, amósanse na seguinte táboa

Data	Convenio	Importe (€)
11/08/2014	Protocolo plan de choque	-
05/11/2014	Plan de bolsas 2014-2015	120.000,00
05/11/2014	Plan de promoción 2024	70.000,00
11/08/2015	Cursos de verán 2015	20.800,00
11/08/2015	Fomento de titulacións de Máster 2015-16	30.000,00
29/12/2015	Desenvolvemento de accións 2015	100.000,00
22/07/2016	Desenvolvemento de accións 2016	297.374,68
30/12/2016	Subvención nominativa 2016	50.000,00
Pendente	Desenvolvemento de accións 2017	350.000,00
Pendente	Subvención nominativa 2017	50.000,00
Total 2014-2017		1.088.174,68

O modelo investigador

O Plan Estratéxico 2011-2020 establece o impulso da excelencia investigadora como unha das liñas estratéxicas básicas da Universidade, converténdoa nun signo de identidade da mesma. Esta liña concrétese a través dunha serie de obxectivos que son os que orientan as actuacións desta programación plurianual, como a mellora da posición e recoñecemento da investigación, o desenvolvemento dos Campus de Excelencia e a optimización de recursos e servizos de apoio á investigación. Con estas premisas, as actuacións que se recollen nesta programación plurianual fundaméntanse nos principios de especialización, excelencia científica e impacto dos resultados, buscando o establecemento dun novo modelo organizativo da investigación, destacando a especialización, a colaboración e a transversalidade. Neste obxectivo estase a reformular o papel e marco normativo dos institutos universitarios de investigación, co fin de avanzar na definición e consolidación dun novo modelo organizativo de maior compromiso, esixencia e especialización, no que xa se ten avanzado co modelo dos centros singulares de investigación. Dita consolidación irá acompañada da revisión da situación da actividade dos institutos e centros de investigación e baseado en programas científicos propios, adscrición selectiva de investigadores, impacto da súa actividade e avaliación externa continuada da súa produción, de xeito que se poida dar resposta as

características, particularidades e expectativas dos diferentes ámbitos de investigación na USC.

Neste contexto, e como tamén se recolle nesta programación plurianual, a USC está a impulsar a orientación das súas accións estratéxicas en investigación (e tamén en docencia) cara unha especialización marcada pola excelencia e o aliñamento coas estratexias europeas, estatais e autonómicas: H2020; ENCYT e RIS3. Con ese obxectivo vense traballando na organización de aqueles contornos nos que a nosa universidade conta con capacidades consolidadas e competitivas, recursos e proxección, articulándoos en torno aos campus de excelencia e vertebrándoos en Agrupacións Estratéxicas.

O Selo HR Excellence in Research

En Febreiro de 2017 cumpríuse un dos grandes fitos relacionados coa xestión da investigación ao acadar o selo de calidade na Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (*Human Resources Strategy for Researchers*, HRS4R⁶), concedido pola Comisión Europea para significar ás institucións de investigación que progresan en aliñar as súas estratexias de recursos humanos cos principios definidos na Carta Europea do Persoal Investigador (*European Charter for Researchers*) e no Código de Conduta para a Contratación de Persoal Investigador (*Code of Conduct for the Recruitment of Researchers*). Cun plan de acción⁷ deseñado ata o 2021, as accións alí recollidas están aliñadas coa programación plurianual, tomando algunhas como propias e adaptando outras. O plan de acción estrutúrase en cinco prioridades: definición e formalización da carreira investigadora; mellora dos procesos e procedementos de selección e contratación de investigadores; boas prácticas en investigación; formación e desenvolvemento de carreiras; e xestión da información.

Plan Estratéxico de Campus Terra.

O Campus Terra é o proxecto para transformar o Campus de Lugo nun referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vinculados á sostibilidade económica, social e medioambiental do uso da TERRA, poñendo en valor as capacidades existentes e xerando outras novas para contribuír á construción dun novo modelo de crecemento intelixente, sostible e integrador. O seu plan estratéxico despregouse a través de plans de acción para o período 2015-2016 e o ano 2017. Baixo o marco destes plans, desenvolvéronse unha serie de accións agrupadas en tres obxectivos: articulación e mantemento da estrutura de gobernanza do Campus Terra; elaboración e desenvolvemento dos plans operativos; e desenvolvemento de accións estratéxicas, como a posta en marcha do portal web, a creación da unidade e-Terra (da que se dará conta en apartados posteriores), a creación do centro de emprendemento ou o fortalecemento das estruturas de investigación.

⁶ Información sobre o selo HRS4R na web da USC: http://www.usc.es/gl/info_xeral/hrs4r/,

⁷ Plan de acción do selo HRS4R:

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/info_xeral/hrs4r/descargas/HRS4R_USC-ActionPlan.pdf

Con respecto á definición e posta en marcha das Unidades de Goberno, no ano 2016 púxose en marcha toda a estrutura de Gobernanza do Campus Terra, trala súa aprobación pola Comisión Reitora o 14 de xaneiro de 2016. Tamén se puxo en marcha a rede de valor do Campus Terra convocándose nos anos 2016 e 2017 catro talleres sectoriais, creando a cátedra do pan e do cereal, lanzando a iniciativa dun polo de innovación dixital no sector agroalimentario e organizando o foro de debate sobre xestión cultural e a xornada de portas abertas sobre o sector forestal e a madeira estrutural. Tamén se implantou unha unidade técnica que conta con persoal técnico e de xestión.

En relación aos plans operativos, deseñáronse estratexias para a orientación da especialización docente, a orientación da I+D+i cara novos retos, a internacionalización, promoción e comunicación do Campus Terra, así como un plan de homologación e certificación de ensaios e técnicas básicas.

Plan Estratéxico do Campus da Cidadanía

O Campus da Cidadanía constituía nos primeiros meses do ano 2015, a súa primeira Comisión de Coordinación que redactou e entregou, a finais do mes de abril de 2015, ao Consello de Dirección da USC a Memoria de Definición do Proxecto, no que se se facían explícitas as circunstancias que concurrían na súa idea, declarando os obxectivos e valores que deberían orientar o proceso a seguir na elaboración do plan estratéxico deste Campus. Esta Memoria de Definición do Proxecto sería aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, reunido en sesión ordinaria, o 8 de maio de 2015. En xuño de 2016 procedeuse a unha renovación da comisión e ao nomeamento dun comisionado para a coordinación dos traballo, que articulou a súa actividade a través de tres grupos focalizados na docencia, a investigación e a xestión, gobernanza e proxección. O Plan Estratéxico do Campus da Cidadanía foi posto a disposición pública e presentado ao Consello de Goberno, quen deu a súa aprobación na sesión do 1 de decembro de 2017. Dito plan irá acompañado dun plan de acción para o ano 2018, onde se concreten as actuacións específicas, nos eidos da docencia, a investigación e a transferencia e a gobernanza e proxección interna e externa.

Plan Estratéxico de Internacionalización

O Plan Estratéxico de Internacionalización, en liña co establecido no Plan Estratéxico 2011-2020, preséntase como un instrumento necesario para afondar no proceso de internacionalización da nosa Universidade. A acción APP016-AE-1518 recollía como obxectivo a elaboración de dito plan, que foi posto a exposición pública do 1 ao 21 de setembro de 2017, e que será presentado ao Consello de Goberno para a súa aprobación (se procede) o 18 de outubro de 2017. O Plan Estratéxico de Internacionalización conta con catro liñas estratéxicas: a internacionalización institucional; o incremento do potencial internacional da docencia; o incremento do potencial internacional da investigación e da cooperación; e a internacionalización a través da captación e da mobilidade das persoas. O plan desprégase a través dun plan de acción, con varias

actuacións continuadas no tempo e outras a executar xa ao longo de 2018, como a elaboración do mapa relacional da Universidade de Santiago de Compostela.

A mellora do desempeño da administración e dos servizos universitarios

Con independencia de que se remate co proceso de funcionarización do persoal laboral (cuxo acordo inicial foi sometido a referéndum o 19 de outubro, non contando co apoio do persoal laboral) previsto na Programación Plurianual, implementaranse liñas de actuación que permitan:

- Corrixir desequilibrios que poidan existir entre distintos colectivos: conceptos retributivos ou non homoxeneidade de categorías.
- Acometer necesidades de reestruturación de áreas e servizos.
- Acordar liñas de formación e promoción profesional e a mellora das condicións xerais de traballo do PAS condicionadas á procura dunha prestación de servizos eficiente.
- Axustar a RPT do PAS.

No caso de que se conclúa o proceso de funcionarización previsto na programación plurianual, os aforros que se poidan derivar incrementarán os recursos destinados a esta acción

A planificación estratéxica nos Sistemas de Garantía de Calidade

O Sistema marco de Garantía da Calidade aprobado polo Consello de Goberno da USC no ano 2009, recolle a planificación estratéxica nos centros como un elemento obrigatorio. Se ben no ano 2010 tan só dous centros elaboraron e aprobaron os seus plans estratéxicos, na actualidade son dez os que están nesta situación, e catro máis en proceso de redacción. Nunha análise global da planificación dos centros, e tendo en conta que se debe respectar o marco temporal e as liñas estratéxicas establecidas no Plan Estratéxico 2011-2020, todos os plans de centro inclúen aspectos relativos á mellora da calidade e dos recursos para a docencia (espazos, recursos materiais, resultados do alumnado, formación do profesorado...), o reforzo da cultura da calidade e a mellora das relacións coa sociedade. Os obxectivos estratéxicos formulados nos plans dos centros, concréntanse nas súas programacións plurianuais, que recollen obxectivos operativos coa determinación dos recursos necesarios, prazo e responsables para poder desenvolverlos.

Pero a planificación non se esgota con eses dous instrumentos, senón que os centros e a universidade, dispoñen doutras ferramentas orientadas á mellora continua. En primeiro lugar, a revisión anual dos Sistemas de Garantía de Calidade e os procesos específicos de seguimento e acreditación dos programas formativos. Ditos procesos serven para a detección de áreas de mellora, tanto de forma interna, como propiciadas por comisións alleas. As accións a levar a cabo recóllense nos plans de mellora de centros de títulos que se elaboran con carácter anual. En segundo lugar, e completando o ciclo de revisión, a universidade recolle aquelas áreas de mellora transversais a todos os centros ou para as

que estes non teñen competencias e elabora o Plan de Melloras da USC. Ata o momento, desenvolveuse un Plan de Melloras USC 2016, aprobado por CG o 29 de xullo de 2016 e cuxa execución foi revisada o 27 de abril de 2017 por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno. O próximo plan desenvolverase por curso académico (2017-18) para axustar as dinámicas da universidade coas dos centros e escolas.

A implantación da Administración Electrónica

Dende o ano 2013, a Universidade de Santiago de Compostela vén levando a cabo a execución do Plan de implantación da administración electrónica co fin de facilitar o acceso aos seus servizos e crear un espazo de relación coa cidadanía no marco dunha xestión administrativa coas garantías necesarias. Porén, o marco normativo tras a entrada en vigor das leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, obrigou a modificar en parte o vixente escenario establecendo a tramitación electrónica como actuación habitual da universidade, na súa xestión interna, na relación cos cidadáns, e na relación con outras administracións, facendo necesaria a implantación de solucións informáticas, organizativas e estruturais. Neste contexto, o 12 de xaneiro de 2017 a Comisión de Administración Electrónica aprobou o II Plan de Implantación da Administración Electrónica na USC 2016-2019, co obxectivo de que todos os procedementos da USC, tanto internos como externos, se poidan realizar de maneira electrónica, garantindo ademais a interoperabilidade entre aplicacións e con outras Administracións Públicas, e fomentando o uso intensivo das ferramentas actualmente a disposición da USC ou daquelas novas que se incorporen como consecuencia da reutilización e transferencia de tecnoloxía de aplicacións doutras Administracións.

O emprendemento na USC

Dende o ano 2015 e ata a actualidade mantívose a actividade de promoción e soporte á creación de empresas de base tecnolóxica xurdidas dende o ámbito investigador. Así, no período 2015-2017 creáronse 8 Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) nas que participa a USC no seu capital social, tendo na actualidade en fase de avaliación máis de 10 novos proxectos. As empresas constituídas ao amparo dos programas de emprendemento da USC facturaron no ano 2015 (último ano dispoñible) 25,2 millóns de euros, e soportaban 262 empregos de calidade. Dende o punto de vista da transferencia en base á protección da propiedade intelectual e industrial, nos anos 2015 e 2016 solicitáronse 113 patentes das cales foron concedidas 62, manténdonos nos cinco primeiros postos das universidades españolas con mais solicitudes de patentes europeas. Asemade, no mesmo período asináronse 25 acordos de licenza, que cos xa existente reportan unha media de 100.000 € anuais.

Tamén entre os anos 2015-2017 tivo continuidade o programa de apoio ao emprendemento feminino universitario WomanEmprende, que celebrou en 2016 o seu décimo aniversario e que dá apoio específico tanto a estudantes como a investigadoras emprendedoras. Durante este período, e en colaboración co Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (Ministerio de Sanidade e Asuntos Sociais) desenvolveu o proxecto Innovatia 8.3 do que son fitos salientables o desenvolvemento dunha metodoloxía para a inclusión da perspectiva de xénero nos procesos de emprendemento universitarios, a elaboración dun catálogo de madriñas (mentoras) e a elaboración dun catálogo de empresas universitarias lideradas por mulleres.

Na actividade internacional caben destacar a participación activa na RedEmprendia, Rede Universitaria Iberoamericana para a Creación de EBTs. Xunto coa RedEmprendia a USC coorganizou o evento de emprendemento Spin2016, e en particular organizou as edicións 2016 e 2017 de SpinWay, unha peregrinación formativo-competitiva de emprendedores no Camiño de Santiago. Coordina ademais o Proxecto Europeo na convocatoria Erasmus +, SpinOff Lean Acceleration (SOLA), que agrupa a socios europeos e latinoamericanos.

O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia

A Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia, establece que as universidades no exercicio da súa corresponsabilidade deberán crear un contorno de colaboración mutua, unificando esforzos para acadar obxectivos que lles son comúns e prevendo a creación do consorcio interuniversitario, no artigo 66: unha nova figura xurídica que debe afondar no papel impulsor das universidades.

O Consello de Goberno da USC vén de aprobar na súa sesión do 18 de outubro de 2018, a proposta do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a constitución do Consorcio interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), así como dos seus estatutos.

O obxectivo do CISUG é apoiar a converxencia cara a sistemas colaborativos de actuación en determinadas áreas, así como aos ámbitos de xestión integrados, que introduzan homoxeneidade nos procesos e faciliten o intercambio de información entre as universidades e a Xunta. Se como é previsible as outras partes implicadas no consorcio tamén aproban o convenio e os estatutos nos seus respectivos órganos, haberá que ter en conta na planificación do ano 2018 as implicacións que ten para a USC a posta en marcha do CISUG, tendo en conta que a adscrición do consorcio tal e como constan nos seus estatutos, corresponde á Universidade de Santiago de Compostela.

As infraestruturas e o seu mantemento

Tal e como se indica na revisión da APP012-II-1518, no ano 2015 destináronse a obras de acondicionamento, equipamento e mellora en centros docentes e investigación un total

de 1.932.500 euros, 2.271.141,82 euros en 2016 e 2.125.403,01 euros en 2017. Compre salientar a modificación da planificación por mor das obras urxentes que están sendo realizadas na Facultade de Farmacia, unha vez detectados unha serie de problemas estruturais que obrigan a facer unha reforma complexa do edificio. En canto aos riscos laborais, no ano 2015 investíronse un total de 217.823,22 euros e nos anos 2016 e 2017 mantívose esta partida por un valor de 218.000 euros (8075.3008.22700).

No conxunto dos Campus de Santiago e Lugo, priorizouse a reparación de edificios, o acondicionamento e equipamento de novas instalacións xa existentes, así como medidas destinadas ao aforro enerxético de edificios. Melloráronse as condicións de seguridade e saúde de lugares de traballo, instalacións, equipamentos e procesos. Dedicarase unha partida específica á implantación de medidas de control dos riscos valorados como significativos nas avaliacións de riscos, que se considerarán de atención prioritaria

Como accións especialmente salientables pola súa singularidade, iniciouse o acondicionamento de instalacións de investigación na Facultade de Química para mellorar as condicións de seguridade do Centro ademais de acometer a reparación das cubertas, todo iso adiantando actuacións a programar no Plan Director da Facultade, e arrincaron os traballos de redacción do Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia, que se desenvolve grazas a un convenio de colaboración entre a USC e o Consorcio de Santiago, organismo que deberá ter un papel importante na execución das intervencións que se deriven do Plan. Tamén na Facultade de Física estanse a adecuar laboratorios e espazos de investigación para o desenvolvemento da Agrupación Estratéxica AEFIS e dos proxectos dos ERC-Starting Grant. En relación coa próxima apertura e posta en funcionamento, estanse levando actuacións que implican o equipamento con sistemas de control e seguridade así como a urbanización dos espazos exteriores ao edificio. O financiamento para estas actuacións procede dun Convenio de colaboración USC - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Para poder continuar coas reformas da Facultade de Química, elaborárase un Plan de Reforma incluíndo as novas accións a realizar e o cronograma das mesmas.

Por último, como acción especialmente salientable, en 2017 está a redactarse o proxecto básico do novo Complexo Docente de Ciencias da Saúde, que incorpora as necesidades da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Enfermería, a construír na parcela situada fronte ao CHUS e que integrará unha rehabilitación do Hospital Gil Casares. O proxecto básico, financiado pola Xunta de Galicia, ten un coste de 437 mil Euros, prevese estea concluído a finais deste ano 2017 e dará lugar a que se pechen os acordos necesarios para asegurar o financiamento e programación desa actuación, realmente relevante e complexa, que debe coordinarse coa necesaria ampliación do CHUS para acoller os servizos asistenciais actualmente instalados no Hospital Gil Casares, así como dar solución aos recorrentes problemas de aparcamento de vehículos nesa zona.

Resumo da execución e actualización da programación plurianual 2015-2018

A planificación estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela concrétese a través de distintos plans sectoriais, que estando aliñados co Plan Estratéxico da Universidade e tomando como referencia a súa programación plurianual, permiten o despregue iniciativas e actividades concretas que complementan e actualizan esta programación. Nos vindeiros apartados darase conta daquelas iniciativas máis relevantes, acompañadas dunha actualización das liñas de actuación para o ano 2018. Para os detalles concretos da revisión de cada acción, véxase o Anexo I.

A pouco máis dun ano de cumprir o período establecido para esta programación plurianual, no marco do Plan Estratéxico 2011-2020, cómpre dar unha visión global da execución das accións nela recollidas, incidindo sobre o grao de execución das mesmas e as liñas xerais nas que serán actualizadas para o ano 2018, de ser o caso.

Esta revisión e actualización das liñas xerais realizarase de acordo a cada bloque establecido na programación plurianual (véxase Táboa 1), tendo en conta a información de contexto presentada na sección anterior. Como novidade con respecto a actualizacións anteriores, tense establecida unha codificación para as accións das programacións plurianuais da Universidade que se detalla no Anexo I.

Bloques da planificación plurianual		Nº acción (total accións)
EI	Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral	1-7 (7)
II	Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación	8-13 (6)
AE	Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos	14-33 (20)
PI	Plans de investigación	34-50 (17)
CU	Comunidade universitaria	51-82 (32)
SX	Servizos xerais	83-108 (26)

Táboa 1. Estrutura da Programación Plurianual 2015-2018 e acción relacionadas.

Como xa se indicou na información de contexto, a aprobación do Plan Estratéxico de Internacionalización e do plan de acción do selo de excelencia en investigación HRS4R, conlevan aparelladas unha serie de accións que entroncan directamente coas recollidas na programación plurianual, nalgúns casos levando a modificar as liñas xerais da mesma. Se ben na revisión de cada un dos apartados recollidos na Táboa 1 se fará mención, cando así proceda, ás accións do Plan Estratéxico de Internacionalización ou do plan de acción do selo HRS4R, inicialmente preséntanse unhas táboas resumo que permiten relacionar a programación plurianual con ditos plans.

Correspondencia das accións do Plan Estratéxico de Internacionalización

O Plan Estratéxico de Internacionalización, que conta con 4 liñas estratéxicas e 15 accións que se poden relacionar cos bloques da programación plurianual do seguinte xeito:

Bloque programación plurianual	Accións do PEI
Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral	Acción 1.2 Creación e posta en funcionamento do CBI
Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos	Acción 2.2 Establecemento de titulacións dobres, múltiples ou conxuntas con universidades estranxeiras Acción 2.3 Acreditación institucional de titulacións Acción 2.4 Internacionalización da oferta docente complementaria
Plans de investigación	Acción 3.1 Posta en práctica das medidas establecidas no plan de acción do HRS4R e internacionalización do persoal investigador Acción 3.2 Análise da produción científica e promoción da visibilidade da USC Acción 3.3 Programa de apoio ás convocatorias de proxectos internacionais
Comunidade universitaria	Acción 1.6 Deseño e posta en marcha do Plan de Formación Lingüística da comunidade universitaria Acción 2.1 Creación e desenvolvemento dun plan para a docencia de calidade en linguas estranxeiras Acción 3.4 Creación e execución dun plan de internacionalización para Ciencias Sociais e Xurídicas, Artes e Humanidades Acción 4.1 Potenciamento e optimización do valor dos programas de intercambio
Servizos xerais	Acción 1.1 Creación do mapa relacional da USC Acción 1.3 Fomento das relacións entre os axentes de internacionalización Acción 1.4 Fomento de ferramentas de comunicación e promoción institucional

	Acción 1.5 Axilización da xestión administrativa
--	--

Correspondencia das accións do plan de acción do selo HRS4R


O plan de acción do selo HRS4R organízase en varios bloques, estando as accións de varios deles ligadas directamente a iniciativas reflectidas na programación plurianual. A relación sería a seguinte:

Bloque programación plurianual	Bloque do PA do HRS4R
Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos	Formación e desenvolvemento profesional (doutoramento)
Plans de investigación	Boas prácticas en investigación
Comunidade universitaria	Definición e formalización da carreira investigadora (PDI) Mellora dos procesos e procedementos para a selección e contratación (PDI) Formación e desenvolvemento profesional
Servizos xerais	Mellora da xestión da información

Nos seguintes epígrafes preséntase un balance das accións realizadas en cada un dos apartados da programación plurianual, indicando finalmente cales son as liñas xerais a actualizar en cada ámbito.

De xeito global, cómpre sinalar que das 108 accións que contén a programación plurianual, un 40,74% era accións que se formularon inicialmente como “de execución continua”, é dicir, accións que se iniciaban e continuábanse executando ao longo do tempo. Das restantes, en torno a un 21% están finalizadas, arredor do 70% atópanse en execución (con previsión de finalización durante o ano 2018) e o 9% foron adiadas por diversas causas que se explican nas fichas de cada acción.

Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral



As accións deste bloque (da APP001-EI-1518 ata a APP007-EI-1518) están vencelladas ao ámbito estratéxico "Xestión institucional" do Plan Estratéxico 2011-2020 e á liña estratéxica "Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos". Trátase, de accións orientadas á planificación para edificios e instalacións de carácter xeral.

Concentración, reubicación e ampliación de espazos de servizos administrativos. A redistribución de servizos administrativos na Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega, a Casa da Balconada e o Pavillón de Servizos, así como a creación dun Centro de Benvida Internacional (accións APP001-EI-1518 e APP004-EI-1518) foron realizadas case na súa totalidade: a utilización da Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega para usos docentes está pendente de completarse en función das condicións resultados do Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia. Dito plan atópase en proceso de redacción, a través dun convenio entre a Universidade e o Consorcio, pero mesmo de xeito previo á súa finalización disporase dunha planificación para a ordenación de usos, que se agarda quede definida do primeiro semestre de 2018. En función de dita ordenación, programaranse as actuacións para a instalación na Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega de servizos propios. Tamén se terá en conta a previsión de que este edificio acolla a sede do Campus da Cidadanía

Por outra banda, o Centro de Benvida Internacional está xa operativo. No tocante á ampliación de espazos para ATIC (APP003-EI-1518), esta acción foi acometida parcialmente e nos vindeiros meses producirase o traslado dalgúns equipos ás dependencias da Vicerreitoría de Investigación e Innovación no CIBUS, se ben se debe contemplar esta actuación nos orzamentos de 2018, de existir capacidade de financiamento.

As instalacións deportivas. No período desta programación plurianual, no Campus de Santiago (APP005-EI-1518), acometeuse o arranxo das pistas de tenis e cerramento do mesmo, elaborouse o proxecto para renovar a cuberta do polideportivo e fixéronse obras de mellora no estadio de atletismo. Neste momento, estase a proceder á mellora do campo de fútbol, grazas a un convenio asinado coa Deputación da Coruña e co Concello de Santiago. Asemade, tamén se acometeron obras de mantemento das instalacións. En Lugo (APP006-EI-1518), estase a negociar o convenio coa Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e outros axentes sociais co obxecto de remodelar un campo de fútbol e construír un polideportivo.

Escolas de doutoramento. Coa creación do CIEDUS (véxase apartado sobre “Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos”) aprobouse a proposta de creación de catro Escolas de Doutoramento Internacional (EDI en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas; EDI Campus Terra; EDI en Ciencias da Saúde; e EDI en Ciencias e Tecnoloxía), que leva aparelladas algunhas actuacións en materia de infraestruturas. O traslado efectivo do CIEDUS (APP007-EI-151), que da apoio de xestión ás Escolas de Doutoramento e unifica a actividade Centro de Estudos Avanzados, ao complexo Centro de Estudos Avanzados-Casa de Europa, situado na Finca Vista Alegre, realizarase no primeiro trimestre de 2018, tras a liberación de espazos no citado edificio ocupados hoxe pola división informática (SIIE) de Unixest. A Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra localizarase no segundo andar do edificio CACTUS do Campus Terra. As obras xa están en marcha e estarán rematadas neste ano 2017.


Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral. Actualización das liñas xerais para o 2018

Na liña de intervencións en edificios, nesta liña deberase atender ao Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia, que non estaba recollido na programación plurianual. Estase a redactar o documento do plan mediante un convenio entre a Universidade e o Consorcio de Santiago, coa participación da facultade.

A posta en marcha do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG), que quedará adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, fai que se deba proceder a unha reestruturación de espazos. En concreto, o CISUG terá a súa sede na “Casa dos Catedráticos”, ao que se trasladará o persoal de BUGalicia (previsiblemente no mes de marzo de 2018) e o persoal da CIUG, así como persoal técnico do SIE de Unixest que se destinaría ás actividades consorciadas. Esta ubicación permitirá a unificación dos servizos prestados a través do CISUG, facilitando asemade a súa gobernanza.

Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación

Este bloque consta de 6 accións (APP008-II-1518 ata APP013-II-1518), vencelladas ao ámbito estratéxico “Xestión institucional” do Plan Estratéxico 2011-2020 e á liña estratéxica “Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos”. Nelas recóllense as principais actuacións en investimentos e infraestrutura para a docencia e a investigación.



Complexo dotacional de edificios de Ciencias da Saúde e actuacións sobre outros centros. As accións APP008-II-1518, APP009-II-1518 e APP11-II-1518, afectan aos actuais centros de Medicina e Odontoloxía e Enfermaría, pendentes da execución do proxecto do Complexo de Ciencias da Saúde. Con respecto a este proxecto, o día 23 de maio de 2016 publicouse o proceso de selección dun anteprojecto para o Complexo dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC) (2016/CSEA1/000009), por un importe total de 423.723 euros, iniciándose así o procedemento de programación da construción do novo complexo docente. Tamén se realizaron as xestións urbanísticas precisas para garantir a viabilidade legal para a construción do novo complexo nas actuais instalacións do Hospital Gil Casares. Ao longo de 2017 resolveuse o concurso de anteprojectos e contratouse ao equipo gañador. Finalmente, en relación á APP010-II-1518, esta acción debeu ser adiada. As implicacións urbanísticas das alternativas para obter financiamento para esta actuación dependen de variables ligadas á revisión do PXOUM e do Plan Especial da Cidade Histórica, polo que non resulta viable abordalas de forma independente a eses instrumentos de planificación municipal.

Equipamento e melloras en centros docentes e de investigación. Con respecto ás obras de equipamento e melloras en centros docentes e de investigación (APP012-II-1518), no ano 2017 incorporouse unha programación de investimentos no orzamento e xestionouse un suplemento de crédito no exercicio para ampliar a posibilidade de actuación neste ámbito. Como pode verse no detalle da acción (Anexo I), realizáronse algunhas obras específicas no Campus de Lugo e mellorouse o equipamento de investigación a través da convocatoria do Plan Nacional para o financiamento de Infraestruturas e Equipamento científico-técnico.

Sistemas de información e comunicación. Entre o 2015 e o 2017, fóronse acometendo diversas melloras nos sistemas de información e comunicación (APP013-II-1518), coa renovación da rede sen fíos no Campus de Santiago ou coa migración da telefonía a IP. Dita intervención, cuxa adxudicación está prevista antes de finais de 2017, permitirá reducir os custos fixos de mantemento. Asemade, tamén se teñen realizado melloras nos

sistemas de alimentación ininterrompida e nos servidores. No ano 2017 comezouse coa renovación dos equipos do PDI, a través dunha convocatoria dirixida aos Departamentos.

Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación. Actualización das liñas xerais para o 2018

Con respecto ao Complexo dotacional de Ciencias da Saúde, a redacción do proxecto básico deberá ser entregado nos primeiros días de xaneiro de 2018, polo que se deberá contratar a redacción do proxecto executivo e pechar definitivamente os acordos coa Xunta de Galicia, xa esbozados no protocolo de colaboración aprobado en Outubro de 2016, para acometer a execución das obras.

As liñas xerais de obras en centros non mudan substancialmente, debéndose acometer a programación a actualizar en 2018 a través de recursos RAM.

Con respecto ao equipamento docente, a convocatoria de renovación de equipamento informático do PDI realizada no 2017 foi acompañada dunha revisión exhaustiva dos equipos susceptibles de ser substituídos por parte de ATIC, poñéndose de manifesto a existencia dun número importante de equipos (de entre os revisados) obsoletos. Durante o ano 2018 traballarase no establecemento dunha planificación que permita a dotación/renovación do equipamento informático básico para o PDI. Dita planificación contemplará, no primeiro trimestre do ano 2018, a consulta aos departamentos para a identificación do equipamento a reemprazar en base a características técnicas. A inversión a realizar neste ámbito quedará reflectida nos orzamentos da USC para o ano 2018.

Como xa se indicou, está en proceso de adxudicación unha primeira fase da migración da telefonía a IP, cuxas obras se realizarán en 2018, e que será preciso ampliar en futuras fases. Ademais, tamén se realizarán investimentos na mellora de gran equipamento informático, procedendo á renovación parcial de servidores.

Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos



As actuacións sobre centros, departamentos, institutos e estudos concretáronse inicialmente a través de 20 accións na programación plurianual (APP014-AE-1518 ata APP033-AE-1518), todas elas vinculadas ao ámbito de “Xestión institucional” (liña “Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos” ou ben “Unha universidade de

recoñecido prestixio internacional”) ou de “Actividade universitaria” (liña “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade” ou “Procura da excelencia académica”).

Accións sobre centros, departamentos e institutos. No período 2015-2017 acometéronse importantes accións relacionadas coa estrutura departamental (APP014-AE-1518) e de centros da USC, como a mellora do Centro de Linguas Modernas (APP032-AE-1518), a reorganización das escolas de doutoramento e a creación do CIEDUS (APP028-AE-1518, APP029-AE-1518) ou a reestruturación do Centro de Estudos Propios (APP031-AE-1518). En concreto, mediante acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2017 e do pleno do Consello Social de 10 de outubro de 2016, creáronse o CIEDUS (Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC) e o CEP (Centro de Estudos Propios). Coa creación do CIEDUS aprobouse a proposta de creación de catro Escolas de Doutoramento Internacional (EDI en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas; EDI Campus Terra; EDI en Ciencias da Saúde; e EDI en Ciencias e Tecnoloxía). A proposta foi remitida á Xunta de Galicia; o pleno do Consello Galego de Universidades informou favorablemente a súa creación no pleno do 13 de xuño de 2017. O Consello da Xunta de Galicia aprobou a súa creación na súa reunión do 21 de setembro de 2017 (decreto do 21 de setembro de 2017, publicado no DOGA do 3 de outubro de 2017). As actuacións en materia de infraestrutura quedan recollidas na APP007-EI-1518. En relación ao financiamento aos centros (APP026-AE-1518, APP027-AE-1518) produciuse un incremento do 26.2% no orzamento estrutural.

Con respecto á análise da estrutura de centro, no caso dos institutos de investigación (APP026-AE-1518) executáronse as fases de autoavaliación e avaliación externa, establecendo un calendario para a finalización de actividades neste ano. A segunda fase da acción APP027-AE-1518, foi adiada.

Accións sobre os estudos. A partir da elaboración do mapa das titulacións da USC durante o curso 2015-2016, que recolle toda a oferta de titulacións oficiais e propias (APP015-AE-1518), xunto cunha análise que permita servir de base para a toma de decisións respecto á oferta académica nos procesos de negociación coa Xunta, continuáronse os procesos

para a implantación de títulos de grao e mestrado enmarcados nos campus de especialización (Campus da Cidadanía, Campus Terra e Campus Vida) (APP027-AE-1518). Estas actuacións globais levan aparellada a reorganización da oferta de mestrados (APP023-AE-1518). Tal e como se sinala na APP015-AE-1518, as actuacións sobre os estudos veñen marcadas polo novo mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia (SUG). A USC está a traballar coa Secretaría Xeral de Universidades e coas outras universidades do SUG no deseño de dito mapa.

A aposta por unha oferta de simultaneidade de estudos (APP018-AE-1518) materializouse a través da impartición de dobres graos. Durante o curso 2016-2017 continuouse a elaboración de programas de simultaneidade segundo a experiencia dos anos anteriores. En concreto, elaboráronse e aprobáronse os programas de dobre grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil e Mestre ou Mestra de Educación Primaria, na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Santiago; e no dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría, tamén no Campus de Santiago. Ambos os dous programas de simultaneidade comezaron a impartirse neste curso 2017-2018.

Con respecto á actuación que afectaba aos títulos de doutoramento (APP030-AE-1518), sobre a composición de tribunais de tese de doutoramento, a nova normativa está vixente dende abril de 2016.

A docencia on-line (incorporación a estudos e deseño da oferta). Durante o período desta programación plurianual tense traballado sobre a implementación do soporte do Campus Virtual para as actividades docentes do profesorado e do alumnado, e a oferta de programas de formación de docentes para o uso das aulas virtuais e outras ferramentas informáticas. Esta acción (APP019-AE-1518) está directamente relacionada coa APP095-CU-1518, sobre a mellora das ferramentas informáticas básicas. Neste senso, cabe salientar dúas accións concretas: por unha banda, iniciouse un proxecto piloto coa plataforma eHabilis onde participaron seis títulos de mestrado on line e na nube, con servizo de videoconferencia e gravación de clases. Ao mesmo tempo, tamén se modificou a arquitectura do Campus Virtual da USC e estase a traballar para adecualo ás necesidades actuais e futuras. Como paso previo ao deseño da oferta online (APP020-AE1518), téñense incorporado dúas unidades de gravación nos campus de Santiago e de Lugo e realizouse unha a I Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en MOOC e de Apoio das TIC á Docencia, para o seu desenvolvemento no curso 2017-2018, con tres modalidades: creación dun curso en liña aberto e masivo (MOOC), creación de materiais audiovisuais en formato “pílulas de coñecemento” e desenvolvemento de iniciativas de innovación docente a través do Campus Virtual.

Estratexia de internacionalización. Rematada a elaboración do Plan Estratéxico de Internacionalización (APP016-CU-1518), este documento púxose a disposición dos membros do Consello de Goberno na súa reunión do pasado 28 de xullo así como a exposición pública de toda a comunidade universitaria do 1 ao 21 de setembro, ambos incluídos. No momento de comprobación desta acción estase dando resposta ás alegacións recibidas e esperase a súa aprobación na próxima reunión ordinaria do Consello de Goberno, prevista para o 18 de outubro de 2017. A liña estratéxica 2 do plan


fai referencia á internacionalización da oferta docente, con accións específicas sobre a docencia en linguas estranxeiras e a creación de títulos conxuntos con outras universidades estranxeiras (APP021-CU-1518 e APP022-CU-1518).

Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos. Actualización das liñas xerais para o 2018

Como xa se indicou, o plan de acción do Plan Estratéxico de Internacionalización contempla accións para a internacionalización da oferta docente. En concreto, a acción 2.1 (desenvolvemento dun plan para a docencia de calidade en linguas estranxeiras) e a acción 2.2 (establecemento de titulacións dobres ou conxuntas con universidades estranxeiras). No caso da acción 2.1, esta recolle a elaboración dun plan ao longo do curso 2017-2018 para que teña efecto no curso 2018-2019. A acción 2.2 é continuada no tempo.

A implantación de docencia *on-line* debe vir acompañada necesariamente por unha mellora dos recursos dos que se dispón. Así, ademais de ter operativas as aulas de gravación, será preciso realizar actuacións sobre o Campus Virtual, como poden ser a virtualización do servizo, co obxecto de garantir o seu correcto funcionamento. A partir do 2018 iniciaranse os traballos para establecer un plan Xeral de actuación de oferta de estudos online da USC. O deseño da oferta de estudos on line por parte da USC require dun plan Xeral de actuación neste eido, que sexa realista e concrete o papel a xogar pola nosa universidade na década de 2020. O deseño deste plan ten que partir inevitablemente dunha análise diagnóstica que posibilite asentarse as liñas de actuación futuras. Durante o ano 2018 traballárase na elaboración dun documento de detección de necesidades, asesorado por un grupo de expertos, que permita: identificar as fortalezas e debilidades institucionais no ámbito da formación online e nos novos escenarios para a aprendizaxe con TIC, plantear un conxunto de estratexias e metas para o desenvolvemento institucional no horizonte da vindeira década, e propor un plan de recursos para o seu logro.

Plans de investigación



Dezasete accións son as que conforman a sección dedicada a plans de investigación propios, incluíndo da APP034-PI-1518 ata a APP050-PI-1518. Trátase de accións que afectan directamente á actividade investigadora da Universidade, tanto nos seus mecanismos de avaliación e control, como na súa estrutura. Deste xeito, os ámbitos as que se asocian as

distintas accións van dende a “Actividade universitaria”, “Persoas”, “Xestión institucional” ata “Relación co contorno”. Debe terse en conta para a valoración da execución que unha boa parte das accións deste bloque son de desenvolvemento continuo ao longo do período de vixencia da programación plurianual.

O reforzo e consolidación do modelo investigador. A estratexia seguida pola Universidade para o establecemento e consolidación dun modelo de xestión da investigación (APP035-PI-1518, APP039-PI-1518) enmárcase no contexto dos campus de excelencia (APP043, APP044) e na especialización, a través do apoio a estratexias colaborativas internas e externas. Nesa dinámica, é preciso destacar a consecución de dous proxectos tractores impulsados pola Area de Xestión e Valorización de I+D en Envellecemento-Nutrición e en Xestión Cultural que implican a varios Grupos da USC e acadaron importante financiamento no programa INTERREG. Cabe salientar que o proceso de especialización alíñanse coherentemente co proceso de avaliación e reformulación dos institutos de investigación, a definición do Campus da Cidadanía e o proceso do Plan estratéxico de Campus Terra, permitindo a elaboración do mapa de capacidades (presentado a comezos de 2017 á Xunta de Galicia) para conformar un plan de prioridades. En canto ao apoio á investigación (APP037-PI-1518, APP040-PI-1518), unha das ferramentas principais posta a disposición do persoal investigador foi a creación dos Programas de Xestión Integrada da Investigación (PIXIS), que permite o aproveitamento de recursos entre os distintos grupos, incidindo novamente na estratexia colaborativa.

Para xestionar de xeito adecuado o novo modelo de investigación, resulta fundamental o reforzo e valorización, así como a avaliación da produción científica (APP034-PI-1518), e neste aspecto vense traballando na incorporación do Sistema de Xestión da Investigación (SUXI), do que o seu módulo de xestión curricular se atopa en probas con formación prevista para o persoal técnico no que resta de 2017, prevéndose o seu despregue á comunidade investigadora a comezos de 2018. Asemade, tamén se teñen mellorado notablemente os resultados nas convocatorias do H2020 (APP042-PI-1518). Tamén se teñen dado pasos sobre os mecanismos de avaliación da produción científica, realizando unha análise bibliométrica da produción, así como talleres para o uso de ferramentas bibliométricas dirixidos a persoal de xestión e investigador.

O persoal investigador. As accións relacionadas co persoal investigador contemplan o deseño dun novo modelo de contratación (APP036-PI-1518), incluíndo a atracción de PDI internacional (APP041-PI-1518), así como a implementación de sistemas de control e supervisión das condicións laborais do persoal contratado con cargo a actividades de I+D (APP38-PI-1518). O desenvolvemento e execución destas accións van ligadas á estratexia seguida pola Universidade coa adhesión á Carta Europea do Persoal Investigador (*European Charter for Researchers*) e ao Código de Conduta para a Contratación de Persoal Investigador (*Code of Conduct for the Recruitment of Researchers*), establecido pola UE para a obtención do Selo de Calidade na Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (*Human Resources Strategy for Researchers: HRS4R*). En decembro de 2016 a UE (EURAXES) aprobou o Plan de Acción da USC para a súa adscrición ao Selo de Calidade na Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (*Human Resources Strategy for Researchers: HRS4R*). No desenvolvemento deste Plan, entre outras accións, a USC iniciou os traballos para formalizar un novo marco xeral para o recoñecemento e xestión de recursos humanos contratados con recursos de investigación que está actualmente en fase de negociación coa representación sindical. Tamén se está a traballar na elaboración dun plan de *mentoring* e supervisión de investigadores predoutorais e posdoutorais.

Accións para o emprendemento. Nas accións planificadas na programación plurianual, incidíase principalmente no establecemento de políticas de transferencia e emprendemento (APP046-PI-1518), no establecemento dun modelo de xestión (APP045-PI-1518), así como no seu fomento e mellora (APP047-PI-1518, APP048-PI-1518). Téndose determinadas as necesidades de xestión, elaborouse un Plan Estratéxico da Incubadora de Empresas. Dito plan apoia as políticas en transferencia e emprendemento, que se materializan a través dos regulamentos de protección, explotación e participación de resultados de investigación e o regulamento de creación de empresas de base tecnolóxica. O fomento e axuda ao emprendemento canalízase a través do acelerador de transferencia, e con programas específicos como Argos e YUZZ, así como na participación en proxectos internacionais, incorporando para tales persoal á Área de Valoración e Transferencia (APP049-PI-1518) e coa participación en foros de dinamización do emprendemento (APP050-PI-1518).

Plans de investigación. Actualización das liñas xerais para o 2018.


En relación ao reforzo e consolidación do modelo investigador, algúns dos procesos xa iniciados deberán materializarse na futura convocatoria de Agrupacións prevista para primavera de 2018. Non obstante, con independencia dos resultados do programa da Xunta, seguirase impulsando estes procesos de especialización apoiando estratexias colaborativas, alianzas no sistema de innovación autonómico e nacional e candidaturas específicas en convocatorias internacionais. Tamén está previsto que durante o 2018 se proceda ao despregue do módulo de xestión curricular de SUXI.

A implantación do plan de acción do selo HRS4R vai marcar as liñas xerais de actuación no que atinxe ao persoal investigador. Como accións a desenvolver neste eido durante o que resta de 2017 e no ano 2018, cabe salientar a elaboración dun protocolo para a difusión internacional dos procesos de selección de persoal (acción 7 do plan de acción do selo HRS4R), a elaboración dunha guía de benvinda para novos investigadores (acción 10), o deseño do código de boas prácticas (acción 15) e as guías de supervisión de investigadores predoutorais e posdoutorais (accións 28 a 31).

Comunidade universitaria

As accións dirixidas as distintos colectivos da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador), da APP051-CU-1518 ata a APP082-CU-1518, que supoñen un terzo das accións recollidas na programación plurianual, vencéllanse aos ámbitos estratéxicos de “Xestión institucional” e “Persoas”, con atención a distintas liñas estratéxicas como a “Procura da excelencia na docencia”, “Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal” ou “O estudantado: valor presente e futuro”.


Para facilitar o resumo da información e debido ao elevado número de accións, presentaranse as figuras de resumo de execución para cada subapartado: O estudantado; o persoal de administración e servizos e as súas condicións laborais; o persoal docente e investigador e as áreas de coñecemento; a estrutura coordinación e modernización de servizos á comunidade universitaria.




O estudantado. Ademais das actuacións sobre servizos dos que é o estudantado o principal beneficiario (coma, por exemplo, o servizo de residencias) e das que se dará conta nun apartado posterior, esta programación plurianual contempla catro accións directamente relacionadas coa atracción, orientación e fidelización do estudantado. Con respecto á

atracción de estudantes (APP078-CU-1518) a unidade creada para a atracción de estudantes quedou integrada no Centro de Benvida Internacional. No tocante á orientación, púxose en marca o programa de mentores (APP079-CU-1518), do que xa se celebraron dúas edicións e consolidáronse actuacións encamiñadas a impulsar a empregabilidade e o emprendemento dos graduados e graduadas (APP081-CU-1518 e accións de emprendemento, revisadas na sección anterior) e á mellora das oportunidades de internacionalización (APP076-CU-1518). Finalmente, con respecto á fidelización de egresados, a USC está a manter presenza activa nas redes sociais (APP082-CU-1518).

O persoal de administración e servizos e a súas condicións laborais. Aínda que na Programación Plurianual a mellora das condicións laborais (APP071-CU-1518), así como o axuste da relación de postos de traballo (APP070-CU-1518) e a maior profesionalización (APP073-CU-1518) dependen da resolución definitiva respecto á funcionarización



do persoal laboral, estas actuacións deberán acometerse con independencia de que se leve a cabo o proceso de funcionarización. En todo caso, os aforros que se xeren da posible funcionarización do persoal laboral destinaranse á mellora destas actuacións, que tamén dependerán da habilitación legal, que se espera sexa recoñecida na Lei de Orzamentos do Estado para 2018, respecto a procesos de consolidación de emprego temporal para este colectivo. Finalmente, o establecemento dun programa de internacionalización para o persoal de administración e servizos (APP066-CU-1518) contéplase no Plan Estratégico de Internacionalización, que recolle nas súas liñas estratéxicas 1 e 4, as accións orientadas ao fomento da internacionalización a través da captación e da mobilidade do persoal. Na súa acción 4.1 (potenciamento e optimización do valor dos programas de intercambio), a subacción 4.1.1 vai orientada ao fomento da mobilidade da comunidade universitaria. No caso do persoal de administración e servizos, cóntase con financiamento externo a través de Erasmus+ ou Stella.



O persoal docente e investigador e as áreas de coñecemento. As dúas primeiras accións dirixidas a este colectivo (elaboración dun cadro teórico de persoal docente e investigador, APP051-CU-1518 e recoñecemento efectivo das actividades desenvolvidas polo persoal docente e investigador, APP052-CU-1518), se ben se atopan en desenvolvemento, a súa

implantación depende de cambios normativos importantes (véxase descrición das accións no Anexo I para máis detalles), que tamén afectan á APP056-CU-1518, sobre a capacidade lectiva das áreas. Neste caso, a través das accións APP057-CU-1518 e APP058-CU-1518 realizouse unha revisión inicial das capacidades e do encargo, que levan aparelladas modificacións relevantes na programación académica anual.

Con respecto ás figuras de docencia (APP055-CU-1518) e aos procesos de selección e promoción (APP059-CU-1518, APP061-CU-1518), acometéronse algúns cambios en relación a habilitación da figura de profesor/a visitante e elaborouse unha planificación en materia de PDI para o período 2016-2020⁸.

Ademais, tamén se aprobaron as normativas que regulan as figuras honoríficas (APP053-CU-1518), o profesorado emérito (APP054-CU-1518) e as licenzas (APP060-CU-1518).

⁸ Planificación PDI 2016-2020:
http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/Planificacion_PDI_2014_2020.html

Estrutura, coordinación e modernización de servizos á comunidade universitaria. A mellora, coordinación e modernización dos servizos é o obxectivo das accións que se revisarán neste apartado. A reorganización dos servizos de apoio á actividade docente (APP063-CU-1518) levou consigo a modificación das unidades de xestión de centros



En execución/acción continua: APP062, APP063, APP067, APP068, APP072, APP080



En execución:
APP064, APP065, APP069, APP070



Adiadas: APP077

e departamentos incorporándose a estas a metodoloxía da Programación Administrativa Anual, operativa para o curso 2017-2018. A reorganización dos servizos de xestión académica (APP064-CU-1518) será executada no 2018 e a unificación dos servizos de xestión académica para estudantes nunha única unidade (APP077-CU-1518) foi adiada.

No que respecta ás residencias (APP080-CU-1518), seguiron a facerse inversións destinadas á renovación e mantemento das instalacións, con algunhas melloras importantes no equipamento das habitacións, así como na accesibilidade das mesmas.

Está pendente de executar a reforma do servizo bibliotecario e arquivístico (APP069-CU-1518), coa finalidade de mellorar o soporte que se pode ofrecer á comunidade investigadora, ao tempo que se aposta pola revalorización do fondo histórico e o obrigado soporte á actividade docente.

A coordinación da actividade entre os servizos, ben en materia de internacionalización (APP067-CU-1518, liña 1 do Plan Estratéxico de Internacionalización) ou en xeral (APP072-CU-1518) abordouse a través de distintos mecanismos en materia de xestión de calidade (tanto para datos como para procedementos), de administración electrónica, co recente establecemento do protocolo de información a cargos e coa participación conxunta nas iniciativas do Plan Estratéxico de Internacionalización e do plan de acción do selo HRS4R. Neste caso, no documento do plan de acción, pode verse cales son os servizos implicados en cada unha das actuacións a desenvolver, para o que é preciso un traballo colaborativo. Como exemplo, sirva tamén a colaboración entre os servizos de persoal e economía (APP068-CU-1518).

Finalmente, a consolidación o CeTA como referente para a innovación docente (APP062-CU-1518) é un traballo continuo que veu apoiado pola instalación da unidade de gravación, a convocatoria dos proxectos de innovación educativa (como xa se comentou nun epígrafe anterior), a actualización da oferta de cursos do Plan de Formación e Innovación Docente e a convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) como ferramenta de dinamización de grupos de innovación docente. Asemade, establecerase un plan de actuación, que parta do estudo de coordinación dos distintos servizos e recursos existentes na USC, que permita a adecuación ás novas necesidades.

Comunidade universitaria. Actualización das liñas xerais para o 2018.

En materia de PDI, continuarase durante o 2018 coa execución da planificación establecida para o período 2016-2020 (cuxa aplicación xa foi iniciada no 2016 e no 2017). Entre outras implicacións, será preciso adiantar a elaboración da planificación académica anual ao mes de novembro de 2017 (en concreto, os procesos de adscrición, tendo en conta tamén as novas titulacións a implantar) co obxecto de dispor da resolución da meirande parte das prazas planificadas antes do comezo do curso 2018-2019. Tamén se volverá a tramitar conxuntamente a Oferta de Emprego Público e os concursos de planificación en materia de PDI, se ben será preciso agardar á aprobación dos orzamentos da USC para a súa execución, e condicionada pola aprobación da lei de orzamentos do estado. Asemade, traballarase no establecemento dos criterios para a promoción de profesorado contratado doutor a titular de universidade. Co obxecto de avanzar na axilización dos procedementos de contratación, desenvolveranse procedementos no marco do II Plan de Administración Electrónica. Tamén é importante destacar as accións recollidas no plan de acción do selo HRS4R, no que se inclúen: a adopción do sistema OTM-R en contratación (*open, transparent and merit based recruitment*), dentro da liña de mellora dos procesos de selección e contratación. No marco destas accións ligadas á simplificación e axilización dos procesos de selección e contratación, tamén está prevista a elaboración durante o 2018 de cartas de servizos naquelas unidades implicadas.


En relación ao Persoal Docente e Investigador, atenderase ás tres liñas de actuacións fundamentais: consolidación, promoción e atención ás necesidades docentes. En todo caso establecerase unha planificación orzamentaria para que no total do período 2016-2018 se destine, polo menos, o mesmo orzamento para a promoción do PDI acreditado a corpos de funcionarios que para estabilización. En relación cos procesos de promoción para o profesorado acreditado a cátedra, realizaranse as xestións necesarias perante a Xunta de Galicia instando á modificación ou busca de mecanismos alternativos á obriga actual de orzamentar a totalidade da praza a promocionar, en lugar do valor da diferenza coa praza de titular que (previsiblemente) se amortice.

Con respecto ao persoal de administración e servizos, a posible non consolidación do proceso de funcionarización obrigará a abrir vías alternativas para a actualización das liñas xerais. En todo caso, os aforros xerados por un posible proceso de funcionarización serán destinados a estas actuacións.

Sobre os servizos á comunidade universitaria, dende o CeTA impulsárase a elaboración de recursos audiovisuais para a docencia e a investigación, ampliando o uso da unidade de gravación cara outras instancias, en especial a Escola de Doutoramento Internacional e o Centro de Estudos Propios.

Servizos xerais

As actuacións sobre os servizos xerais da universidade englobáanse no último bloque da programación plurianual, dende a APP083-SX-1518 ata a APP108-SX-1518. Ditas accións están principalmente imbricadas nos ámbitos estratéxicos de “Xestión institucional”, “Actividade universitaria” e “Relación co contorno”, con incidencia directa en diversas liñas como a “Xestión simple, eficaz e transparente” dos recursos, a “Transferencia efectiva do coñecemento” ou “O compromiso e a implicación coa sociedade”.



A mellora a través das TIC. As accións revisadas nesta parte posúen todas o nexo común das tecnoloxías da información e das comunicacións. Por unha banda, atópanse as accións encamiñadas á simplificación e modernización da xestión a través da administración electrónica (APP084-SX-1518), coa vixencia do II Plan de Administración

Electrónica 2016-2019 no que se establece un calendario de actuacións nos diferentes servizos. Esta modernización leva aparellada unha simplificación dos procedementos, que se coordina dende a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (APP097-SX-1518), e para a que tamén se precisa da mellora na xestión de datos e estatísticas (APP085-SX-1518, APP098-SX-1518). Como exemplo, cabe citar a mellora na xestión e aproveitamento dos datos remitidos ao Sistema Integrado de Información Universitaria.

Un axente fundamental en todas estas accións é a área TIC (ATIC), e tamén se inclúen nesta programación plurianual accións concretas que afectan directamente a este servizo. Primeiramente, estase a traballar na reorganización da estrutura da área (APP094-SX-1518), dado que a actual non responde ás necesidades da Universidade posto que se require dunha distinción entre os proxectos a desenvolver a medio e longo prazo e a atención diaria de operacións e mantemento de aplicacións.

Dende ATIC, en colaboración coa Comisionada para a Gobernanza das TIC, estase a traballar no deseño dunha nova estrutura máis adaptada á realidade da USC, tendo en conta as premisas sinaladas, o que levará consigo unha optimización das tarefas a realizar, mellorando os tempos de resposta e a atención a usuarios. Coa creación da comisión para a gobernanza das TIC, cuxa constitución se producirá antes de finais de 2017, establecerase unha dinámica de traballo marcada polos grupos que dela xurdan e dende onde se priorizarán as necesidades de ferramentas básicas (APP095-SX-1518). Tamén se traballará no seo desta comisión na elaboración do novo catálogo de servizos (APP096-SX-1518)


Comunicación e divulgación. A coordinación de actividades de comunicación, fundamentalmente a través do Gabinete de Comunicación, a Oficina de Información Universitaria e a Oficina Web, estase a realizar de xeito efectivo, se ben non foi creada a área de comunicación, tal e como se prevía na acción APP099-SX-1518. Ademais, antes da finalización de 2017 porase operativa a nova web da USC (APP101-SX-1518), un proxecto que sufriu un retraso considerable (véxase descrición da acción no Anexo I), pero para o que xa se ten a migración da web realizada e aloxada nun servidor de probas e neste momento estase a proceder a revisar a información cos centros e servizos.




En materia de comunicación e divulgación, prevíase a creación da Unidade de Divulgación Científica (APP100-SX-1518), que pasou a estar incluída dentro do plan de acción do selo HRS4R (acción 18)., coa implicación da Xerencia, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, a Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social e a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación. Estanse a valorar as posibilidades de creación específica de “unidade” ou do establecemento dun grupo de traballo estable que garanta unha correcta difusión do coñecemento á sociedade.

Compromiso e relación coa sociedade.


Séguese a traballar de xeito continuo nas accións orientadas á normalización do uso do galego na Universidade (APP102-SX-1518), a igualdade entre mulleres e homes (APP105-SX-1518, cun avance importante nos obxectivos do II Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes) e o desenvolvemento sostible (APP106-SX-1518). O mantemento dunha oferta cultural e deportiva (APP103-SX-1518), non só exclusiva para a comunidade universitaria, apoia o compromiso da Universidade coa sociedade. Co obxecto de fortalecer estes vínculos, trabállase nas iniciativas de mecenado e apadriñamento (APP107-SX-1518, APP092, SX-1518).





Outras accións. Téñense levado a cabo outras actuacións específicas en materia contable (APP083-SX-1518) e xurídica. Neste caso, cómpre destacar o reforzo paulatino da especialización en Asesoría Xurídica (APP093-SX-1518) e a elaboración dun plan de execución para o desenvolvemento dos Estatutos (APP108-SX-1518) que rexe a dinámica da Comisión de Desenvolvemento Estatutario.

Outros servizos. Na Escola Infantil Breogán (APP104-SX-1518), que vén de adecuar a súa oferta de prazas ás demandas do colectivo beneficiario, téñense realizado investimentos de mantemento e adecuación a novas normativas.



O programa Universidade Viva a través do cal se organizan as visitas guiadas ao patrimonio da Universidade (APP090-SX-1518) ten unha notable acollida, que se vén de reforzar a través da difusión á comunidade universitaria, que pode desfrutar deste servizo de xeito gratuíto (véxase descrición da acción no Anexo I).

Continuouse a traballar nas accións encamiñadas a potenciar o turismo académico de verán (APP090-SX-1518) e a racionalización e xestión de espazos (APP086-SX-1518, APP087-SX-1518). A acción relativa ao aproveitamento da imprenta universitaria e a segunda fase da acción de racionalización dos servizos de restauración (APP091-SX-1518, APP088-SX-1518) foron adiadas.

Servizos xerais. Actualización das liñas xerais para o 2018.

A mellora a través das TIC. En relación á mellora das TIC, e como se pon de manifesto na revisión das accións correspondentes, é preciso acometer unha reforma da estrutura da área e da relación de postos de traballo, que permita o establecemento de unidades operativas que atendan os proxectos a desenvolver no medio e longo prazo e a atención diaria e operacións de mantemento. Con este obxectivo, será preciso que o financiamento se axuste non só á necesidade de renovación de infraestruturas, se non tamén á prestación de servizos por parte de ATIC. Finalmente, é importante recuperar o papel do colectivo de usuarios nos procesos de toma de decisións, que se consolidará a través da súa participación na Comisión de Gobernanza das TIC a través dos grupos de traballo.

Comunicación e divulgación. A presenza da USC en redes sociais debe potenciarse a través de redes profesionais como LinkedIn, o que tamén nos permitirá manter contacto cos egresados e egresadas. Durante o 2018 traballárase no deseño dunha estratexia de

comunicación efectiva para esta rede en concreto. Asemade, e dado que son varios os centros da USC que posúen perfís propios en redes sociais, e tendo en conta a demanda de directrices, organizaranse xornadas formativas para unificar a presenza da USC nestas plataformas. Outra liña na que se traballará e a implementación dunha aplicación móbil dirixida á comunidade universitaria.

Durante o 2018 tamén se realizarán as obras para o Museo Domus de Mitreo, no Campus de Lugo.

Anexo I. Actualización da programación plurianual

Preséntanse a continuación os resumos de execución de cada unha das accións que conforman a programación plurianual para o período 2015-2018, seguindo o esquema da revisión presentada no ano 2016, e aprobada polo Consello Social o 22 de decembro dese ano. Como novidade, inclúese unha codificación das accións, identificadas como APPXXX-YY-ZZZZ. APP: acción da programación plurianual. XXX: numeración, tres díxitos, que identifica a acción, segundo a numeración inicial (de 001 a 108). YY: siglas que identifican o bloque ao que pertence a acción segundo a Táboa 1. ZZZZ: período da programación plurianual, neste caso, 1518 (de 2015 a 2018).

Bloques da planificación plurianual		Nº acción (total accións)
EI	Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral	1-7 (7)
II	Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación	8-13 (6)
AE	Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos	14-33 (20)
PI	Plans de investigación	34-50 (17)
CU	Comunidade universitaria	51-82 (32)
SX	Servizos xerais	83-108 (26)

Táboa 2. Estrutura da Programación Plurianual 2015-2018 e acción relacionadas.

Nas fichas correspondentes aos informes de cada acción figuran apartados onde se indican o estado da acción, a data de comprobación e a data prevista de finalización. No caso do estado, este campo toma os valores:

- Adiada, se a acción foi posposta.
- En execución, se está a ser executada ou se é unha acción continua (indícase esta particularidade).
- Rematada.

A data de comprobación de cada acción corresponde ao 16/10/2017, data de reunión do Equipo de Goberno. No caso de que algunha acción sexa modificada ou corrixiada na súa presentación ao Claustro, tamén se engadirá esta información. En canto á data de finalización, se xa está rematada ou hai unha data prevista, inclúese dita data. Se está adiada, indícase isto. Se é unha acción continua, inclúese a data de finalización do período da programación plurianual (31/12/2018).

Planificación para edificios e instalacións de carácter xeral

Código	APP001-EI-1518
Acción	Concentración de servizos administrativos hoxe situados na Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega na Casa da Balconada e no Pavillón Estudantil
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	A USC ten varios servizos destinados aos estudantes dispersos por toda a cidade de Compostela. Esta acción pretende concentrar todo o relacionado co estudantado no Pavillón Estudantil do Campus Vida e destinar a Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega a usos docentes ligados ás humanidades e ás ciencias sociais enmarcados no futuro Campus da Cidadanía.
Programación inicial	Iniciar o traslado de servizos no ano 2015 e completar as reformas necesarias na Casa Elisa e Jimena no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/04/2017
Informe da actividade	A partir da aprobación da creación do Centro de Benvida, redefiniuse o proxecto para que o Servizo de Relacións Exteriores se instale a espazos situados no Colexio Fonseca e no Colexio San Xerome. Na actualidade a obra acaba de iniciarse cunha duración estimada de 6 meses. Esta acción esta relacionada coa acción 4. A Casa da Balconada acollerá a Área de Cultura no ano 2017 e nas instalacións da Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega seguirán operando os servizos actuais da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social ata o ano 2018. A partir do ano 2017 o edificio acollerá as actividades do Campus da Cidadanía e atenderá ás necesidades definidas no Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia.

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	A realización da actuación nos Colexios de Fonseca e San Xerome está concluída. A vinculación da Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega para usos docentes está pendente de completar en función das condicións resultantes do Plan Director da Facultade de Xeografía e Historia, en curso de elaboración mediante a cooperación co Consorcio da Cidade de Santiago, e das decisións finais que se adopten na reubicación

dos servizos ao estudiantado entre o Pavillón de Servizos do Campus Vida e aqueles asociados ao se emprazamento no edificio coñecido como Vivendas de Catedráticos.

Evidencias asociadas

- (2016) Publicación da adxudicación da obra no perfil do contratante, con data 14/07/2016, dispoñible en <http://www.contratosdegalicia.es/licitacion?N=26494>
- (2016) Inclusión dunha partida orzamentaria específica para o traslado e creación do Centro de Benvida nos orzamentos do ano 2016

Código	APP002-EI-1518
Acción	Traslado do Servizo de Vixilancia da Saúde ao edificio coñecido como "Vivendas de catedráticos"
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
O obxectivo principal desta acción é liberar o espazo necesario no Pavillón estudantil do Campus Vida de Compostela para actividades destinadas ao estudantado.	
Programación inicial	Realizar o traslado no ano 2015

Data de comprobación	30/09/2016
Estado	Adiada
Data de finalización	Propónse adiar este proxecto ata que se dean condicións de financiamento que permitan acometela
Informe da actividade	
<p>Esta actuación considérase aconsellable, e en 2015 realizouse o anteproxecto para dispoñer dunha estimación do custe da operación. Dada a necesidade de derivar recursos de investimento para actuacións urxentes, especialmente a consolidación estrutural do edificio de Aulas da Facultade de Farmacia, non houbo capacidade orzamentaria para acometer o proxecto. As circunstancias do financiamento previsible en 2017 e 2018 tamén fan inviable tal proxecto neses anos, agás que existisen recursos adicionais ou extraordinarios que o permitisen. O Servizo de Vixilancia da Saúde deberá ser trasladado á planta baixa da Casa dos Catedráticos unha vez que finalice o proceso de reestruturación do Centro de Posgrao e haxa disposición orzamentaria suficiente. O CEP podería ser situado nas plantas superiores do mesmo edificio no que está actualmente.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Adiada
Data de finalización	Adiada
Informe da actividade	
<p>Segue a manterse a situación descrita na actualización da programación plurianual de 2017, sendo necesario obter capacidade de financiamento para poder acometer as obras requiridas. Propónse a incorporación desta acción á programación plurianual para o período 2019-2022.</p>	

Evidencias asociadas
Sen evidencias posto que a acción foi adiada.

Código	APP003-EI-1518
Acción	Liberar a área ocupada pola Imprenta no Pavillón de Servizos para dedicalo a servizos de investigación e ampliación da área TIC (ATIC)
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Liberar as plantas primeira e segunda ocupadas pola Imprenta no Pavillón de Servizos para dedicalo a investigación e ampliación da área TIC; mantendo o soto do edificio para a actividade da Imprenta.	
Programación inicial	Acometer as obras de reforma no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Adiada ata 2017
Data de finalización	30/09/2018
Informe da actividade	
No ano 2015, con motivo da reforma do pavillón de servizos para a coller a Unidade Mixta Repsol-ITMATI, fíxose unha ampliación do espazo para o uso da Área TIC. Esta reforma non prevista inicialmente, permitiu adiar a reforma prevista nesta acción programada.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Mantense a previsión indicada na actualización da programación de 2017, debendo incluírse esta intervención ben no orzamento de 2018, de existir capacidade de financiamento, ou aconsellado a súa inclusión na programación plurianual 2019-2022. Relacionada con esta acción, nos vindeiros meses producirase o traslado do CPD de respaldo ás dependencias da Vicerreitoría de Investigación e Innovación no CIBUS.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Realización da obra de adecuación de espazos para acoller a unidade mixta Repsol-ITMATI no ano 2015. - (2016) Cambio de situación da Oficina Web desde o Pavillón de Servizos á Casa da Balconada. - (2017) Proxecto para o traslado do CPD de respaldo ao CIBUS. 	

Código	APP004-EI-1518
Acción	Adaptar os Colexios de Fonseca e de San Xerome para posibilitar visitas turísticas e instalar un Welcome Center para estudantes e investigadores estranxeiros.
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Liberar as plantas primeira e segunda ocupadas pola Imprenta no Pavillón de Servizos para dedicalo a investigación e ampliación da área TIC; mantendo o soto do edificio para a actividade da Imprenta.	
Programación inicial	Rematar as obras de acondicionamento no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/04/2017
Informe da actividade	
<p>A Vicerreitoría de Internacionalización realizou a planificación necesaria para a creación do Centro de Benvida Internacional (ou <i>International Welcome Center</i> na súa denominación en inglés), nome oficial do que inicialmente se denominou <i>Welcome Center</i>. Na actualidade, a mesa de contratación xa adxudicou a obra que engloba reformas nos Colexios de Fonseca e San Xerome. O inicio previsto das obras era o mes de xullo, pero un retraso na autorización municipal obrigou a adiar o inicio das obras ata o cuarto trimestre do ano 2016.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Rematada
Data de finalización	30/04/2017
Informe da actividade	
<p>O Centro de Benvida Internacional arrancou a súa actividade o pasado mes de marzo e abriuse ao público no mes de agosto, coincidindo coa chegada dos estudantes estranxeiros do presente curso 2017/2018. O centro conta con dúas persoas e na actualidade estase a rematar o proceso selectivo convocado no mes de xullo para cubrir dous novos postos. A súa creación e posta en funcionamento constitúe a acción 1.2 do PEI.</p>	

Evidencias asociadas (2016)	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Aprobación da Mesa de Contratación da mellor oferta de execución, con data 14/07/2016, dispoñible en http://www.contratosdegalicia.es/licitacion?N=26494 - (2017) O Centro de Benvida Internacional, situado no Colexio de Fonseca, é de acceso público. - (2017) Convocatoria de concurso público para un contrato no CBI (publicada o 5 de abril de 2017) e incorporación da traballadora (contrato asinado o 13 de xuño) 	

- (2017) Convocatoria de concurso público para dous contratos no CBI (publicada o 19 de xullo de 2017)

Código	APP005-EI-1518
Acción	Planificación e mellora das instalacións deportivas en Santiago de Compostela.
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
As instalacións deportivas da USC en Compostela, situadas no Campus Vida precisan de reformas urxentes, tanto no mantemento como na planificación de espazos. O obxectivo é establecer unha planificación que permita unha mellora constante destas instalacións.	
Programación inicial	Facer un investimento anual que permita ter as instalacións nunhas condicións adecuadas.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A partir dunha planificación anual, establecéronse pautas de investimento constante para o período. No ano 2015 fíxose un investimento de 18.250,28 euros e no 2016 orzamentouse para equipamento un total de 20.000 euros. Neste período, acometeuse o arranxo das pistas de tenis e cerramento do mesmo, elaborouse o anteproxecto para renovar a cuberta do polideportivo e se fixeron obras de mellora no Estadio de Atletismo (reparacións da pista exterior de baloncesto, conservación das instalacións...).	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
No ano 2017 realizouse unha inversión por valor de 20.000 euros en mantemento das instalacións deportivas. Ademais, asinouuse un convenio coa Deputación de A Coruña, Concello de Santiago e Federación Galega de Fútbol por importe de 600.000 euros para a mellora do campo de fútbol, cuxas obras xa foron iniciadas e rematarán en decembro de 2017.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2015, 2016, 2017) Inclusión e mellora constante das partidas orzamentarias destinadas a equipamento deportivo dentro dos orzamentos de 2015, 2016 e 2017 - (2017) Proxecto de obra e licitación do concurso para a intervención no campo de fútbol. 	

Código	APP006-EI-1518
Acción	Construción de novas infraestruturas deportivas no Campus de Lugo
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
O Campus de Lugo adoece dunha infraestrutura deportiva acorde coas necesidades da comunidade universitaria. Contéplase a creación de novas instalacións e acondicionamento de espazos existentes.	
Programación inicial	Creación do proxecto no ano 2015 e remate das accións no ano 2017

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
Iniciouse o proceso de negociación co Concello de Lugo e Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de cumprir esta acción da Programación Plurianual no ano 2017. As liñas de actuación desta negociación céntranse na remodelación e cesión dun Campo de Fútbol en San Fiz en colaboración co concello e coa construción dun polideportivo no Campus en colaboración coa Deputación de Lugo.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Continúase o proceso de negociación con Concello de Lugo e Deputación, así como con outros axentes sociais da cidade, se ben a remodelación e cesión do Campo de Fútbol de San Fiz retrásase a 2018 por non conseguir o financiamento externo necesario para a obra no 2017. O proxecto de construción do polideportivo segue en estudo para o ano 2018.	

Evidencias asociadas

Código	APP007-EI-1518
Acción	Localización compartida das actividades da Escola de Doutoramento e do Centro de Estudos Avanzados
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Trátase de que exista unha sede física na que, ademais da xestión administrativa, se poidan desenvolver actividades transversais de doutoramento que sirvan para a dinamización dos programas, e as que ven organizando o actual Centro de Estudos Avanzados, de xeito que desde un mesmo espazo físico ditas actividades teñan maior proxección tanto no interior da USC como cara ao exterior da mesma. Dita sede debería estar, na medida do posible, nalgún lugar céntrico de Santiago de Compostela e en espazos cos que xa conte a USC, e debería incluír salas de seminario e salón de conferencias, xunto con dependencias para tarefas administrativas e de xestión.</p>	
Programación inicial	A nova sede estará operativa no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/07/2017
Informe da actividade	
<p>O Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016 acordou a modificación da estrutura de goberno e de xestión dos estudos de doutoramento e do Centro de Estudos Avanzados, e creación do Centro de Estudos Propios na Universidade de Santiago de Compostela. Nese documento, indícase que a sede de todos estes servizos, agás o Centro de Estudos Propios, será o actual complexo Centro de Estudos Avanzados-Casa Europa, situado na Finca Vista Alegre.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/03/2018
Informe da actividade	
<p>Mediante acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016 e do pleno do Consello Social de 10 de outubro de 2016, creáronse o CIEDUS (Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC) e o CEP (Centro de Estudos Propios). Coa creación do CIEDUS aprobouse a proposta de creación de catro Escolas de Doutoramento Internacional (EDI en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas; EDI Campus Terra; EDI en Ciencias da Saúde; e EDI en Ciencias e Tecnoloxía). A proposta foi remitida á Xunta de Galicia; o pleno do Consello Galego de Universidades informou favorablemente a súa creación no pleno do 13 de xuño de 2017. O Consello da Xunta de Galicia aprobou a súa creación na súa reunión do 21 de setembro de 2017 (decreto do 21 de setembro de 2017, publicado no DOGA do 3 de outubro de 2017).</p> <p>O traslado efectivo do CIEDUS (que da apoio de xestión ás Escolas de Doutoramento e unifica a actividade do actual CEA) ao complexo Centro de Estudos Avanzados-Casa de</p>	

Europa, situado na Finca Vista Alegre, realizarase no primeiro trimestre de 2018, tras a liberación de espazos no citado edificio ocupados hoxe pola división informática (SIE) de Unixest. A Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra localizarase no segundo andar do edificio CACTUS do Campus Terra. As obras xa están en marcha e estarán rematadas neste ano 2017.

Evidencias asociadas

- (2016) Acordo do Consello de Goberno para a modificación da estrutura de goberno e xestión dos estudos de doutoramento e do Centro de Estudos Avanzados, en sesión celebrada o 29 de xullo de 2016. Pleno do Consello Social de 210 de outubro de 2016.
- (2017) Informe favorable do Consello Galego de Universidades para a creación das escolas, no pleno do 13 de xuño de 2017.
- (2017) Aprobación polo Consello da Xunta de Galicia da creación das escolas na súa reunión do 21 de setembro de 2017 (decreto do 21 de setembro de 2017, publicado no DOGA do 3 de outubro de 2017).

Investimentos en infraestrutura de docencia e de investigación

Código	APP008-II-1518
Acción	Traslado dos servizos situados no edificio de Odontoloxía ao edificio actual da Facultade de Medicina e Odontoloxía
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>O actual edificio de Odontoloxía é propiedade do Concello de Santiago de Compostela, quen xa reclamou o seu uso. O obxectivo é trasladar todos os servizos alí existentes ao edificio da rúa San Francisco, actual sede principal da Facultade de Medicina e Odontoloxía, elaborando o proxecto en canto se dispoña dun compromiso firme de emprazamento da nova Facultade, e acometendo as obras de acondicionamento do edificio ao novo uso en canto as dispoñibilidades de espazo e de recursos económicos polo traslado de Medicina ao novo edificio o permitan. Todas as actuacións e os prazos serán negociadas previamente coa Facultade.</p>	
Programación inicial	<p>2015-2016. Elaboración do proxecto integral de acondicionamento do edificio ao novo uso.</p> <p>2016-2017: Inicio das obras e cando rematen iniciarase o traslado de Medicina ao novo edificio no entorno do Hospital (sempre que se dispoña dun compromiso firme de asentamento da nova Facultade de Medicina no entorno do CHUS, de dispoñibilidades de espazo no actual edificio e dos recursos económicos necesarios). En ningún caso afectará negativamente ás actividades de docencia, investigación e servizos na actualidade prestados</p>

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Data que se indicará durante o proceso de concurso para a execución da obra.
Informe da actividade	
<p>As novas circunstancias do proxecto do Complexo de Ciencias da Saúde e o diálogo coas autoridades autonómicas e municipais permiten considerar unha modificación nas previsións iniciais dun dobre traslado, entre a actual facultade de Medicina ao novo emprazamento nas actuais instalacións do Hospital Gil Casares e entre a actual sede do grao de Odontoloxía e o Edificio de San Francisco. Polo tanto, está considerándose unha nova planificación que inclúe o traslado completo do existente agora mesmo no edificio de San Francisco, de Odontoloxía e de Enfermería ás novas instalacións do Complexo Dotacional de Edificios de Ciencias da Saúde. Na actualidade, xa estase en fase de resolución do concurso de anteprojecto e xa hai unha dotación firme nos orzamentos da Xunta de Galicia para o inicio do proxecto da nova facultade. Na actualidade existe un protocolo asinado co Concello para o desaloxo do edificio de Odontoloxía. Sen embargo, o novo escenario definido polo proxecto do Complexo docente de Ciencias da Saúde recomenda facer unha proposta de actualización deste</p>	

protocolo para poder axustar o calendario de desaloxo de Odontoloxía co do traslado ao novo Complexo docente de Ciencias da Saúde.

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	Data que se indicará durante o proceso de concurso para a execución da obra.

Informe da actividade

Durante o 2017 negociouse un convenio co Concello de Santiago para modificar a previsión de entrega do edificio de Odontoloxía, establecendo unha estratexia de liberación parcial de zonas non indispensables para o desenvolvemento da docencia agardando á entrega definitiva ao momento do traslado total dos servizos da Facultade de Medicina e Odontoloxía ao novo edificio a construír na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Ese convenio aínda non foi aprobado polo Concello, polo que haberá que proseguir a negociación a este respecto, contando coas direccións dos centros implicados.

Evidencias asociadas

- (2016) Publicación do concurso 016/CSEA1/000009 - Selección dun anteproxecto para o Complexo Dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en DOG do 23 de maio de 2016

Código	APP009-II-1518
Acción	Programar e xestionar as accións urbanísticas e patrimoniais necesarias para levar adiante o novo proxecto de Facultade de Medicina no contorno do CHUS
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Na actualidade a Facultade de Medicina ocupa tres espazos dispersos por toda a cidade de Santiago (Aulario Novoa Santos, CIMUS e sede principal en San Francisco). Precísase unha reordenación de toda a Facultade polo que se require a construción dun edificio no entorno do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.	
Programación inicial	Inicio do proxecto no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Data que se indicará durante o proceso de concurso para a execución da obra.
Informe da actividade	
O día 23 de maio de 2016 publicouse o proceso de selección dun anteprojecto para o Complexo Dotacional de Edificios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC) (2016/CSEA1/000009), por un importe total de 423.723 euros. Con este proceso iniciouse o procedemento de programación da construción do novo complexo docente. Tamén se realizaron as xestións urbanísticas precisas para garantir a viabilidade legal para a construción do novo complexo nas actuais instalacións do Hospital Gil Casares e a renuncia á parcela reservada no PXOU do Concello de Santiago na rúa Ignacio de Loyola.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Resolveuse o concurso de anteprojectos e contratouse ao equipo gañador a redacción do proxecto básico, que deberá ser entregado nos primeiros días de xaneiro de 2018. Nese ano deberá contratarse a redacción do proxecto executivo e pechar definitivamente os acordos coa Xunta de Galicia, xa esbozados no protocolo de colaboración aprobado en Outubro de 2016, para acometer a execución das obras.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Publicación do concurso 016/CSEA1/000009 - Selección dun anteprojecto para o Complexo Dotacional de Edificios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en DOG do 23 de maio de 2016 	

- (2016) Sinatura do convenio coa Xunta de Galicia co obxecto de establecer a colaboración para a construción dun Complexo Dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC), o 12 de abril de 2016

Código	APP010-II-1518
Acción	Programar e xestionar as accións urbanísticas e patrimoniais necesarias para levar adiante un proxecto de edificio integrado de Facultade de Ciencias da Educación no Campus Vida
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Na actualidade a Facultade de Ciencias da Educación atópase dividida en dous espazos situados nos campus Norte e Vida da USC téndose xa realizado un proxecto arquitectónico no ano 2007 que unificaba as dúas sedes e os seus servizos no Campus Vida, e que hoxe non resulta posible financiar. En todo caso, ambos os dous edificios actualmente existentes presentan necesidades de adecuación á oferta docente e á actividade investigadora do centro e adoecen de serios problemas de habitabilidade polo que se require a construción dun proxecto arquitectónico integrado que responda as súas necesidades e garanta unhas condicións dignas de traballo e estudo ao seu alumnado, profesorado e PAS.</p>	
Programación inicial	Análise das alternativas a partir do ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Adiada
Data de finalización	Adiada
Informe da actividade	
<p>Conforme ao previsto na programación plurianual, no ano 2017 crearase un plan para xestionar as accións urbanísticas necesarias para a creación dun proxecto de edificio integrado de Ciencias da Educación no Campus Vida.</p>	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	Adiada
Data de finalización	En execución
Informe da actividade	
<p>As implicacións urbanísticas das alternativas para obter financiamento para esta actuación dependen de variables ligadas á revisión do PXOUM e do Plan Especial da Cidade Histórica, polo que non resulta viable abordalas de forma independente a eses instrumentos de planificación municipal.</p> <p>Con todo, durante o 2018 revisarase o proxecto arquitectónico e retomaranse os contactos co concello que permitan executar a acción urbanística do edificio de Xoán XXIII.</p>	

Evidencias asociadas

Código	APP011-II-1518
Acción	Programar, e no seu caso xestionar, as accións necesarias para garantir a docencia nunha única localización da Facultade de Enfermería
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>O obxectivo é programar as alternativas de infraestruturas que permitan dispoñer nunha única localización dos servizos que ten actualmente a Facultade de Enfermería nos edificios de Xoán XXIII e do Pavillón Docente Novoa Santos. Na actualidade a Facultade de Enfermería atópase dividida en dous espazos situados no Campus Norte (Facultade de Enfermería, no edificio de Xoán XXIII) e no Campus Vida (Pavillón Docente Novoa Santos) nos que se realiza a actividade docente e de xestión. Independentemente, a actividade investigadora realizada polo seu profesorado e o alumnado de Máster e Terceiro Ciclo faise en distintos centros dispersos no Campus Vida e Campus Norte. Ambos os dous edificios presentan necesidades de adecuación á oferta docente e á actividade investigadora do centro e adoecen de serios problemas de habitabilidade polo que se require dispoñer dun edificio integrado que garanta unhas condicións dignas de traballo e estudo ao seu alumnado, profesorado e PAS.</p>	
Programación inicial	Análise das alternativas a partir do ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Data que se indicará durante o proceso de concurso para a execución da obra.
Informe da actividade	
<p>Na convocatoria do proceso de selección dun anteproxecto para o Complexo Dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC) (2016/CSEA1/000009), publicada o día 23 de maio de 2016, xa se inclúe a necesidade de incorporar as necesidades da actual Facultade de Enfermería. Deste xeito, estableceuse un modelo que permite trasladar a actual Facultade de Enfermería para un novo complexo docente, capaz de asumir todas as necesidades que na actualidade están resoltas dun xeito disperso por varias instalacións da cidade. Esta solución permite cumprir o obxectivo marcado na Programación Plurianual.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	(Véxase APP008)
Informe da actividade	
<p>Como se sinalou no informe de actividade da actualización da programación en 2017, esta actuación está incorporada ao proxecto do Complexo Dotacional de Edifícios de</p>	

Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela, polo que o seguimento da mesma está contida no indicado respecto da citada acción.

Evidencias asociadas

- (2016) Publicación do concurso 016/CSEA1/000009 - Selección dun anteproxecto para o Complexo Dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en DOG do 23 de maio de 2016
- (2016) Sinatura do convenio coa Xunta de Galicia co obxecto de establecer a colaboración para a construción dun Complexo Dotacional de Edifícios de Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela (USC), o 12 de abril de 2016

Código	APP012-II-1518
Acción	Obras xerais de acondicionamento, equipamento e mellora en centros docentes e de investigación
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Son varias as obras de mellora de centros docentes e investigadores tanto no Campus de Compostela como no de Lugo. Son prioritarias a reparación de edificios, o acondicionamento e equipamento de novas instalacións xa existentes, así como medidas destinadas ao aforro enerxético de edificios. Mellorar as condicións de seguridade e saúde de lugares de traballo, instalacións, equipamentos e procesos. Dedicarase unha partida específica á implantación de medidas de control dos riscos valorados como significativos nas avaliacións de riscos, que se considerarán de atención prioritaria</p>	
Programación inicial	Anual

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No ano 2015 destináronse a obras de acondicionamento, equipamento e mellora en centros docentes e investigación un total de 1.932.500 euros e no orzamento do ano 2016 está estipulado un total de 2.271.141,82 euros. Compre salientar a modificación da planificación por mor das obras urxentes que deben acometerse na Facultade de Farmacia, unha vez detectados unha serie de problemas estruturais que obrigan a facer unha reforma complexa do edificio. En canto aos riscos laborais, no ano 2015 investíronse un total de 217.823,22 euros e no ano 2016 mantívose esta partida por un valor de 218.000 euros (8075.3008.22700). No Campus de Lugo, priorizouse a reparación de edificios, o acondicionamento e equipamento de novas instalacións xa existentes, así como medidas destinadas ao aforro enerxético de edificios. Melloráronse as condicións de seguridade e saúde de lugares de traballo, instalacións, equipamentos e procesos. Dedicarase unha partida específica á implantación de medidas de control dos riscos valorados como significativos nas avaliacións de riscos, que se considerarán de atención prioritaria</p> <p>Programación: anual. Iniciáronse actuacións de acondicionamento de instalacións de investigación na Facultade de Química para mellorar as condicións de seguridade. Tamén na Facultade de Física estanse a adecuar laboratorios e espazos de investigación para o desenvolvemento da Agrupación Estratéxica AEFIS e dos proxectos dos ERC-Starting Grant. En relación coa próxima apertura e posta en funcionamento, estanse levando actuacións que implican o equipamento con sistemas de control e seguridade así como a urbanización dos espazos exteriores ao edificio. O financiamento para estas actuacións procede dun Convenio de colaboración USC - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Para poder continuar coas reformas da Facultade de Química, elaborárase un Plan de Reforma incluíndo as novas accións a realizar e o cronograma das mesmas.</p>	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>En 2017 proseguíuse coa acción nesa materia, incorporando unha programación de investimentos no orzamento de 2017 e xestionando un suplemento de crédito no exercicio para ampliar a posibilidade de actuación neste ámbito. En concreto, cabe destacar os seguintes aspectos:</p> <p>Crédito destinado en 2017 para obras de acondicionamento, equipamento e mellora en centros docentes e de investigación: en 2017 o crédito destinado para obras de acondicionamento (RAM) é de 2.125.403,01 Euros; e o destinado a moblaxe e equipamento é de 1.620.795 Euros.</p> <p>Evolución das obras de Farmacia: está a rematar a primeira fase de consolidación estrutural da Facultade e está a programarse a segunda, consistente na reposición e mellora da funcionalidade do edificio, que se espera estea concluída no primeiro trimestre de 2019.</p> <p>Na Facultade de Química están en execución obras de renovación das cubertas e de acondicionamento de laboratorios para acoller investigadores desadscritos do CIQUS. En redacción atópase a obra de acondicionamento dos espazos anteriormente ocupados polo Museo de Historia Natural para laboratorios de prácticas. Química.</p> <p>En 2018 espérase poder acometer un plan de investimentos RAM por un importe de 3.100 mil Euros.</p> <p>No ano 2017 no Campus Terra procedeuse á reparación do aparcadoiro da Facultade de Formación do Profesorado, renovando o firme e mellorando o sistema de control de acceso e a seguridade da circulación interna.</p> <p>A través da Convocatoria competitiva do ano 2015 do Plan Nacional para o financiamento de Infraestruturas e Equipamento científico-técnico concedida pola resolución de 7 de decembro de 2016, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, financiáronse investimentos por valor de 5.375.008. A Axencia Estatal cofinancia o 80% , a través de FEDER, e a Consellería de Cultura, Educación e Universidades aporta o 20% restante (1.075.002). Este investimento aplícase nun 70% a equipamentos de Servizos Xerais (RIAITD e CEBEGA). O resto aplícase a equipamentos dos Centros Singulares, Institutos e Plataformas, conseguindo unha repercusión directa sobre un importante número de Grupos de Investigación. Por outra parte, o proxecto de Campus Terra continúa actuando na melloras das estruturas de investigación existentes con investimentos centrados na Mellora de equipamentos na RIAIDT (24.000 €); Centro de Emprendemento (160.000 €) e Mellora de fincas e granxas experimentais (130.000 €).</p>	

Evidencias asociadas

- (2016) Incremento da partira destinada a RAM no orzamento de 2016 a un total de 2.271.141,82 euros
- (2016) Publicación do concurso 408/16 - Reforzo da estrutura do Aulario da Facultade de Farmacia (Fase 1) con data 28 de xuño de 2016. Na actualidade está pendente de adxudicar.
- (2016) Convenio de colaboración USC - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Sistemas de control, monitorización de instalacións, seguridade, sinalética e comunicacións no CEBEGA (CG do 29 de xullo de 2016, convenios investigación).
- (2016) Resolución de 7 de decembro de 2016, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación.
- (2017) Convenio de colaboración USC - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a financiación de Accións de I+D.
- (2017) Concursos públicos de investimentos aprobados.

Código	APP013-II-1518
Acción	Programar as actualizacións das infraestruturas básicas dos sistemas de información e comunicación da universidade
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A infraestrutura de telefonía, rede e sistemas centrais de información e comunicación son infraestruturas básicas de docencia e investigación.	
Programación inicial	Plan de renovación continuo, con priorización anual.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No ano 2015 destináronse á renovación de infraestruturas básicas dos sistemas de información e comunicación un total de 339.000 euros. No orzamento do ano 2016 esta cantidade ampliouse a un total de 1.050.000 de euros destinados á renovación de equipamentos de infraestrutura básica, fundamentalmente na rede de datos e de seguridade, seguindo os informes elaborados pola Área TIC. No ano 2017 continuarase coa decisión de seguir facendo un investimento sostible para a actualización constante da infraestrutura TIC da USC.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante o ano 2017 executouse a renovación de equipos da rede por cable, que se adjudicará antes de finais de ano. Asemade, tamén se migraron os novos edificios á telefonía IP, o que permitirá aforrar custes fixos de mantemento. A maiores, procedeuse a executar unha acción inicial de renovación de equipamento informático para o PDI (cuxa instalación, antes de finais de 2017, irá acompañada da conexión ao dominio dos equipos), e tamén se ten mellorado o sistema de alimentación ininterrompida do centro de procesamento de datos para evitar problemas eléctricos. De xeito anual, tamén se procede á renovación de algúns dos servidores. No orzamento de 2017 mantívose un crédito dispoñible de 1.000.000 de Euros para esas accións de investimento, cunha proxección para o orzamento de 2018 doutros 790 mil Euros máis.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Incremento da dotación orzamentaria no ano 2016 destinada a esta acción da programación plurianual, acadando o 1.050.000 euros 	

- (2016) Formalización do contrato 2016/CSUN1/000009 Adquisición de sistemas de alimentación ininterrompida (SAIs) para racks de comunicación da USC no Campus de Lugo, con data 29 de xullo de 2016
- (2016) Formalización do contrato 2016/CSUA1/000006. Renovación do equipamento da rede sen fíos do Campus de Santiago de Compostela da USC, con data 12 de agosto de 2016.
- (2017) Convocatoria de renovación de equipamento informático para o PDI.
- (2017) Formalización do contrato 2017/CSUA1/000007 - Migración a telefonía IP en varios edificios da Universidade de Santiago de Compostela.

Actuacións sobre os centros, departamentos, institutos e estudos

Código	APP014-AE-1518
Acción	Modificar a estrutura departamental
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>A aprobación dos Estatutos da USC provoca unha necesaria adaptación das unidades departamentais, con especial atención ao tamaño mínimo dos departamentos. Sen embargo, ademais do estritamente necesario para cumprir a norma estatutaria, cómpre facer unha reorganización dos departamentos existentes e da súa relación cos centros. Propónse un estudo rigoroso de cada un dos departamentos, o seu número de profesores, as súas áreas de coñecemento e do encargo docente que está asumindo e a reorganización da estrutura departamental que se conclúa dese estudo.</p>	
Programación inicial	A reformulación e reorganización das unidades departamentais estará finalizada no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	31/12/2016
Informe da actividade	
Esta acción completouse no calendario previsto.	

Evidencias asociadas
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Aprobación dos Criterios Xerais para a Creación, Modificación e Supresión de Departamentos na sesión do Claustro do día 26 de xuño de 2015, que incluía un número mínimo recomendado de 20 profesores coa posibilidade de facer excepcións sempre e cando o número mínimo fose igual ou superior a 15, tal e como indica o artigo 48.2 dos Estatutos. - (2016) Aprobación da modificación departamental en Consello de Goberno do 1 de marzo de 2016. Neste acordo creouse un novo escenario con 50 departamentos, en lugar dos 76 existentes

Código	APP015-AE-1518
Acción	Análise conxunta da oferta de estudos actual e proposta de liñas de actuación ao respecto
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
Descrición	
No actual contexto resulta imprescindible que calquera actuación en materia de titulacións estea precedida dunha análise de conxunto da actual oferta de estudos, da súa adecuación ás necesidades da sociedade, da capacidade docente das áreas implicadas, etc.	
Programación inicial	A análise será realizada no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
<p>Elaborouse un mapa completo das titulacións que se impartían no curso 2015-2016, recollendo tanto os títulos oficiais de grao, máster e doutoramento e os títulos propios. No proceso de análise realizado, prestouse especial atención ás titulacións que non cumpran os requisitos mínimos de matrícula esixidos polo goberno autonómico e tamén se elaborou un mapa de titulacións que permita servir de base para a toma de decisións respecto á oferta académica e facer a correspondente análise de adecuación da oferta ás necesidades da sociedade. A análise completa finalizarase no mes de xullo do ano 2017.</p> <p>O mapa foi entregado aos membros da Comisión de Titulacións do Claustro (30 de xuño de 2016) e aos do Consello de Goberno (5 de xullo de 2016). A segunda fase deste proxecto iniciarase unha vez se coñezan as directrices que publique tanto o Ministerio de Educación coma a Xunta de Galicia.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Estase traballando xunto coa SXU e as outras universidades do SUG na definición dunha folla de ruta en canto a titulacións de grao e máster.</p> <p><u>Graos.</u> A planificación dos graos ata o curso 2020/2021 anunciarase en breve polas tres universidades e a consellería. En segundo lugar, dentro do acordo do SUG coa SXU, se abordarán as titulacións repetidas para explorar diferentes opcións coas universidades afectadas, se é procedente: diferentes especializacións, homoxeneización dos primeiros cursos, ...</p> <p><u>Mestrados.</u> Dado que o número de mestrados non vai crecer, unha vez recibidos os informes da SXU respecto ás novas peticións (outubro 2017) procederase a unha</p>	

reorganización dos mestrados actuais, para adaptalos á demanda. Neste marco, un conxunto de mestrados se solicitaron como excepcionais ao ser únicos de centro e/ou únicos no SUG como continuación de estudos e ser dunha calidade docente e investigadora excepcional. A continuación, traballarase nos mestrados para que, a finais de 2017, poidamos ter unha planificación da actualización da súa oferta.

Evidencias asociadas

- (2016) Presentación do mapa de titulacións na Comisión de Títulos do Claustro Universitario, en reunión celebrada o 30 de xuño de 2016
- (2016) Informe do mapa de titulacións ao Consello de Goberno, na súa sesión celebrada o 5 de xullo de 2016.

Código	APP016-AE-1518
Acción	Elaboración dun Plan Estratéxico de Internacionalización
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
A partir da planificación xa elaborada anteriormente, crearase unha comisión delegada que permita avaliar as necesidades da universidade no relacionado coa internacionalización da docencia e da investigación, coa mellora da reputación, coa mobilidade e coa participación en organismos de decisión de relevancia internacional.	
Programación inicial	Reaxuste do plan no ano 2015 para iniciar as accións no curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
Definiuse unha comisión redactora que inclúe PDI e estudantes de tódalas áreas de coñecemento así como representantes do PAS. Dita comisión recibiu o borrador do limiar e da análise DAFO como punto de partida, e no presente momento estanse a consolidar as súas achegas para proceder á definición das liñas estratéxicas e das accións prioritarias de internacionalización no marco temporal 2016-2020. Está prevista a posta en marcha das accións preparatorias no presente curso 2016-2017 coa finalidade de pór en marcha as accións máis urxentes no curso 2017-2018.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Rematada
Data de finalización	Data de aprobación polo Consello de Goberno
Informe da actividade	
Rematada a elaboración do borrador do Plan Estratéxico de Internacionalización, este documento púxose a disposición dos membros do Consello de Goberno na súa reunión do pasado 28 de xullo así como a exposición pública de toda a comunidade universitaria do 1 ao 21 de setembro, ambos incluídos. No momento de comprobación desta acción estase dando resposta ás alegacións recibidas e esperase a súa aprobación na próxima reunión ordinaria do Consello de Goberno, prevista para o 18/10/2017.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Comunicación da creación da comisión redactora ao consello de goberno nos informes da Vicerreitoría de Internacionalización o día 05/07/2016 e convocatoria da comisión redactora á reunión inicial o día 26/07/2016. Convocatoria da comisión redactora á reunión de seguimento o día 17/10/2016. - (2016) Inclusión dunha partida orzamentaria específica para a implementación e desenvolvemento do PEI nos orzamentos do ano 2017. 	

- (2017) Orde do día da reunión ordinaria do Consello de Goberno do día 28 de xullo de 2017 (punto 5.- Informe sobre o borrador de Plan Estratégico de Internacionalización)
- (2017) Correo electrónico remitido a través de USC-difusión o 1 de setembro de 2017 e recordatorio remitido polo mesmo canle o 21 de setembro de 2017.
- (2017) Orde do día da reunión ordinaria do Consello de Goberno do día 18 de outubro de 2017 .

Código	APP017-AE-1518
Acción	Impulsar titulacións dentro das liñas de especialización dos Campus de Excelencia
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Procura da excelencia na docencia
Descrición	
Un Campus de Excelencia debe estar acompañado dunha estratexia de creación de estudos das áreas de especialización correspondentes. No caso da USC o campus xa consolidado é o Campus Vida polo que cómpre impulsar títulos acordes coas estratexias de especialización do proxecto recoñecido a nivel internacional. Do mesmo xeito é necesario impulsar titulacións acordes ás estratexias dos futuros Campus Terra e Campus da Cidadanía.	
Programación inicial	Cada curso establecerase unha oferta acorde cos liñas xerais do Campus Vida, Campus Terra e Campus da Cidadanía

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
No período analizado iniciáronse os procesos para a creación de títulos enmarcados nos campus de excelencia, tanto de grao coma de Máster. A USC, mediante unha decisión adoptada polo Consello de Goberno a partir dunha proposta formulada polo equipo reitoral, establecerá, tras a pertinente análise, as iniciativas a adoptar no caso de que os títulos a implantar reciban unha resposta negativa dende a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Continuáronse os procesos para a implantación de títulos de grao e mestrado enmarcados nos campus de especialización: Campus da Cidadanía, Campus Terra e Campus Vida. Con respecto aos títulos de grao, someteranse a verificación por parte de ANECA (contando xa coa aprobación da Comunidade Autónoma) os seguintes títulos: <ul style="list-style-type: none"> - Grao en Biotecnoloxía - Grao en Criminoloxía - Grao en Paisaxe (titulación interuniversitaria coa Universidade da Coruña). Con respecto aos mestrados, os títulos que se remiten a verificación son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - M.U. en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados (EPSE-Campus Terra, coordinado con UVigo) 	

- M.U. en Metodoloxías Xenómicas e Xenéticas (Veterinaria-Campus Terra, coordinado con UVigo)
- M. U. en Optometría (Campus Vida)
- M. U. en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural (Campus Vida, SUG)

Tamén se participa nos seguintes títulos coordinados pola UDC:

- M. U. en Computación de Altas Prestacións (ETSE-Campus Vida)
- M. U. en Especialización, Investigación e Innovación en Ensinanza Infantil e Ensinanza Primaria (CCEducación-Campus da Cidadanía, SUG)

E neste título coordinado pola UVigo:

- M. U. en Economía (CCEconomicasEmpresariais-Campus da Cidadanía, SUG)

Evidencias asociadas

- (2016) Aprobación en Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 da declaracións de intencións para a implantación dos novos Graos en Biotecnoloxía e en Criminoloxía
- (2016) Aprobación en Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 das declaracións de intencións para a implantación no curso 2017-2018 dos novos títulos de Máster en Biodiversidade Terrestre: Caracterización e Conservación; Máster en Biotecnoloxía Industrial; Máster de Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias(transformación de título xa existente); Máster en Mediación; Máster en Química; Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións (transformación de título xa existente); e Máster en Xerencia e Administración Pública
- (2016) Aprobación en Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 das declaración de intencións para a implantación do novo programa de doutoramento Protección do Patrimonio Cultural.
- (2017) Aprobación en Consello de goberno do 18 de xullo de 2017 das memorias para a implantación de novos graos en biotecnoloxía e Criminoloxía, e do grao interuniversitario de Paisaxe coa Universidade da Coruña.
- (2017) Aprobación no Consello de goberno do 18 de xullo de 2017 das memorias para a implantación de novos mestrados: Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Ambiente, Biotecnoloxía Industrial, Computación de Altas Prestacións, Economía, Enerxías Renovables, Cambio Climático e Sustentabilidade Enerxética, Operacións e Enxeñaría en Sistemas Aéreos non Triplados, Psicoloxía Educativa, Desenvolvemento e Aprendizaxe, Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria, Optometría, Química para o Medio Ambiente e a Saúde, Xenómica e Xenética; e Xeoinformática.

Código	APP018-AE-1518
Acción	Establecer programas de simultaneidade de titulacións de grao e máster
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
Descrición	
A simultaneidade de estudos é xa factible na Universidade de Santiago. Sen embargo, cómpre establecer programas que faciliten a simultaneidade, prestando atención a aspectos coma os horarios, o recoñecemento de materias e a complementariedade de actividades comúns.	
Programación inicial	No curso 2015-2016 farase un proxecto piloto, para instalar a estratexia completa a partir do curso 2016-2017

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
No curso 2015-2016 iniciouse a oferta de dobres graos cun notable éxito de captación de talento. A experiencia ampliouse no curso 2016-2017	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Durante o curso 2016-2017 continuouse a elaboración de programas de simultaneidade segundo a experiencia dos anos anteriores. En concreto, elaboráronse e aprobáronse os programas de dobre grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil e Mestre ou Mestra de Educación Primaria, na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Santiago; e no dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría, tamén no Campus de Santiago. Ambos os dous programas de simultaneidade comezaron a impartirse neste curso 2017-2018.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Impartición no curso 2015-2016 dos dobres graos Bioloxía-Química, Enxeñería informática-Matemáticas, Física-Química, Matemáticas-Física, Comunicación Audiovisual-Xornalismo, Dereito-Relacións Laborais e Recursos Humanos, Enxeñería Agrícola e Alimentaria-Enxeñería Forestal e do Medio Natural, Enxeñería Civil-Enxeñería xeomática e topografía, Enxeñería informática-Matemáticas - (2016) Impartición no curso 2016-2017 do dobre grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil - Mestre ou Mestra de Educación Primaria na Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo. 	

- (2017) Impartición no curso 2017-2018 do dobre grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil - Mestre ou Mestra de Educación Primaria na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Santiago.
- (2017) Impartición no curso 2017-2018 do dobre grao en Farmacia e Óptica e Optometría no Campus de Santiago.

Código	APP019-AE-1518
Acción	Incorporar a docencia on line en estudos de grao e máster xa establecidos
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
Descrición	
<p>As metodoloxías nadas coa utilización das novas tecnoloxías deben ser incorporadas á docencia presencial. A través de plataformas, fundamentalmente de código aberto, organizaranse as posibilidades de apoio on line á docencia presencial. Unha das principais accións será a coordinación dos servizos necesarios para lograr cotas de maior eficacia. Estas accións terán por obxectivo elaborar recursos de calidade e dotarase os servizos implicados co persoal adecuado para realizar labores de asesoramento e elaboración de contidos, profesionalizando estas tarefas.</p>	
Programación inicial	Establecerase un plan de actuación no ano 2015. Os primeiros resultados deben ser visibles no curso 2016-2017

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante o período analizado logrouse que todos os estudos oficiais da USC dispoñan do soporte do Campus Virtual para que poida ser usado polo profesorado e polos estudantes. Tamén se mellorou a oferta de formación para docentes que precisen usar o Campus Virtual e estanse elaborando mecanismos de incentivo para mellorar os indicadores de uso de tecnoloxías da información na docencia.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Continuouse coa implementación do soporte do Campus Virtual para as actividades docentes do profesorado e do alumnado, e a oferta de programas de formación de docentes para o uso das aulas virtuais e outras ferramentas informáticas. Esta acción está directamente relacionada coa APP095, sobre a mellora das ferramentas informáticas básicas. Neste senso, cabe salientar dúas accións concretas: por unha banda, iniciouse un proxecto piloto coa plataforma eHabilis onde participaron seis títulos de mestrado on line e na nube, con servizo de videoconferencia e gravación de clases. Ao mesmo tempo, tamén se modificou a arquitectura do Campus Virtual da USC para adecualo ás necesidades actuais e futuras. Con todo, a finais do curso 2016-2017 e comezos do 2017-2018, producíronse problemas importantes de saturación no servizo do Campus Virtual. Inicialmente, traballouse cun balanceo de carga entre servidores que permiten aliviar parcialmente dita saturación, pero que pode non ser</p>	

unha solución estable. Por iso, no que resta de 2017, traballárase para a virtualización do servizo coa fin de garantir un correcto funcionamento.

Evidencias asociadas

- (2016) Incorporación dunha unidade de gravación ao Centro de Tecnoloxías da Aprendizaxe (CETA) que permitirá mellorar a creación de recursos audiovisuais. O inicio desta unidade está previsto para marzo do 2017.
- (2016) No curso 2015-2016, o Campus Virtual xestiona 4.495 aulas/materias, 2661 docentes e 27.354 estudantes.
- (2017) Adquisición e instalación dunha unidade de gravación no Centro de Tecnoloxías da Aprendizaxe (CETA) para a elaboración de recursos audiovisuais.
- (2017) Publicación o 28 de xuño de 2017 da I Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia, para o seu desenvolvemento no curso 207-2018, con tres modalidades: Creación dun curso en liña aberto e masivo (MOOC), creación de materiais audiovisuais en formato “pílulas de coñecemento”, e desenvolvemento de iniciativas de innovación docente a través do Campus Virtual.
- (2017) No curso 2016-2017, o Campus Virtual xestionou 7.312 aulas/materias, 2.766 docentes e 26.900 estudantes.
- (2017) No curso 2016-2017 impartíronse no CeTA 51 cursos de formación relacionados coa docencia virtual e *on line* aos que asistiron 445 docentes.
- (2017) Incorporación da plataforma eHabilis para videoconferencia e atención *on line*; faranse probas do seu uso no curso 2017-2018 en cinco títulos de máster.

Código	APP020-AE-1518
Acción	Deseño de unha oferta de estudos on line
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
Descrición	
<p>A formación non presencial ou semipresencial debe recibir un importante pulo nos vindeiros catro anos. A filosofía que vai dominar nesta estratexia de expansión é a da internacionalización, cunha clara atención aos países de Latinoamérica. A través da reestruturación do CeTA, da incorporación de sistemas de gravación de vídeo automatizados e do reforzo da formación para docentes, preténdese establecer unha oferta estable de títulos de formación permanente, másteres, seminarios de doutoramento e graos, a través de metodoloxías contrastadas na actualidade (MOOCs,)</p>	
Programación inicial	Inicio da oferta on-line no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante o período de análise ampliáronse as posibilidades de creación de recursos audiovisuais para a docencia a través de accións como a unidade e-Terra do Campus de Lugo. Este mesmo modelo é o que se está a instalar para o Campus de Santiago, con data prevista de inicio en marzo de 2017. Do mesmo xeito, a Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa, a través do CETA, está elaborando un informe para a expansión de títulos en liña da USC.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante o ano 2017, continuaron as actividades da unidade e-Terra do Campus de Lugo. Ademais, instalouse un estudo de gravación no Campus de Santiago para o inicio das actividades de formación previas á elaboración e deseño dunha oferta de estudos virtual.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016, 2017) Creación da Unidade E-Terra no Campus de Lugo vinculada ao proxecto Campus Terra. En outubro do ano 2017 inicia a súa actividade coa incorporación dun técnico de apoio para a creación de recursos audiovisuais - (2017) Incorporación dunha unidade de gravación ao Centro de Tecnoloxías da Aprendizaxe (CETA) que permitirá mellorar a creación de recursos audiovisuais. - (2017) Publicación o 28 de xuño de 2017 da I Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en MOOC e de Apoio das TIC á Docencia, para o seu desenvolvemento no curso 2017-2018, con tres modalidades: creación dun curso 	

en liña aberto e masivo (MOOC), creación de materiais audiovisuais en formato “pílulas de coñecemento” e desenvolvemento de iniciativas de innovación docente a través do Campus Virtual.

Código	APP021-AE-1518
Acción	Docencia en linguas estranxeiras
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
<p>A docencia en linguas estranxeiras (total ou parcial) é unha das principais accións do proceso de internacionalización da USC. As materias impartidas nunha lingua non oficial deberán aparecer claramente na información sobre o título. Do mesmo xeito, requirirase establecer mecanismos para determinar o grao de coñecemento da lingua estranxeira, tanto dos e das docentes como dos estudantes.</p>	
Programación inicial	Lograr cotas de docencia en lingua estranxeira superiores.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
<p>Esta acción é dependente da número 16. Esta acción enmárcase dentro da liña estratéxica do Plan Estratéxico Internacional (PEI) de internacionalización da docencia, e polo tanto o seu percorrido está asociado á acción 16. Dende a vicerreitoría de Internacionalización tense realizado un informe da docencia en inglés da USC así como nas universidades galegas e dos mecanismos reguladores desta actividade. Xunto coa Vicerreitoría de Oferta e Innovación Docente estase a traballar na definición dunha base normativa axeitada, incluíndo por exemplo un programa de acreditación para o profesorado así como mecanismos de oferta sistemática de docencia en linguas estranxeiras.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
<p>Esta acción enmárcase na liña estratéxica 2 do Plan Estratéxico de Internacionalización, pendente de aprobación. Dende a Vicerreitoría de Internacionalización tense realizado un informe da docencia en inglés na USC así como nas universidades galegas e dos mecanismos reguladores desta actividade. Xunto coa Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa, estase a traballar na definición dunha base normativa axeitada, incluíndo un programa de acreditación para o profesorado, así como mecanismos de oferta sistemática da docencia en linguas estranxeiras para algunhas titulacións de grao e mestrado.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Nomeamento do Asesor para a Internacionalización da Oferta Docente dentro da Vicerreitoría de Internacionalización. - (2017) Elaboración do Plan Estratéxico de Internacionalización da USC. - (2017) Continuación da oferta dun curso para a docencia en lingua inglesa no Centro de Linguas Modernas. 	

- (2017) Renovación do Acordo entre a USC e a delegación en España da Fundación British Council, o 28 de xuño de 2017, para a realización de probas APTIS.
- (2017) Renovación do convenio coa Università per i Straniere di Siena, o 21 de xullo de 2017, para a realización de exames oficiais de italiano como lingua estranxeira.
- (2017) Inicio dos trámites para a sinatura dun convenio coa Alliance Française para a acreditación do francés como lingua estranxeira.

Código	APP022-AE-1518
Acción	Fomento de creación de titulacións conxuntas entre a USC e outras universidades españolas e estranxeiras
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
Dentro da estratexia de internacionalización cómpre crear mecanismos áxiles de creación de titulacións conxuntas con outras universidades.	
Programación inicial	Elaboración de protocolos menos burocratizados, que empecen a estar activos no curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
<p>O proceso de mellora dos procedementos para mellorar a creación de titulacións conxuntas debe ser afrontado desde varias perspectivas e servizos. Na actualidade, inclúise esta acción da programación plurianual como acción de mellora (a AM.1-Xestión de títulos interuniversitarios) creando un calendario de actuación concreto e acorde co Sistema de Garantía Interna de Calidade. Esta acción enmárcase dentro da liña estratéxica do PEI de internacionalización da docencia, e polo tanto o seu percorrido está asociado á acción 16. O traballo conxunto das vicerreitorías de Oferta e Innovación Docente e de Internacionalización centrase no establecemento de titulacións conxuntas con universidades italianas, así como o seguimento e impulso de iniciativas xa iniciadas con universidades brasileiras, chilenas e francesas.</p>	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
<p>De xeito conxunto coas vicerreitorías de Internacionalización e Oferta Docente e Innovación Educativa, a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Santiago están a traballar nos convenios reguladores para a posta en marcha de títulos conxuntos . Neste momento, os centros dende os que se está a traballar en convenios específicos son os seguintes:</p> <p>ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colaboración coa Universidade de Turín. - Laurea in Scienze Forestali e Ambientali - Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. - Laurea in Scienze e Tecnologie Agrarie – Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria - Colaboración coa Universidade Técnica Federal do Paraná - Engenharia Florestal – Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural+ Master en Enxeñaría de Montes 	

- Enxeharía Agrónoma – Grao en Enxeharía Agrícola e Agroalimentaria + Máster en Enxeharía Agrónoma (*) Sen prioridade
- Enxeharía Civil – Grao en Enxeharía Civil (*) Sen prioridade
- Colaboración coa Universidade Católica de Valparaíso
- Ingeniería de la construcción – Grao en Enxeharía Civil

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

- Colaboración coa Universidade Católica de Valparaíso.
- Ingeniería Civil Bioquímica – Grao en Enxeharía Química + Máster en Enxeharía Química e Bioprocesos

FACULTADE DE HUMANIDADES

- Colaboración coa Universidade de Turín
- Laurea in Cluture e Letterature del Mondo Moderno – Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

A xestión de títulos interuniversitarios resulta complexa, e máis se cabe ao tratarse de proxectos transnacionais. Nas accións concretas do Plan de Melloras da USC para o curso 2017-2018 incluírase a mellora na xestión destes títulos.

Evidencias asociadas

- (2016) Incorporación da acción de mellora AM1 – “Xestión de títulos interuniversitarios no Plan de Melloras 2016 da USC”, aprobado en Consello de Goberno na súa sesión do 29 de xullo de 2016 .
- (2016) Nomeamento dun asesor á Vicerreitora de Internacionalización para a internacionalización da docencia.
- (2016) Documento de planificación en colaboración cos decanos e directores dos centros das titulacións implicadas.
- (2016) Inicio de un proxecto de titulación interuniversitaria cos representantes da Universidade de Turín.
- (2017) Continuación na elaboración dos proxectos coas universidades de Turín (Italia), Técnica Federal do Paraná (Brasil) e Pontificia Universidade Católica de Valparaíso (Chile).

Código	APP023-AE-1518
Acción	Reorganización da oferta de másteres oficiais
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
Descrición	
<p>Co obxectivo de reorganizar a oferta de másteres oficiais propónse un plan de acción para a racionalización e mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, atendendo ás demandas laborais e dos estudantes, ao interese social, á adecuación ás necesidades da nosa contorna, ao marco normativo e ás posibilidades de impartir docencia e realizar investigación de calidade. Ao tempo, revisarase a necesidade de financiamento destas titulacións e procurarase a súa correcta integración nas estruturas organizativas existentes</p>	
Programación inicial	Creación de ofertas máis axustadas a esta filosofía en cada curso

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No período analizado realizouse un estudo da oferta docente de másteres oficiais para poder cumprir os obxectivos da acción programada. Consegúronse mellorar os indicadores de eficiencia.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Unha vez realizado o estudo mencionado na revisión do ano anterior, mantivéronse conversas con responsables de centros onde se podería actuar para conseguir unha oferta máis atractiva e que non presente problemas de demanda. Con todo, non foi posible avanzar máis debido á falta de definición dos criterios para o establecemento do mapa de titulacións do SUG, pero a sinatura do acordo entre a Consellería de Educación e as tres universidades do SUG, permitirán concretar liñas de actuación no vindeiro curso.</p>	

Evidencias asociadas

Código	APP024-AE-1518
Acción	Mellora do financiamento condicionado aos centros
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>O desenvolvemento dos plans de estudo require unha mellor organización do financiamento condicionado, con especial atención ás accións de calidade e ás prácticas de campo. Esta mellora, xunto cos axustes necesarios para a dotación financeira global, teñen como obxectivo axustar o financiamento ás accións estratéxicas do centro ou dos títulos.</p>	
Programación inicial	Establecerase o novo sistema a partir do curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Na elaboración dos orzamentos contemplouse esta medida, mellorando o financiamento condicionado, unha tendencia que debe continuar nos vindeiros orzamentos.</p>	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>O financiamento condicionado aos centros engloba as accións de mellora para a calidade da docencia e o financiamento para prácticas de campo. Con respecto ás primeiras, a xestión que se fixo desta convocatoria ao longo do período desta programación plurianual baseouse no desenvolvemento da planificación dos centros, a través da elaboración das Memorias de Calidade e dos plans de mellora anuais. Tense comprobado que a xestión da propia convocatoria, aliñada co calendario de actuación en materia de calidade, se demora ata ben avanzado o curso, dificultando a xestión das axudas por parte dos centros beneficiarios. Será preciso reformular esta convocatoria.</p> <p>A convocatoria de accións de mellora dilátase moito no tempo, o que impide que moitas das accións se poidan levar a cabo durante o curso quedando pendentes para o ano seguinte, e por outra banda, debemos recoñecer que se trata dunha convocatoria que, aínda que os criterios fosen avalados/aprobados/consesuados co colectivo de decanas/os e directores de centro, xera insatisfacción todos os anos.</p> <p>Tendo en conta que os centros dispoñen xa de plans de mellora anuais, que recollen nas súas memorias de calidade, pensamos que se podería traballar sobre unha proposta na que ese financiamento quede condicionado á execución de accións de mellora (ou máis claramente, quede constancia a través dos plans de mellora dos centros de que se vai investir unha certa contía en ditas accións). É importante ter constancia destes investimentos de cara aos proceso de renovación da acreditación e</p>	

de certificación dos sistemas de garantía de calidade. No orzamento de 2018 os centros xa disporán da transferencia do crédito correspondente ás accións de mellora.

Evidencias asociadas

- (2015, 2016) Incremento do 37% na dotación orzamentaria destinada ás accións de mellora da docencia dos centros durante entre os anos 2015 e 2016
- (2016) Incremento do 8% na dotación orzamentaria destinada ás prácticas de campo entre os anos 2015 e 2016
- (2016) Incorporación do programa Patex ao modelo de financiamento condicionado a centros, aprobado en Consello Social o 26 de maio de 2016.

Código	APP025-AE-1518
Acción	Mellora do financiamento estrutural aos centros
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Os axustes realizados nos últimos catro anos, en modo de recorte lineal dende os últimos orzamentos aprobados (os correspondentes ao ano 2011), as sucesivas retencións cautelares (nunca liberadas) e a supresión de remanentes teñen reducido o crédito anual dos centros docentes en máis dun 50%. É necesario garantirlles ás Facultades e Escolas unha dotación suficiente para atender o adecuado mantemento dos equipamentos e fondos bibliográficos destinados á docencia, así como para desenvolver as súas actividades docentes consonte o establecido nas memorias de verificación das titulacións oficiais. En particular, a dotación económica debe garantir o axeitado desenvolvemento das prácticas (experimentais, informáticas, de campo e externas) e dos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster.</p> <p>Polo que atinxe aos recursos bibliográficos, na BUSC continuouse cun modelo de execución do gasto en recursos bibliográficos propios cunha monitorización continua do seu uso. O emprego de criterios obxectivos de custe e uso permitiron optimizar e racionalizar o gasto. Ademais ampliouse o servizo de acceso gratuíto a recursos bibliográficos non dispoñibles na BUSC para todos os membros da comunidade universitaria. Por outra banda, o número de títulos accesibles gratuitamente dende Bugalicia acadou os 6.830, fronte os 2.857 de 2012. Estas medidas, aínda que non supoñen unha mellora directa nos orzamentos dos Centros, si é unha mellora que redunda neles.</p>	
Programación inicial	A mellora será efectiva no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Na elaboración dos orzamentos contemplouse esta medida, mellorando o financiamento estrutural, unha tendencia que debe continuar nos vindeiros orzamentos.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No orzamento de 2017 incrementouse a partida para financiar centros ata acadar 1.182.698 € no Capítulo II e os 274.608 € no Capítulo VI.</p>	

Evidencias asociadas	
<p>- (2015, 2016) Incremento nun 6% dos orzamentos estruturais descentralizados a escolas e facultades entre os exercicios 2015 e 2016</p>	

- (2016) Incremento do 22% no capítulo II destinado a centros nas liñas xerais de orzamentos do 2017.
- (2016) Incremento do 30 % no capítulo VI destinado a centros nas liñas xerais de orzamentos do 2017.

Código	APP026-AE-1518
Acción	Análise da estrutura de institutos de investigación existentes
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Ter unha análise da actual realidade de cada instituto de investigación para considerar cales seguen respondendo ás necesidades actuais e cales non, cales deben ser dinamizados e cales funcionan axeitadamente, adoptando as medidas que demande a análise.	
Programación inicial	Dispoñer da análise para finais de 2015. Adoptar medidas a partir de 2016 para que teñan aplicación plena a comezos do curso 2016/2017.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
Esta acción canalizouse a través da creación dun plan de actuación sobre os institutos universitarios.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>No marco do plan de actuación sobre os institutos universitarios, distingúanse tres fases de actuación. No ano 2017, executáronse as Fases 2 e 3:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fase 2: Proceso de autoavaliación (16 Institutos) finalizado - Fase 3: Proceso de Avaliación externa (9 Institutos) finalizado. <p>Para rematar as actuacións relacionadas con esta acción, estableceuse a seguinte folla de ruta co obxecto de finalizar as accións no 2017:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprobación do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos (Outubro de 2017). - Informe final sobre Reformulación dos Institutos (Novembro de 2017). - Adaptación á nova Normativa e Gobernanza dos Institutos avaliados (Decembro 2017). 	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Aprobación do Plan de actuación sobre os institutos universitarios de investigación da USC en Consello de Goberno do 29/07/2016 - (2016) Aprobación do calendario de execución do Plan de actuación que inclúe a FASE 2.- Propostas de actuación: elaboración de Plans de Acción que reformulen e actualicen a dinámica actual dos institutos (xuño-dembro 2016) e a FASE 3.- 	

Avaliación externa dos Plans de Acción. Proposta de intervención individualizada (xaneiro/marzo 2017).

- (2017) Presentación do Informe de progreso do Plan de actuación sobre os institutos universitarios de investigación da USC en Consello de Goberno do 28 de xullo de 2017.
- (2017) Novo Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación (sometido a aprobación no Consello de Goberno de outubro de 2017).

Código	APP027-AE-1518
Acción	Análise da estrutura de centros existentes
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Ter unha análise da actual realidade de cada instituto de investigación para considerar cales seguen respondendo ás necesidades actuais e cales non, cales deben ser dinamizados e cales funcionan axeitadamente, adoptando as medidas que demande a análise.	
Programación inicial	Dispoñer da análise para finais de 2015. Adoptar medidas a partir de 2016 para que teñan aplicación plena a comezos do curso 2016/2017.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
Desde a aprobación da programación plurianual estableceuse un calendario de actuacións que debe ser revisado para a súa adecuación aos escenarios atopados. Nesta primeira fase, analizáronse centros de carácter transversais, coma a Escola de Doutoramento, o Centro de Estudos Avanzados. Na segunda fase está prevista a análise dos demais centros da USC.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Adiada
Data de finalización	Adiada
Informe da actividade	
Se ben foi realizada a primeira parte da análise, do que xa se deu conta no 2016, a segunda fase quedou adiada.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Inclusión da acción AM-15 "Integrar na estrutura dos centros a xestión de tarefas administrativos de todos os títulos que se imparten nel" dentro do Plan de Melloras aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 29 de xullo de 2016. - (2016) Creación do Centro de Estudos Propios da USC, en Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016 - (2016) Creación do Centro Internacional de Estudos Doutorais e Avanzados (CIEDUS), en Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016 	

Código	APP028-AE-1518
Acción	Reorganización da Escola de Doutoramento para convertela nun centro autónomo
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades sociais e Cara a excelencia investigadora
Descrición	
<p>A Escola de Doutoramento debe ser un centro de estudos que permita xestionar con eficacia os doutoramentos que se imparten na Universidade de Santiago. Para logralo, requírese unha transformación da súa estrutura, dotándoa de persoal de administración e servizos capaz de asumir as xestións que se precisan. Ademais, debe incluír entre os seus obxectivos a atracción de estudantes e a creación de doutoramentos conxuntos internacionais. Para esta reorganización, analizarase a posibilidade de integrar a infraestrutura e as actividades do Centro de Estudos Avanzados.</p>	
Programación inicial	A nova estrutura estará operativa no curso 2015-2016, na que se inclúen catro escolas de doutoramento dentro da estrutura do CIEDUS

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	29/07/2016
Informe da actividade	
A actividade realizouse conforme ás directrices indicadas na Programación Plurianual	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Rematada
Data de finalización	21/09/2017
Informe da actividade	
<p>O CIEUDS comezou a súa posta en marcha e creáronse as catro Escolas de Doutoramento Internacional, en aplicación da súa normativa de creación e desenvolvemento. Esta acción está relacionada coas APP007 e APP029.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Acordo do Consello de Goberno para a modificación da estrutura de goberno e xestión dos estudos de doutoramento e do Centro de Estudos Avanzados, en sesión celebrada o 29 de xullo de 2016. Pleno do Consello Social de 210 de outubro de 2016. - (2017) Aprobación polo Consello de Goberno do 12 de xuño de 2017 do novo Regulamento de Estudos de Doutoramento”. - (2017) Informe favorable do Consello Galego de Universidades para a creación das escolas, no pleno do 13 de xuño de 2017. - (2017) Aprobación polo Consello da Xunta de Galicia da creación das escolas na súa reunión do 21 de setembro de 2017 (decreto do 21 de setembro de 2017, publicado no DOGA do 3 de outubro de 2017). 	

Código	APP029-AE-1518
Acción	Creación dunha unidade da Escola de Doutoramento en Lugo
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades sociais e Cara a excelencia investigadora
Descrición	
A xestión dos programas de doutoramento que se imparten no Campus de Lugo require unha unidade da Escola de Doutoramento que permita unha xestión máis eficaz, a través da descentralización da atención aos usuarios.	
Programación inicial	A unidade estará operativa no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
A actividade realizouse conforme ás directrices indicadas na Programación Plurianual	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Como xa se indicou nas revisións das accións APP007 e APP028, mediante acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2017 e do pleno do Consello Social de 10 de outubro de 2016, creáronse o CIEDUS (Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC) e o CEP (Centro de Estudos Propios). Coa creación do CIEDUS aprobouse a proposta de creación de catro Escolas de Doutoramento Internacional, unha delas a EDI Campus Terra. A proposta foi remitida á Xunta de Galicia; o pleno do Consello Galego de Universidades informou favorablemente a súa creación no pleno do 13 de xuño de 2017. O Consello da Xunta de Galicia aprobou a súa creación na súa reunión do 21 de setembro de 2017 (decreto do 21 de setembro de 2017, publicado no DOGA do 3 de outubro de 2017). A Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra localizarase no segundo andar do edificio CACTUS do Campus Terra, cuxas obras están previstas que se rematen antes de finais de 2017..</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Creación da Escola de Doutoramento Internacional "Campus Terra" baixo a estrutura do Centro Internacional de Estudos Doutorais e Avanzados (CIEDUS), aprobada en Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016 - (2017) Informe favorable do Consello Galego de Universidades para a creación das escolas, no pleno do 13 de xuño de 2017. 	

- (2017) Aprobación polo Consello da Xunta de Galicia da creación das escolas na súa reunión do 21 de setembro de 2017 (decreto do 21 de setembro de 2017, publicado no DOGA do 3 de outubro de 2017).
- (2017) Realización das obras para a EDI Campus Terra no segundo andar do edificio CACTUS do Campus Terra. O seu remate está previsto a finais do ano 2017.

Código	APP030-AE-1518
Acción	Revisión dos procedementos de avaliación e de composición de tribunais das teses de doutoramento
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
<p>Facer unha revisión dos procesos de avaliación de teses de doutoramento que por un lado asegure que os informes demandados para a aceptación da defensa dunha tese sexan máis pormenorizadas e, por outro lado, permita empregar na defensa as novas tecnoloxías, como a videoconferencia. Ademais a nova normativa deberá estudar a redución a tres membros titulares (e tres suplentes) nos tribunais de teses de doutoramento</p>	
Programación inicial	A normativa estará operativa no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	06/04/2016
Informe da actividade	
<p>No período analizado avanzouse nas solucións normativas que permitan a realización desta actividade programada, aínda que queda por finalizar o proceso de regulación das novas tecnoloxías nos procesos de defensa. A redución a tres do número de membros titulares do tribunal de tese de doutoramento está operativa desde o 6 de abril de 2016.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Rematada (revisada)
Data de finalización	12/06/2017
Informe da actividade	
<p>Revisión da modificación aprobada polo Consello de Goberno do 12 de marzo de 2016 para corrixir algúns problemas detectados na súa aplicación.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Publicación no taboleiro da sede electrónica a Modificación Regulamento Estudos Doutoramento (DOG nº 164 do 29 de agosto de 2012) con data 6/04/2016, aprobada en sesión do Consello de Goberno do 12 de marzo de 2016. - (2017) Aprobación no Consello de Goberno do 12 de xuño de 2017 do novo Regulamento de Estudos de Doutoramento. 	

Código	APP031-AE-1518
Acción	Reestruturación do Centro de Posgrao para especializado en títulos propios
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades sociais Cara a excelencia investigadora
Descrición	
A oferta de títulos propios da USC require a infraestrutura dun centro que asuma toda a xestión destas actividades formativas, tanto da formación permanente coma dos másteres propios. Unha das primeiras encomendas será a elaboración dunha normativa clara para os títulos de posgrao propios.	
Programación inicial	A nova estrutura estará operativa no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	30/07/2017
Informe da actividade	
A nova estrutura estará operativa no curso 2016-2017.	

Data de comprobación	16/10/2017
Informe da actividade	
Ao longo do curso 2016-2017 tamén se procedeu á consolidación da nova estrutura e da oferta de títulos, revisando o regulamento de estudos propios.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Creación do Centro de Estudos Propios da USC, en Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016 - (2017) Revisión das necesidades de persoal. - (2017) Revisión do regulamento de Estudos Propios. - (2017) Revisión e reorganización da oferta de títulos, e elaboración dun informe sobre posibles novas titulacións. 	

Código	APP032-AE-1518
Acción	Mellora do Centro de Linguas Modernas
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Procura da excelencia na docencia
Descrición	
<p>O Centro de Linguas Modernas precisa dunha mellora nos seus recursos, especialmente no referido á autoaprendizaxe, tanto no campus de Lugo coma no de Santiago. Do mesmo xeito establecerase unha nova análise, na avaliación e nos procesos de xestión do centro para poder afrontar a mellora e modernización do CLM, así como para facer fronte con garantías ás demandas de formación e avaliación en lingua estranxeira do alumnado cara o B1, imprescindible para poder graduarse. Normalizarase a contratación de persoal.</p>	
Programación inicial	O proceso de modernización iniciárase no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Acción relacionada coa número 21. Os avances para a consecución desta acción de mellora centráronse na incorporación do exame de acreditación APTIS para certificar o coñecemento do nivel B1 de inglés. Tamén se asinou un convenio co Instituto Cervantes para facer as novas probas de acreditación de idioma español para Etranxeiros.</p> <p>No eido organizativo, o CLM está na actualidade nun proceso de mellora dos procesos de contratación de profesorado e de avaliación dos procesos de xestión.</p> <p>No Campus de Lugo contratouse una profesora de inglés adicional nos cursos 2015/16 (a tempo parcial) e no curso 2016/2017 (a tempo completo) con cargo ao plan de choque conveniado coa Deputación de Lugo.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Continuación dos procesos de análise para a mellora na contratación do profesorado en colaboración coa Xerencia da USC, e dos procesos de xestión a través da contabilidade analítica. Elaboración de convenios para probas de acreditación de linguas estranxeiras. No Campus de Lugo continuase coa contratación de profesorado de inglés para o curso 2017/2018.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Acordo do Consello de Goberno sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do real decreto 1393/2007, aprobado por Consello de Goberno o día 5 de xullo de 2016 	

- (2015) Incorporación do exame de acreditación APTIS para acreditar o nivel B1 de inglés. Convenio co British Council para a realización do exame de acreditación APTIS, asinado o 14 de maio de 2015
- (2016) Ampliación do convenio co British Council para a realización das probas do “International English Language Testing System” (IELTS). Este acordo asinouse o 5 de febreiro de 2016
- (2015) Convenio co Instituto Cervantes para a realización da “Proba de coñecementos constitucionais e socioculturais de España” (Proba CCSE), asinado o 20 de novembro de 2015.

Código	APP033-AE-1518
Acción	Impulso ás cátedras institucionais
Ámbito estratéxico	Xestión institucional Relación co contorno
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional Transferencia efectiva do coñecemento O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
<p>Na actualidade hai varias cátedras institucionais que debe ser revisadas, tanto desde o punto de vista normativo como de financiamento. Preténdese tamén impulsar a programación das súas actividades e nos casos en que sexa posible establecer accións e actividades conxuntas. Tamén se busca aproveitar as actividades das cátedras para completar a oferta formativa da USC tanto para os alumnos, PAS e PDI, como para a sociedade en xeral.</p>	
Programación inicial	Ao longo do curso

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Iniciouse un plan de impulso de novas cátedras institucionais e de revisión das actuais atendendo ás indicacións da programación plurianual. A revisión incluíu unha análise da visibilidade e dos contidos do espazo asignado ás cátedras na páxina web da USC, que concluíu nunha reestruturación do espazo e unha actualización de contidos que se atopa en fase de execución.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>As actuacións levadas a cabo para o impulso das cátedras institucionais, abranguen tres ámbitos. Por unha banda, a vicerreitoría de Internacionalización entrega sempre que é posible, libros producidos polas nosas cátedras como agasallos institucionais ao consideralos unha das mellores cartas de presentación da nosa institución e ser tamén unha vía de difusión das actividades que estas realizan. Asemade, realízase difusión das actividades das cátedras a través das redes sociais da Universidade e das propias do Servizo de Relacións Exteriores. No tocante á mellora da páxina web, esta actuación está relacionada coa APP101.</p>	

Evidencias asociadas	
<p>- (2015) Extinción das cátedras de Educación Médica, Cátedra Jaime Vera de Emprendemento social, Cátedra Pastora Capos Golner e a Cátedra Extraordinaria de Trabajo Autónomo, en acordo de Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015</p>	

- (2015) Creación da Cátedra Cruz Roja Española, en acordo de Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015
- (2015) Creación da Cátedra de Enfermedades Metabólicas, en acordo de Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015
- (2016) Reactivación da Cátedra Astrazéneca de Medicina Cardiovascular, en acordo de Consello de Goberno do 7 de xuño de 2016
- (2016) Extinción, por inactividade, da cátedra Johnson & Johnson, en acordo de Consello de Goberno do 3 de maio de 2016
- (2016) Creación da Cátedra institucional do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, en acordo de Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016
- (2016) Creación da Cátedra institucional do Pan e do Cereal, en acordo de Consello de Goberno do 7 de xuño de 2016
- (2016) Creación da Cátedra institucional de educación Médica USC-Semergen, en acordo de Consello de Goberno do 7 de xuño de 2016
- (2017) Unificación da información das cátedras institucionais para a web da Universidade.
- (2017) Peticións de libros editados polas cátedras Institucionais ao Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade.

Plans de investigación.

Código	APP034-PI-1518
Acción	Reforzar a valoración e a avaliación da Produción científica xunto coa produtividade en I+D
Ámbito estratéxico	Persoas e Actividade universitaria
Liña estratéxica	Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal e Cara a excelencia investigadora
Descrición	
<p>A produción científica precisa unha nova estrutura de valoración e avaliación científica co obxectivo de mellorar a produtividade da I+D. Esta estratexia de reforzo fundaméntase na definición das filiacións, nas ferramentas de automecición, na revisión dos procesos de valoración da Produción Científica, na mellora da información pública e interna dos indicadores e nun plan de medidas de incentivo asociadas á captación de ingresos.</p>	
Programación inicial	A finalización de todo o proceso será no ano 2017.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Durante os dous últimos anos establecéronse as bases para a incorporación do Sistema de Xestión da Investigación (SUXI) elaborado polo Consorcio para o Desenvolvemento de Sistemas para a Xestión Universitaria (CIXUG), que permitirá a consecución dos obxectivos propostos para esta acción, así como a mellora nos procedementos das convocatorias xestionadas pola Xunta de Galicia. Actualmente o proceso está na fase de carga de datos históricos. Por outra parte estase a desenvolver un proceso de análise bibliométrico da produción científica e a súa incidencia nos rankings. Relacionado co anterior, establecéronse os criterios de filiación para asegurar unha óptima imputación da Produción Científica dos investigadores da USC. Neste sentido, estase a analizar aqueles aspectos que poden axudar a mellorar o seu impacto, avaliando liñas de incentivo e soporte.</p> <p>Neste proceso é fundamental o apoio e servizo aos investigadores que presta a Biblioteca da USC, quen está a desenvolver o proceso de automatización da produción científica para asignar a actividade investigadora das principais bases de datos (Scopus, WOS) aos investigadores. Tamén se están a revisar os criterios de valoracións das revistas para considerar as particularidades das diferentes áreas de coñecemento.</p> <p>Para o desenvolvemento desta acción, cóntase cun equipo de traballo formado por un Asesor externo encargado de elaborar o Informe sobre a Produción Científica e Visibilidade da USC, a Adxunta ás Vicerreitorías de Internacionalización e de Investigación e Innovación, a Adxunta ao Vicerreitorados de Comunicación e Coordinación con competencias en calidade, o Coordinador de Apoio á Investigación nas Áreas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas e o Asesor no ámbito de Plans Estratéxicos de Investigación.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>O proceso de incorporación do Sistema de Xestión da Investigación (SUXI) elaborado polo Consorcio CIXUG, está experimentando retrasos non previstos por problemas de implementación técnica. Esta circunstancia ten ralentizado o proceso de reformulación e revisión dos criterios de valoración da Producción Científica que debe avanzar en 2018. Non obstante, a implementación da ferramenta de Xestión Curricular de SUXI está prevista para finais de 2017: finalizouse xa o proceso de volcado da información de produción científica dispoñible nas bases de datos da USC e, actualmente, estase validando a súa fiabilidade.</p> <p>En canto aos pasos dados na valoración da produción científica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuase co proceso de xeneralización do uso do ORCID entre a comunidade investigadora, ao tempo que esta identificación foi incorporada as fichas on-line do Catálogo de Grupos de Investigación e nas Fichas de Investigadores individuais. - Desenvolvéronse talleres de formación no uso de ferramentas de Análise Bibliométrica entre xestores e investigadores - Completouse o Informe Bibliométrico da produción científica da USC no período 2010-2015. No mesmo valorase positivamente o rendemento produtivo da investigación da USC e identifícanse algunhas pautas de mellora para a xestión de indicadores, xestión da filiación e pautas de mellora do impacto. Adicionalmente, aproveitouse este estudo para enfocar datos e indicadores da Área de Matemáticas e de Física de Altas Enerxías para reforzar sendas candidaturas (Plan de Matemáticas-Xunta de Galicia e candidatura de IGFAE no programa Maria de Maeztu) <p>A Biblioteca da USC incrementa o seu papel de apoio e asesoría no proceso de automatización da produción científica para asignar a actividade investigadora das principais bases de datos (Scopus, WOS) aos investigadores. Tamén se avanzou na revisión da clasificación das revistas para considerar as particularidades das diferentes áreas de coñecemento.</p>	

Evidencias asociadas
<ul style="list-style-type: none"> - (2015) Reincorporación da USC ao proxecto SUXI, no mes de setembro de 2014. Designación do responsable de proxecto funcional e informático na USC, dentro do equipo de traballo correspondente do Comité Estratéxico TIC - (2016) Publicación da instrución sobre criterios de filiación na USC (marzo 2016) - (2016) Impulso ao establecemento de códigos de identificación (ORCID) por parte dos investigadores da USC (abril-xuño 2016) - (2016) Informe bibliométrico sobre o posicionamento da Producción Científica da USC e a súa incidencia nos rankings (xullo-setembro 2016) - (2016) Incremento da dispoñibilidade de recursos bibliográficos (bases de datos Scopus e Wos, recuperación de coleccións dende Bugalicia) - (2016) Incremento da visibilidade da produción científica da USC coa actualización da versión do repositorio institucional Minerva, (lanzamento oficial

en novembro de 2016) que inclúe melloras relativas ao código ORCID, entre outras.

- (2017) Funcionamento da versión de probas da aplicación SUXI.
- (2017) Informe sobre a Producción Científica 2010-15 da USC (publicado en web)
- (2017) Visibilidade na web de ORCID dos IPs da USC (incremento notable; máis de 700 investigadores).

Código	APP035-PI-1518
Acción	Establecer un novo modelo organizativo da investigación, enfatizando a especialización, a colaboración e a transversalidade
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Cara a excelencia investigadora
Descrición	
<p>O novo escenario actual precisa unha revisión do modelo de grupos de investigación. Establécese un plan para avanzar en estruturas complexas, tanto no campus de Lugo como no de Santiago, como agrupacións e clústers colaborativos, así como as relacións entre os grupos e as empresas. Analizarase a estrutura de centros singulares e de institutos de investigación para avanzar na definición e consolidación dun modelo de investigación na USC.</p>	
Programación inicial	O novo modelo entrará en vigor no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/03/2017
Informe da actividade	
<p>A través dun informe elaborado para a orientación das agrupacións estratéxicas, establecéronse modelos de especialización e impulso a novas agrupacións (tecnoloxía ambiental, materiais avanzados e nanotecnoloxía, bioeconomía, humanidades dixitais, ...) O proceso alíñase coherentemente co proceso de avaliación e reformulación dos institutos, a definición do Campus da Cidadanía e o proceso do Plan estratéxico de Campus Terra. Todo isto permitirá elaborar un mapa de capacidades sobre o que se conformará un plan de prioridades. O retraso na definición do programa de Centros de Investigación por parte da Xunta e a necesidade de rematar co proceso de análise dos institutos provoca o retraso indicado.</p> <p>No período tamén se fomentaron as agrupacións estratéxicas, sendo recoñecidas pola Xunta de Galicia CRETUS e AEFIS.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A comezos de 2017 presentouse á Xunta de Galicia un primeiro borrador do Mapa de Capacidades da USC articulando o proceso agrupación de capacidades de I+D con obxectivos de especialización aliñados sobre os Campus de Excelencia-Especialización Intelixente da USC: Vida; Mar; Terra e Cidadanía. Neste proceso o Vicerreitorado de Investigación e Innovación e o de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo traballan metodoloxicamente integrando capacidades aliñadas sobre os obxectivos e focos dos grandes programas de I+D (H2020; AECyT e RIS3). Neste proceso avanzouse traballando nos mapas de capacidades en ámbitos como Bioeconomía (actualizando o proxecto de Agrupación Beta+); Producción Agroforestal</p>	

Sostible-Produción/Benestar Animal-Cambio Climático (reformulando a Axenda Científica de Campus Terra); NanoTecnoloxía e Envellecemento como ámbitos transversais de gran potencial na USC. Complementariamente apoiase á Comisión redactora do Plan Estratégico de Campus da Cidadanía para identificar focos estratéxicos de especialización en ámbitos como Humanidades Dixitais; Industria Cultural; Innovación Educativa; Dereito e Cidadanía, entre outros.

Evidencias asociadas

- (2015) Publicación da RESOLUCIÓN do 26 de outubro de 2015 pola que se conceden as axudas da Orde do 26 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2015, (DOG do 5/11/2015), dispoñible en <http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151105/AnuncioG0164-281015-001.es.html>
- (2016) Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (Uvigo) para a ordenación, estruturación e potenciación eficiente de estruturas de investigación, asinado o 19/09/2016.
- (2017) Memoria Agrupación BETA+ (Vicerreitorado de Investigación e Innovación)
- (2017) Memoria/Axenda Científica Campus Terra (Vicerreitorado de Desenvolvemento Científico-Tecn. Campus de Lugo)
- (2017) Memoria Campus de Cidadanía (a Información Pública en novembro 2017)
- (2017) Memoria mapa de Capacidades-metodoloxía (presentado á Xunta de Galicia en xaneiro de 2017).

Código	APP036-PI-1518
Acción	Creación dun novo modelo de contratación de investigadores
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
Descrición	
<p>A USC precisa dun novo modelo para a implantación das novas normas de contratación con cargo a actividades de I+D, creando un catálogo de figuras, perfilando as tipoloxías de contrato e establecemento de sistemas que garantan a viabilidade de programas, servizos ou unidades de I+D. Neste proxecto establecerase o modelo de estabilización de investigadores.</p>	
Programación inicial	O proceso de modernización rematará no ano 2017.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
<p>A USC adscribiuse á Carta Europea do Persoal Investigador (European Charter for Researchers) e ao Código de Conduta para a Contratación de Persoal Investigador (Code of Conduct for the Recruitment of Researchers), establecido pola UE para a obtención do Selo de Calidade na Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (Human Resources Strategy for Researchers: HRS4R). Este proceso axudará a formalizar a carreira científica na USC definindo, especialmente, o papel e funcións dos Investigadores Predoutorais contratados (R1, no código europeo) e dos Investigadores Posdoutorais contratados "Non permanente" (R2, no código Europeo). Nesta liña, o novo modelo de contratación debe enmarcarse no novo marco normativo de referencia que resulte da elaboración do catálogo de figuras da USC e da normativa para o desenvolvemento das figuras de PDI indicadas nos estatutos (ver acción 52). Tamén deberá conciliarse co proceso de reorganización de grupos e centros e apoiarse en estruturas e fórmulas de xestión institucionais coma os PIXIs. Por outra parte, durante o período 2014-2016 realizáronse os procesos de estabilización das prazas xeradas por investigadores de programas competitivos (Ramón y Cajal, Parga Pondal, etc.). Na actualidade estase elaborando o catálogo descrito na acción da Programación Plurianual</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>En decembro de 2016 a UE (EURAXES) aprobou o Plan de Acción da USC para a súa adscrición ao Selo de Calidade na Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (Human Resources Strategy for Researchers: HRS4R). No desenvolvemento deste Plan, entre outras accións, a USC iniciou os traballos para formalizar un novo marco xeral para o recoñecemento e xestión de recursos humanos</p>	

contratados con recursos de investigación que está actualmente en fase de negociación coa representación sindical.

Paralelamente trabállase na elaboración do Manual de Boas Prácticas en Investigación, Guía de Benvida a Investigadores e do Plan de Mentoring e Supervisión de Investigadores posdoutorais e predoutorais. Este conxunto de pautas debe establecer o marco de traballo para os novos investigadores que se incorporan a USC como un entorno de excelencia na formación e o desenvolvemento da carreira científica.

Por outra parte, durante o periodo 2016-17 realizáronse os procesos de estabilización das prazas xeradas por investigadores do programa Ramón y Cajal. En 2017 comezouse a negociar un convenio colectivo para o persoal contratado temporalmente con recursos afectados de I+D, actualmente en proceso.

Evidencias asociadas

- (2016) Aprobación da Oferta pública de emprego 2016 na que se incluían todas as prazas pendentes de estabilización, en Consello de Goberno do 3 de maio de 2016.
- (2016) Aprobación das convocatorias derivadas da OPE 2016, en Consello de Goberno do 5 de xullo de 2016.
- (2016) Firma da Carta de Compromiso de Adhesión á Carta Europea e Código de Conduta (18 de xullo de 2016) e elaboración dun Plan de Acción para o seu desenvolvemento (Novembro 2016)
- (2016) Aprobación dos Programas de Xestión Integrada da Investigación polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015 e 29 de xullo de 2016
- (2017) Aprobación pola UE do Plan de Acción da USC e o rexistro como Entidade co Selo de Calidade na Estratexia de Recursos Humanos para o Persoal Investigador (Human Resources Strategy for Researchers: HRS4R). (Decembro 2016)

Código	APP037-PI-1518
Acción	Modernización do apoio á investigación
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Cara a excelencia investigadora
Descrición	
<p>O apoio administrativo á investigación debe fundamentarse no equilibrio da xestión centralizada e a atención descentralizada, tanto na promoción como na xestión económico-administrativa. Estableceranse áreas/unidades de investigación especializadas, crearanse novas estratexias na política de ingresos e de alianzas de interese. Mellorarase o servizo aos investigadores como a ampliación de horarios e os protocolos de atención. Estableceranse novos criterios de tarifas, custes indirectos e orzamentos, así como a organización dos servizos que se prestan a terceiros.</p>	
Programación inicial	O proceso de modernización iniciárase no ano 2015 e terá continuidade ata o ano 2018.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2016
Informe da actividade	
<p>Para lograr o obxectivo definido nesta acción establecéronse mecanismos que permiten mellorar os procedementos de colaboración, como a creación dos Programas de Xestión Integrada da Investigación (PIXIS), que permite o aproveitamento de recursos colaborativos entre os distintos grupos de investigación da universidade. Tamén se abordou a reforma dos institutos de investigación (ver acción APP026)</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Nos orzamentos de 2017 entraron en operación regular os PIXIS aprobados en 2015 e 2016. De cara aos orzamentos de 2018 está previsto a entrada en vigor de entre 5 e 10 PIXIs novos.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2015) Actualización dos custes indirectos no orzamento do ano 2015, aprobado polo Consello Social o 22 de decembro de 2014 - (2016) Aprobación dos Programas de Xestión Integrada da Investigación polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015 e 29 de xullo de 2016 - (2016) Aprobación do primeiro informe de seguimento do Plan de Actuación sobre os Institutos Universitarios de Investigación da USC no Consello de Goberno do día 29 de xullo de 2016. 	

Código	APP038-PI-1518
Acción	Establecer un método de control e supervisión das condicións laborais do persoal contratado con cargo a recursos captados para I+D+i
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade e Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
Descrición	
Supervisar de maneira efectiva as condicións laborais do persoal da USC, especialmente o persoal contratado con cargo a recursos captados no Capítulo VI.	
Programación inicial	O método comezará a ser operativo no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/11/2016
Informe da actividade	
<p>Un número moi importante de traballadores e traballadoras teñen actualmente un contrato laboral na USC con cargo a programas ou proxectos de investigación. Moitos prestan servizos dende fai anos, encadeando distintos contratos de traballo ou rotando durante períodos de curta duración.</p> <p>Así, este persoal vén padecendo unha situación marcada pola falla de estabilidade no emprego e de perspectivas de futuro, ademais de estar excluídos da aplicación de convenios e acordos que amparan ao resto dos cadros de persoal desta universidade. Esta situación, derivada das insuficiencias do marco legal do ámbito laboral para acaer co financeiro co que se desenvolve a xestión da I+D nas universidades, non é compatible coa valoración que se debe dar á investigación e ao seu papel de servizo imprescindible á sociedade, nin coa requirida seguridade xurídica pra que traballadores e universidade desenvolvan tal función con garantías de eficiencia e sostibilidade.</p> <p>O obxectivo central da adhesión á iniciativa para a obtención do selo HR Excellence in Research e o desenvolvemento do Plan de Acción específico que se está a elaborar, permitirá cumprir este obxectivo da Programación Plurianual. Permitirá, entre outras cousas, analizar as condicións de traballo do persoal contratado con cargo a actividades de I+D. Tamén se iniciou un proceso de diálogo e negociación coa representación sindical para formalizar un convenio marco estable de relacións laborais especificamente aplicadas ao persoal contratado con cargo a actividades.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
Os obxectivos desta acción quedan integrados na APP036 sobre a creación do novo modelo de contratación de investigadores. Tal e como se indica nesta acción, estase a traballar nun Plan de Mentoring e Supervisión de Post-doc e de Investigadores	

predoutorais. Este conxunto de pautas debe establecer o marco de traballo para os novos investigadores que se incorporan a USC como un entorno de excelencia na formación e o desenvolvemento da carreira científica. É importante volver a salientar que en 2017 comezouse a negociar un convenio colectivo para o persoal contratado temporalmente con recursos afectados de I+D, actualmente en proceso.

Evidencias asociadas

- (2016) Publicación da estratexia HRS4R a implementar na USC na nosa web e na Comisión Europea a través da páxina web de EURAXESS (Novembro de 2016)

Código	APP039-PI-1518
Acción	Fortalecemento da organización da investigación na USC: consolidación e renovación de estruturas. Articulación de novas capacidades
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Esta acción divídese en cinco obxectivos: revisar a situación e a actividade dos Institutos e Centros de Investigación promovendo a súa avaliación e establecendo un modelo organizativo e de apoio idóneo para o seu desenvolvemento viable e competitivo; abordar a formulación estable e sostible de estruturas de investigación singulares que requiren de estratexias específicas para unha eficiente integración da súa actividade na xestión da investigación da USC; implementar mecanismos de xestión, tanto referidos á recursos económicos externos como á contratación de persoal; impulsar un proceso de organización estratéxica da investigación para a USC que xere espazos de colaboración e organización mais competitivos cientificamente e mais eficientes na procura de financiamento externo; avanzar na consolidación dun modelo de Centro de Investigación da USC que baseado en programas científicos propios, adscrición selectiva de investigadores, impacto da súa actividade e avaliación externa continuada da súa produción, poida dar resposta as características, particularidades e expectativas dos diferentes ámbitos de investigación na USC.</p>	
Programación inicial	Comezar o desenvolvemento desta estratexia no ano 2015.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No período 2014-2016 avanzouse na regulación da xestión integrada e na reforma dos institutos de investigación, así como na elaboración de propostas estratéxicas para a creación de novos centros de investigación</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Esta acción está relacionada con accións anteriores, todas elas en execución, principalmente a APP035 sobre o establecemento dun novo modelo organizativo da investigación, incidindo na especialización, a colaboración e a transversalidade, así como a creación dun novo modelo de contratación de investigadores e o control e supervisión das súas condicións laborais (APP036, APP038).</p>	

Evidencias asociadas	
<p>- (2016) Aprobación dos Programas de Xestión Integrada da Investigación polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2015 e 29 de xullo de 2016</p>	

- (2016) Aprobación do primeiro informe de seguimento do Plan de Actuación sobre os Institutos Universitarios de Investigación da USC no Consello de Goberno do día 29 de xullo de 2016.
- (2016) Creación de dúas agrupacións estratéxicas (CRETUS⁹ e AEFIS) na ETSE e na Facultade de Física respectivamente, que lograron financiamento da Xunta de Galicia (DOG 211, do 5 de novembro do 2015)
- (2016) Creación dun modelo de gobernanza singularizado para os programas de investigación institucionais (Instrución IX/2015 da Xerencia, para a definición e articulación operativa dos PIXI)
- (2016) Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para o impulso eficiente das estruturas de investigación, asinado o 19 de setembro de 2016.
- (2016) Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago para a adecuación e posta en marcha das estruturas de investigación., asinado o 27 de maio de 2016.

⁹ A denominación que aparece no DOG é CIDA, pero posteriormente o nome pasou a ser en CRETUS

Código	APP040-PI-1518
Acción	Planificar a sostibilidade económica, a optimización e o rendemento da RIAIDT
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) precisa dunha reorganización funcional e técnica das súas necesidades, tanto no campus de Lugo como no de Santiago. Establecerase unha nova política de prezos, de servizos e de publicidade.	
Programación inicial	A planificación realizarase no ano 2015 co obxectivo de lograr a sostibilidade no ano 2018.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A información aportada pola Contabilidade Analítica permitirá elaborar un plan de actuación para lograr o obxectivo definido nesta acción da Programación Plurianual, xa que nela se define que existe un importante marxe de mellora para a cobertura de custes. No ano 2017 establecerase unha nova política de información sobre este servizo, así como unha actualización de prezos.	

Data de comprobación	16/10/2017
Data de finalización	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
No ano 2017 definíronse e implementáronse as novas tarifas reorganizadas por tipoloxía de cliente e, a partires da mesma trabállese na actualización por perfís de servizo e actor. No ano 2017 obtívose financiamento por importe de 2.5M€ na Convocatoria de Infraestruturas FEDER do MINECO para actualizar importantes servizos da RIAIDT.	

Evidencias asociadas	
A RIADT xerou uns ingreso no ano 2015 de 633.405,54 euros Actualización das tarifas da RIAIDT nos orzamentos do ano 2015 Reorganización das tarifas (separando prezos para a USC, Opis e privados) nos orzamentos do ano 2016	

Código	APP041-PI-1518
Acción	Atracción de PDI internacional
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria e Xestión institucional
Liña estratéxica	Procura da excelencia na docencia e Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
<p>A internacionalización da investigación, dos grupos e dos investigadores é imprescindible para a Universidade de Santiago de Compostela. Para logralo, utilizaranse os recursos de captación en convocatorias competitivas como as Ramón y Cajal e similares. Establecerase unha estratexia para a busca proactiva de persoal nas áreas con déficit de profesorado, como ofertar a candidatos seleccionados en convocatorias Ramón y Cajal, Starting, Consolidator, Advanced Grant, etc. Un dos obxectivos a lograr é o selo HR Excellence in Research.</p>	
Programación inicial	Accións específicas para cada unha das convocatorias entre os anos 2015 e 2018.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Iniciouse o proceso para a consecución do HR Excellence in Research, creando os grupos de traballo e contratando o servizo dunha consultora especializada. Establecéronse accións encamiñadas a aumentar a calidade das propostas ao European Research Council (ERC) e realizáronse adestramentos específicos dos candidatos Starting Grant e Consolidator Grant que cheguen á fase de entrevista. Traballouse e apoiouse á GAIN no deseño do Programa OPORTUNIUS como instrumento para ofertar condicións de traballo e un marco de estabilidade atractivo a investigadores de excelencia que se incorporen ao SUG, así como medidas de apoio directa aos investigadores que pasan a fases finais do proceso ERC. Impulsouse a participación de novas Areas de Coñecemento, especialmente as Areas con déficit docente nos programas de incorporación de investigadores (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie...)</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>En liña coas actuacións do ano anterior, ademais das xa mencionadas, contémpanse accións específicas dentro do plan de acción do HRS4R. En concreto, a acción 7 do plan de acción recolle o deseño dun protocolo para a difusión internacional dos procesos selectivos, cuxa elaboración está en curso.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Constitución dos grupos de traballo para a consecución do HR Excellence en xuño do 2016 	

- (2016, 2017) Aumento do número de investigadores Starting Grant que elixen a USC como universidade de destino

Código	APP042-PI-1518
Acción	Mellorar o éxito nas convocatorias xurdidas no marco do Programa Horizonte 2020
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Cara a excelencia investigadora
Descrición	
<p>O éxito nos programas de investigación internacionais é clave para a mellora de resultados. Para logralo reforzase a unidade de proxectos europeos, estableceranse accións encamiñadas a aumentar a calidade das propostas ao European Research Council e realizarase un adestramento específico dos candidatos Starting Grant e Consolidator Grant que cheguen á fase de entrevista.</p> <p>Tamén se mellorará a presenza nos centros de tomas de decisión europeas, como aumentar a presenza na oficina compartida coas outras universidades de Galicia. Fomentarase a presenza de PDI da Universidade de Santiago de Compostela en paneis de avaliación e estableceranse novas sinerxías co programa Erasmus+.</p>	
Programación inicial	As accións iniciaranse no ano 2015, continuando até o 2018.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Para o cumprimento do obxectivo trabállase nunha dobre dirección: Por unha parte a Oficina de Proxectos Europeos desenvolve un programa de traballo actuando sobre áreas de especialización e focos concretos optimizando a dinamización de grupos e a súa colaboración en tópicos específicos. Ao mesmo tempo estase a impulsar a presenza de investigadores e xestores en plataformas internacionais para un mellor posicionamento da USC no acceso ás convocatorias. Por outra parte, no marco de un Convenio impulsado coa Consellería de Educación, estableceuse un equipo de traballo conxunto e unha estratexia común con FEUGA incrementando o apoio técnico aos grupos no impulso e preparación de candidaturas. O Convenio con FEUGA permite á USC dispor de un técnico de apoio asentado permanentemente en Bruxelas.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A estratexia de impulso á internacionalización da investigación continuou avanzando no programa de traballo proposto e dirixido á mellor definición de áreas e focos de especialización dos grupos de investigación co fin de que os mesmos estean aliñados cos tópicos e prioridades específicas de diferentes programas e iniciativas comunitarias, como o programa europeo de IDT H2020, favorecendo tanto a súa participación como o liderado de proxectos, ou o de Cooperación Territorial (Interreg V) fomentando a colaboración no marco das estratexias de especialización rexionais.</p>	

Nesta liña solicitouse unha axuda á convocatoria 2017 de Redes e Xestores do Plan Estatal para a continuación das accións estratéxicas de especialización e dinamización de grupos para o período 2017-2018. Esta axuda foi concedida (Outubro 2017) asignándose o 100% da financiación solicitada.

Igualmente, a través da coordinación de accións entre a Unidade Técnica de Proxectos Europeos de I+D e o Servizo de Relacións Exteriores (SRE), continuouse a dinamización da participación e colaboración internacional dos grupos de investigación no eido do programa europeo de apoio á educación e mobilidade (Erasmus +) .

- Mantívose, a través do convenio impulsado pola Consellería de Educación, a colaboración con FEUGA no apoio técnico aos grupos para a presentación de candidaturas nos diferentes programas referenciados anteriormente.
- Promoveuse a formación dos técnicos e xestores de I+D na promoción e xestión de proxectos en cursos especializados tanto en España como en estancias e programas en Bruselas.
- Aprobouse unha Normativa específica para facilitar a xestión de recursos nos proxectos europeos abrindo a porta a incentivos para impulsar a participación dos investigadores da USC neste marco competitivo.
- Finalmente, hai que salientar o apoio técnico que xunto con outras estruturas (como Oportunius-GAIN ou Oficina Europea-MINECO) foi proporcionado ao persoal investigador vinculado ou non á USC, dirixido fomentar a participación e mellorar a calidade das propostas que se presentan no eido dos programas de Excelencia investigadora xestionados polo Consello Europeo de Investigación (ERC).

Evidencias asociadas

- (2015) Incremento dos investigadores da USC que chegan á fase de entrevista das convocatorias do ERC. Incremento, no ano 2015, do 68,7% de proxectos acadados en convocatorias internacionais de investigación
- (2016) Negociación para a redacción do Decreto 64/2016 polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido, publicado no DOG 112, do 14 de xuño de 2016
- (2016) Constitución de un plan de traballo con FEUGA
- (2016) Incorporación dun posto de traballo temporal para a coordinación entre a unidade de Proxectos da CITT e o Servizo de Relacións Exteriores.
- (2016) Aprobación da Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa horizonte 2020 no CG 29 xullo 2016
- (2017) Incremento da taxa de éxito (até o 30%) das propostas aprobadas e aumento do número de proxectos aprobados ((8, 1 deles coordinado) nas convocatorias 2016 do H2020 respecto as do 2015.
- (2017) Incremento (33%) das solicitudes presentadas na convocatoria 2017 do ERC e maior número de finalistas (3) que chegan á fase de entrevista respecto ás convocatorias 2015 e 2016.

- (2017) Obtención de axudas no eido das Accións Marie Sklodowska-Curie de captación de talento e mobilidade do persoal investigador.
- (2017) Activa participación nos programas de Cooperación Territorial (Interreg) nas diferentes modalidades e aprobación dun total 15 proxectos(10 dentro do POCTEP e 5 no programa Espazo Atlántico).

Código	APP043-PI-1518
Acción	Creación e execución dun plan específico de internacionalización da investigación en Ciencias Sociais e Xurídicas e Humanidades
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
<p>A investigación e os resultados obtidos nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e na de Humanidades precisa dunha estratexia específica de internacionalización. A planificación fundamentarase no reforzo da unidade de proxectos europeos especializada, na busca proactiva de participación de consorcios e na atracción de persoal por convocatorias competitivas de rango internacional.</p>	
Programación inicial	A planificación desenvolverase no ano 2015 e as accións iniciaranse de xeito completo no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Dentro do plan de acción que está elaborando a comisión redactora do Campus da Cidadanía, establécese a elaboración deste plan de internacionalización, que conta coa participación activa coa Vicerreitoría de Internacionalización, do mesmo xeito que sucede co Plan Estratéxico de Internacionalización do Campus Terra. Esta acción está relacionada coa APP016.</p>	

Data de comprobación	16/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>A execución desta acción enfocouse dende dúas vías coordinadas. Por unha banda, o plan estratéxico de internacionalización contempla unha acción (acción 3.4) para a creación e execución dun plan específico de internacionalización da investigación nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades. Por outra banda, o propio plan estratéxico do Campus da Cidadanía (cuxa presentación está prevista antes de finais de 2017, para ser sometido a aprobación por parte do Consello de Goberno), contempla accións propias de internacionalización da investigación. Ditas actuacións está coordinadas, coa presenza e participación do comisionado para o Campus da Cidadanía na comisión redactora do Plan Estratéxico de Internacionalización.</p> <p>En concreto, na liña estratéxica 5 do borrador do Plan Estratéxico do Campus da Cidadanía (pendente de aprobación), recóllense aquelas actuacións encamiñadas a incentivar os procesos de internacionalización da actividade investigadora e das iniciativas de cooperación interuniversitaria nas Ciencias Sociais e Xurídicas, nas Artes e Humanidades. En concreto, propóranse accións encamiñadas a incrementar o potencial internacional e de cooperación interuniversitaria, a participación activa nas actuacións previstas para a dinamización e cooperación no “Programa de apoio ás</p>	

convocatorias de proxectos internacionais de investigación e cooperación” e ao deseño dun programa de atracción de talento estranxeiro, naqueles ámbitos do saber especializado que nas Ciencias Sociais e Xurídicas, nas Artes e Humanidades teñan máis dificultade para a incorporación e/ou retorno de xoves investigadores, e/ou de investigadores consolidados.

Evidencias asociadas

- (2017) Plan Estratéxico de Internacionalización. (Pendente de aprobación por Consello de Goberno en outubro de 2017).
- (2017) Plan Estratéxico de Campus da Cidadanía, en elaboración, con previsión de ser sometido a aprobación polo Consello de Goberno antes de finais de 2017.

Código	APP044-PI-1518
Acción	Consolidación, reforzo e creación de Campus de Excelencia
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	Transferencia efectiva do coñecemento O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
<p>O Campus Vida ten que ser un dos puntos de proxección cara ao exterior. É necesario modificar a actual estrutura, en particular creando a figura dun director que coordine as accións e asuma a responsabilidade de consolidación e crecemento do Campus. Establecerase un modelo máis axeitado de coordinación entre centros singulares, as distintas áreas relacionadas coas ciencias da vida e outras áreas estratéxicas, así como a transferencia de tecnoloxía.</p> <p>En relación co Campus Terra, no Campus de Lugo, crearase un Comité Asesor Externo, cunha revisión do procedemento de consulta e información internos. Tamén se revisarán as áreas de especialización, oferta académica, gobernanza e actuacións no ámbito da investigación. Establecerase un novo convenio coa Secretaría Xeral de Universidades para a reelaboración do proxecto para a presentación definitiva no primeiro semestre de 2015.</p> <p>A Universidade de Santiago precisa tamén da creación do Campus da Cidadanía, un proxecto que permita a excelencia internacional nas áreas de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Humanidades. O proxecto, coa mesma filosofía que os anteriores, pretende completar a estratexia de Campus Internacionais na década dos anos vinte do século XXI. Presentarase un Plan de Traballo para a futura concreción do Campus da Cidadanía no segundo semestre de 2015</p>	
Programación inicial	A planificación desenvolverse ao longo de todo o período da programación plurianual

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Cumpríronse os obxectivos de creación dunha comisión externa para o Campus Terra, así como a elaboración dun novo plan estratéxico que foi aprobado pola Xunta de Galicia. Tamén se constituíu o equipo de traballo para o desenvolvemento do proxecto Campus da Cidadanía. Iniciouse o proceso de dotación necesario para a posta en marcha do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA) e das instalacións necesarias para a actividade da Agrupación Estratéxica de Física Fundamental e Aplicacións na Tecnoloxía e a Saúde (AEFIS)</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Continuáronse as actividades de reforzo e consolidación da actividade dos campus de excelencia, con especial pulo durante o ano 2017 ao proxecto do Campus da Cidadanía.</p>	

Durante este período, a comisión designada a tal efecto, elaborou un borrador do plan estratéxico que será sometido a exposición pública e presentado ao Consello de Goberno para a súa aprobación antes de finais de 2017, xunto cun plan de acción para o 2018.

No Campus Terra fortalecéronse as estruturas de investigación a través das seguintes iniciativas:

- Actuacións na RIAIDT en Lugo: traslado do Fitotrón (2015) e reparación de equipamentos (2017)
- Mellora das estruturas de madeira na Estación Científica do Courel (2015)
- Construción da cuberta GridShell para a Plataforma Tecnolóxica de Enxeñaría da Madeira Estrutural (2016)
- Mellora de invernadoiros do Campus Terra (2016)
- Adecuación do animalario do Campus Terra ao Real Decreto 53/2013 (2016)
- Acondicionamento de laboratorios de investigación alimentaria na Facultade de Ciencias (2016)
- Creación da Adega experimental do Campus Terra na EPS de Enxeñaría (2016)
- Equipamento para a Granxa Experimental do Campus Terra (2017)

O Campus Vida é un proxecto consolidado, que nesta fase precisa dunha modificación da súa Gobernanza, impulsando o desenvolvemento organizativo da Rede de Centros Singulares de Investigación facilitando e o seu papel tractor así como a operativa integración de novos centros e unidades nos obxectivos e programas do campus. Con este obxectivo, creouse o cargo de comisionado/a do/a reitor/a para o Campus Vida e a coordinación da rede de Centros Singulares de Investigación. Neste marco de coordinación e aliñamento de capacidades deberá considerarse adicionalmente a integración coherente doutras unidades de investigación que deben cobrar protagonismo e presenza no Campus Vida nos vindeiros meses. Dunha banda, centros de investigación como o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías -recentemente recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu polo MINECO – ou algúns dos Institutos recentemente avaliados (como CRETUS) que integran capacidades altamente competitivas. Complementariamente, dúas novas infraestruturas que, como plataformas, desenvolverán as máis avanzadas técnicas de experimentación biomédica baseada en modelos animais (CEBEGA1) e na aceleración de partículas con láser para a produción de radioisótopos (L2A22). Proximamente estarán ámbalas dúas plenamente operativas para o seu funcionamento e explotación, e os seus servizos e utilidades deben vertebrarse eficientemente coas liñas de investigación de distintos grupos, así como articularse de forma práctica coa demanda dos axentes do sistema de innovación (hospitais, empresas, universidades do SUG...).

Evidencias asociadas

- (2015) Sinatura do convenio coa Xunta de Galicia para o plan de actuación 2015-2016 do Campus Terra, con data 4 de setembro de 2015
- (2016) Aprobación do Comité externo do Campus Terra pola Comisión reitora en reunión celebrada o 14 de xaneiro de 2016

- (2015) Aprobación da Comisión de redacción do Plan Estratéxico do Campus da Cidadanía, en reunión do Consello de Goberno celebrada o 8 de maio de 2015
- (2015) Aprobación da memoria inicial do Campus da Cidadanía, en reunión do Consello de Goberno celebrada o 8 de maio de 2015
- (2016) Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago para a adecuación e posta en marcha das estruturas de investigación., asinado o 27 de maio de 2016.

Código	APP045-PI-1518
Acción	Novo modelo de xestión do edificio Emprendia
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>O Emprendia converteuse no lugar de referencia para todos aqueles membros da comunidade universitaria que queiran iniciar procesos de emprendemento. Por esa razón cómpre facer unha análise profunda da súa xestión para adaptalo ás novas tendencias deste campo. Do mesmo xeito, debe facerse un reaxuste nos criterios de ocupación e liberación de espazos.</p>	
Programación inicial	Establecer os novos criterios no ano 2015.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
<p>Durante o período analizado, o edificio Emprendia acolleu novos proxectos que xa foron situados e organizados conforme ás directrices desta acción da programación plurianual, como por exemplo a empresa Situm Technology ou a sala Yuzz. Na actualidade, estase desenvolvendo un estudo sobre as novas capacidades do edificio e análise de mecanismos máis eficaces de xestión.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
<p>O consello de administración de UNINOVA formulou un novo plan de empresa, no que se contempla a cesión demanial por parte da USC do edificio Emprendia á citada empresa pública para que os rendementos da súa explotación, xunto con encomendas de xestión a realizar por parte do Concello, lle dean viabilidade empresarial evitando continuas aportacións de capital por parte dos socios. Do estudo sobre os mecanismos máis eficaces de xestión derivouse que debería de ser a propia incubadora da USC a que xestionase directamente os alugueres do edificio. Fíxose unha análise de situación que se concreta no Plan Estratéxico da Incubadora de Empresas no que se salientan tres aspectos principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A necesidade dunha dirección/xerencia (actualmente está sendo xerenciada polo conselleiro delegado). - A necesidade da cesión demanial do edificio. Actualmente a cesión está en fase borrador, con data prevista de presentación ao Consello de Goberno da USC a mediados de novembro. - A actualización das tarifas de aluguer a prezos de mercado. Analizáronse as tarifas de aluguer de tres viveiros de incubación próximos e fíxose unha nova proposta de tarifas pendente de aprobar, ao mesmo tempo que se fai a cesión demanial. Será xa o Consello de Administración da Incubadora o encargado da súa aprobación. 	

As novas tendencias dan maior cabida e presenza ao emprendemento derivado de estudantes (Startups), sen descoidar o derivado dos grupos de investigación (SpinOffs). Así, estendeuse o programa de emprendemento para mozas e mozos YUZZ no Campus de Lugo, tendo rematado en xuño a súa primeira edición con grande éxito na finalización dos plans de negocio.

Evidencias asociadas

- (2016) Incorporación de novos proxectos ao edificio Emprendia conforme a novos criterios.
- (2017) Plan Estratéxico da Incubadora de Empresas.

Transferencia de coñecemento e accións de emprendemento

Código	APP046-PI-1518
Acción	Definición de políticas institucionais en transferencia e emprendemento
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	Transferencia efectiva do coñecemento
Descrición	
Establecerase un programa para a revisión, discusión, definición e aprobación dos regulamentos de patentes e de creación de empresas de base tecnolóxica que mellore a burocracia agora existente e permita unha mellor axilidade e eficiencia.	
Programación inicial	Definición do programa en 2015 e implantación das medidas a partir do curso 2015-2020.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2016
Informe da actividade	
<p>En marzo de 2016 constituíuse unha mesa de traballo para a redacción do Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na Universidade de Santiago De Compostela, que remitiu un borrador ao equipo de goberno en xullo do mesmo ano.</p> <p>En Xuño de 2016 constituíuse outra mesa de traballo para a redacción do Regulamento de creación de empresas de base tecnolóxica (EBT) da Universidade de Santiago De Compostela, que ten finalizado o seu traballo a falta dunha revisión sobre a inclusión da perspectiva de xénero no texto, e a revisión polo Servizo de Normalización Lingüística da USC.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Apróbase en Consello de Goberno de 27 de outubro de 2016 o Regulamento de Protección, Explotación e Participación de Resultados de Investigación Xerados na Universidade de Santiago de Compostela. Apróbase en Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017 o Regulamento de creación de Empresas de Base Tecnolóxico (EBT) da Universidade de Santiago de Compostela.</p>	

Evidencias asociadas	
<p>- (2017) Regulamentos aprobados polo Consello de Goberno: http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion/index.html</p>	

Código	APP047-PI-1518
Acción	Mellorar os mecanismos de fomento e axuda ao emprendemento
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	O estudantado: valor de presente e futuro
Descrición	
O obxectivo é consolidar os programas propios da USC para a valorización de resultados do “Acelerador de Transferencia” e do programa ARGOS (creación de equipos de emprendedores), así como a participación activa noutros programas de valorización.	
Programación inicial	As accións implantaranse a partir do ano 2015.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Acelerador de Transferencia, convocatoria de 2015: febreiro de 2016 Acelerador de Transferencia, convocatoria de 2016: Decembro de 2016 Argos 2015: Entrega de premios en abril de 2016 Argos 2016: Previsto abril de 2017
Informe da actividade	
<p>A actividade dos programa de Aceleración de Transferencia, e Argos artículanse con convocatorias anuais. As convocatorias de 2015 resolvéronse no primeiro semestre de 2016, e paralelamente convocáronse as propias de 2016 que están agora mesmo no seguinte estado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acelerador de Transferencia: en fase de resolución, antes de fin de ano - Argos: En fase de recepción de candidaturas para a captación de emprendedores que formarán os equipos ARGOS. Este programa desenvólvese en paralelo coa actividade docente do primeiro cuadrimestre de cada curso. <p>Asemade a área de Valorización coordina a edición do programa YUZZ-Santiago, de fomento da actividade emprendedora por parte dos alumnos, que acaba de abrir a convocatoria de recepción de CVs. Na convocatoria que acaba de abrirse a USC coordinará os programas de YUZZ-Santiago e YUZZ-Lugo (de nova creación).</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Continúa coa súa periodicidade anual tanto a actividade do programa de Aceleración de Transferencia, como o de Argos de xeito que a convocatorias de 2016 resolvéronse no primeiro semestre de 2017, e paralelamente convocáronse as propias de 2017 que están agora mesmo no seguinte estado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acelerador de Transferencia: en fase de resolución, antes de fin de ano (foi convocado o 15 de maio, e ten prevista a resolución no mes de decembro) 	

- Argos: En fase de recepción de candidaturas para a captación de emprendedores que formarán os equipos ARGOS na convocatoria de 2017. Este programa desenvólvese en paralelo coa actividade docente do primeiro cuadrimestre de cada curso. (foi convocado o 11 de setembro, e finalizará ao longo de maio)

Ao igual que no ano 2016, a área de Valorización coordina a edición do programa YUZZ-Santiago, de fomento da actividade emprendedora por parte dos alumnos, que acaba de este ano denominarase Explorer, e está a punto de abrir a convocatoria de recepción de CVs. A USC coordinará os programas de YUZZ-Santiago (e YUZZ-Lugo (segunda edición)

Por outra banda mantéñense as convocatorias anuais de premios de ideas e de proxectos. Neste momento foi resolta a convocatoria de premios do XV Concurso de ideas empresariais innovadoras (convocatoria de 2016 resolta en 2017), e está en fase de resolución (análise de proxectos previa convocatoria de xurado), da convocatoria do XVI concurso de proxectos empresariais innovadores.

A universidade, a través de Uninova, lidera o proxecto Erasmus +, Young Entrepreneurs in Motion, YEIM, dirixido a emprendedores novos, e de mobilidade empresarial de emprendedores en Europa. O programa arrancou en marzo de 2017 e rematará en marzo de 2019.

Evidencias asociadas

- Memorias da Área de Valorización de Transferencia do ano 2015, 2016 e 2017.
- (2017) Acelerador de Transferencia por parte dos grupos de investigación beneficiarios. Convocatoria:
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/investigacion/avte/descargas/Acelerador_de_Transferencia/2017_Acelerador_ga_vWeb.pdf
- (2016, 2017) Programa YUZZ, con convocatoria aberta para as sedes de Santiago e Lugo, dispoñible en <http://yuzz.org.es/formulario-inscripcion/>
- (2016, 2017) Convocatoria de ARGOS:
<http://www.usc.es/gl/investigacion/avte/emprendedores/argos.html>
- (2017) Resultados do programa YEIM:
<http://www.uninova.org/ga/lector.asp?id=68>

Código	APP048-PI-1518
Acción	Xestión e mellora da transferencia de resultados
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	Transferencia efectiva de coñecemento
Descrición	
<p>A transferencia de resultados é imprescindible no proceso investigador. Detectouse que boa parte dos resultados obtidos dentro das liñas de investigación da USC non poden ser absorbidos pola industria local, polo que cómpre buscar contactos externos, e mellorar a conexión con inversores e empresas estranxeiras.</p>	
Programación inicial	A planificación establécese no ano 2015 e as accións inicianse no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento participa e representa á USC en diferentes redes (OTRI, RedEmprendia, etc.) que facilitan mecanismos de conexión con contactos externos para a difusión dos resultados de investigación. Asemade as empresas da USC participadas por UNIRISCO acceden a roldas de financiamento estranxeiro a través dos mecanismos que a entidade ten a tal efecto.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento participa e representa á USC en diferentes redes (OTRI, RedEmprendia, etc.) que facilitan mecanismos de conexión con contactos externos para a difusión dos resultados de investigación.</p> <p>Participa en tres proxectos internacionais de fomento do emprendemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - UNISON- Erasmus +, da man do servizo de Relacións Exteriores da USC - SOLA- Erasmus + , do que agora é o coordinador - CTB - Cluster Transfronterizo de Biotecnología: POCTEP Galicia-Norte de Portugal <p>Asemade as empresas da USC participadas por UNIRISCO acceden a roldas de financiamento estranxeiro a través dos mecanismos que a entidade ten a tal efecto.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) GenDR, grupo de emprendedores ARGOS, gaña o premio internacional Model2Market no evento SPIN2016 	

- (2016) Situm, empresa de spinoff da USC, accede a roldas de financiación internacional
- (2016) Nanogap, empresa de spinoff da USC, amplía o seu capital social con inversión estranxeira
- (2017) Documentación derivada dos proxectos citados:
 - o UNISON: <http://www.usc.es/es/proxectos/unison>
 - o SOLA: <https://www.redemprendia.org/es/progrmas/sola>
 - o CTB: <http://www.poctep.eu/es/2014-2020/ctb-cluster-transfronterizo-de-biotecnologia-consolidacion-credimineto-y-competitividad>

Código	APP049-PI-1518
Acción	Reforzo da capacidade operativa da Área de Valorización e Transferencia
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A través da consolidación e ampliación de especialistas sectoriais (Técnico Humanidades e Ciencias Sociais) e funcionais (Técnico Valoración financeira) preténdese mellorar a capacidade operativa desta área estratéxica. Crearanse tamén mecanismos de busca de financiamento externo.	
Programación inicial	As accións implantaranse a partir do ano 2015.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Incorpórase un técnico en Humanidades e Ciencias Sociais. Participase a través da rede da que somos socios RedEmprendia, en programas de crowdfunding para spinoffs	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	Acción continua
Informe da actividade	
Mantense un técnico para Humanidades e Ciencias Sociais, e incorpórase unha nova persoa ao equipo de traballo, vinculada ao proxecto SOLA, que da soporte á creación de SpinOffs. Ademais, estase a redactar unha proposta para concorrer á convocatoria do INCYDE "Incubadoras de Alta Tecnoloxía" cunha proposta de especialización na USC de biotecnoloxía. Espérase que a convocatoria saia ao longo do mes de outubro, xa que foi feita a presentación pública o día 2 de outubro de 2017.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Incorporación de novo persoal á Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) - (2016) CELTALGA Extract S. L., empresa de spinoff da USC, consegue financiamento na modalidade de crowdfunding en xullo de 2016, para o lanzamento do seu produto Salvora: http://www.lanzanos.com/redemprendia/proyectos/salvora-sea-conscious-beauty/ - (2017) Incorporación de persoal asociado ao proxecto SOLA. - (2017) Borrador de proposta de creación dunha Incubadora de Alta Tecnoloxía en Biotecnoloxía. 	

Código	APP050-PI-1518
Acción	Establecer un modelo de coordinación e comunicación con outros axentes sociais implicados no proceso de transferencia e emprendemento
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Relación co contorno
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos e Transferencia efectiva do coñecemento
Descrición	
<p>O obxectivo é crear mecanismos eficaces de participación activa e colaboración con entidades representativas do tecido tecnolóxico galego (Plataforma de Tics de Galicia, Clúster da Saúde), de organización conxunta de actividades coa Oficina Española de Patentes e Marcas e coa European Patent Office, así como o reforzo e intensificación na colaboración cos distintos axentes (Fundación Bankinter. Consellería de Traballo, IGAPE, ..) nos programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (“Erasmus for Young Entrepreneurs”).</p>	
Programación inicial	As accións implantaranse a partir do ano 2015.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A través de Uninova, a incubadora de empresas de spinoff da USC, estase a desenvolver un proxecto de transferencia no que participa o concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Empresarios do Tambre. Por outra banda o Adxunto ao reitor para Transferencia participa activamente nunha mesa de traballo para a dinamización de solo industrial co obxectivo da implantación de empresas de base tecnolóxica. Esta mesa de traballo é liderada pola Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, e participan o concello, o IGVS, e a Cámara de Comercio. Estase a traballar coa Cámara de Comercio na solicitude a INCYDE de fondos para unha incubadora de alta capacidade. Colabórase coa Fundación Bankinter na organización dun curso sobre innovación e transferencia. Por outra banda Uninova participa na nova convocatoria da UE Erasmus for Young Entrepreneurs, sendo unha das incubadoras que poderán xestionar este programa o vindeiro ano.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Séguese a participar na mesa de traballo para a dinamización do solo industrial de Santiago de Compostela. Ademais, mantivéronse contactos con BIOGA, CLUSAGA e MADEIRA. Tamén segue a haber unha relación fluída coa Fundación Bankinter, nunha nova edición dun curso sobre innovación e transferencia. Estase a desenvolver xa o proxecto Erasmus for Young Entrepreneurs, no que hai estreita colaboración con socios europeos.</p>	

Asemade, colabórase coa Deputación da Coruña na resolución dos premios que anualmente conceden para emprendemento, e estase a traballar na redacción dun convenio específico para o apoio e fomento do emprendemento na USC. Creouse tamén o centro de emprendemento do Campus Terra no ano 2017 na Facultade de ADE. As obras están agora mesmo en execución e rematarán a finais do 2017.

Evidencias asociadas

- (2016, 2017) Organización do curso Akademia en colaboración coa Fundación Bankinter, dispoñible en <http://www.uninova.org/ga/eventos.asp?id=119> e <http://www.uninova.org/ga/eventos.asp?id=128>
- (2016) Xornada de lanzamento do proxecto SPIN&UP, dispoñible en <http://www.spinandup.gal/novas/>
- (2016, 2017) Participación en el programa Erasmus for Young Entrepreneurs, dispoñible en <http://www.uninova.org/ga/lector.asp?id=68>
- Actas das xuntanzas cos clústeres.
- Proposta de colaboración coa Deputación da Coruña en materia de emprendemento.

Comunidade universitaria

Persoal Docente e Investigador

Código	APP051-CU-1518
Acción	Elaboración dun cadro de persoal teórico de PDI
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade. Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal.
Descrición	
A USC debe dotarse dun cadro teórico de persoal, independente das necesidades conxunturais, que lle permita xestionar os seus recursos humanos para acadar os obxectivos docentes e investigadores cun nivel axeitado de calidade.	
Programación inicial	Aprobación do cadro de PDI no final do curso 2014/2015.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
<p>Esta actividade tivo que ser adiada debido aos importantes cambios que se produciron no panorama normativo, político e estratéxico da USC. Neste tempo comezou a aplicación dunha nova lei autonómica que regula o sistema universitario (a lei 6/2013 do 13 de xuño) que cambiou varios aspectos relacionados coa docencia, así como o Real Decreto 43/2015 do dous de febreiro que aínda non está activado na súa totalidade e que modifica substancialmente a capacidade docente que pode ter un profesor. Do mesmo xeito, na USC establecéronse medidas estratéxicas, como a creación de dobres graos, novos másteres e incluso a solicitude de novos graos ou a transformación dalgúns xa existentes.</p> <p>Esta situación impediu definir claramente as necesidades e as capacidades docentes, polo que se tivo que adiar a finalización desta acción prevista na programación plurianual.</p> <p>Na nova previsión, establécese finais de 2016 como data límite para aprobar en Claustro o documento que desenvolve as figuras docentes e investigadoras indicadas nos estatutos, un documento fundamental para definir a tipoloxía e capacidade docente dos profesores. No período realizouse unha revisión dos criterios de afinidades entre áreas, un elemento tamén importante para definir as capacidades docentes e elaborouse un documento de Planificación Plurianual en Materia de PDI na Universidade de Santiago de Compostela Período 2016—2020, que permite coñecer de xeito preciso as posibilidades e os compromisos en materia de PDI para este período</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Novamente, a actividade debeu ser parcialmente adiada debido aos importantes cambios que se produciron ou están a piques de producirse a tres niveis:</p> <p><u>USC</u>: creación de dobres graos, solicitude de novos graos e/ou transformación dalgúns xa existentes, solicitude de novos másteres ou modificación/supresión dalgúns xa implantados, desenvolvemento dos proxectos de Campus Terra en Lugo e do Campus da Cidadanía en Compostela</p> <p><u>Autonómico</u>: cambio normativo derivado da lei 6/2013 do 13 de xuño, e cambio no mapa de titulacións do SUG aínda sen decisión definitiva).</p> <p><u>Nacional</u>: cambio normativo derivado do Real Decreto 43/2015 (aplicado parcialmente), ausencia dun estatuto do PDI que determine as funcións das figuras do PDI funcionario (a elaboración dun documento de mínimos neste ámbito aínda está pendente).</p> <p>Esta situación impediu definir claramente tanto as necesidades docentes da nosa universidade, en tanto que non están definidas as titulacións a ofertar, como a capacidade do profesorado co que conta actualmente a USC es os que eventualmente podería necesitar incorporar nalgunhas áreas, dado que non está definida a capacidade lectiva e as tarefas ñas que pode dedicar a súa xornada o profesorado de cada unha das categorías, ben de corpos docentes universitarios ou laborais.</p> <p>Aínda con estas limitacións fíxose unha actualización do Cadro de PDI para o curso 2017-18 baseada nos Criterios para a Determinación das Necesidades Docentes Estruturais do Cadro de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela (CG 23/03/2012).</p> <p>No período realizouse unha revisión dos criterios de afinidades entre áreas, un elemento tamén importante para definir as capacidades docentes e elaborouse un documento de Planificación Plurianual en Materia de PDI na Universidade de Santiago de Compostela Período 2016—2020, que permite coñecer de xeito preciso as posibilidades e os compromisos en materia de PDI para este período</p>	

Evidencias asociadas
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Revisión dos criterios de afinidade entre áreas - (2016) Planificación Plurianual en Materia de PDI na Universidade de Santiago de Compostela Período 2016—2020 (dispoñible en http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/Planificacion_PDI_2014_2020.html) - (2017) Aplicación dos Criterios Estruturais para o Cálculo do Cadro de PDI da USC no curso 2017-2018 (28 de setembro) en http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/profesorado/descargas/datos_estructurais/Aplicacion-dos-Criterios-Estructurais-para-o-Calculo-do-Cadro-de-PDI-da-USC-no-curso-2017-18-28-de-setembro-de-2017.pdf

Código	APP052-CU-1518
Acción	Elaborar uns criterios para o recoñecemento efectivo de todas as actividades desenvolvidas polo PDI.
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
Descrición	
<p>Resulta imprescindible cuantificar todas as actividades (docentes, investigadoras, e de xestión, divulgación e transferencia) que desenvolve o PDI co fin de poñer en valor todas elas e de romper coa práctica habitual de medir a dedicación do profesorado en horas de docencia presencial.</p>	
Programación inicial	Elaboración dos criterios a finais do curso 2014/2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>O retraso na aprobación do decreto que regula o Estatuto do Persoal Docente e Investigador (ordenado pola disposición adicional sexta da LOMLOU) impide cumprir satisfactoriamente esta medida recollida na programación plurianual. Sen embargo, e namentres non se defina o marco normativo de referencia, estase elaborando un catálogo para as figuras da USC e vinculado á normativa que se aproba para o desenvolvemento das figuras de PDI indicadas nos estatutos.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Aínda que dende o ministerio, e no marco de un pacto de Estado sobre educación, marcouse como prioritario chegar a un texto de mínimos consensado entre as diversos partidos políticos no referente ao Estatuto do Persoal Docente e Investigador (ordenado pola disposición adicional sexta da LOMLOU), este aínda non se produciu, o que impide cumprir satisfactoriamente esta medida recollida na programación plurianual, dado que o Estatuto do PDI constitúe o marco normativo de referencia onde obrigatoriamente se ten que situar esta acción, aínda que se este a traballar nun catálogo para as figuras da USC e vinculado á normativa que se aproba para o desenvolvemento das figuras de PDI indicadas nos estatutos.</p>	

Evidencias asociadas

Código	APP053-CU-1518
Acción	Elaboración de unha nova normativa que regule as figuras honoríficas de Profesor e Investigador “Ad Honorem” no marco do regulamento de honras e distincións da Universidade de Santiago de Compostela
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal e Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
A nova normativa reaxustará os criterios actuais de concesión e propiciará unha maior moderación no número de Profesores/Investigadores “Ad honorem”, a fin de evitar situacións complexas en determinadas áreas, departamentos e centros derivadas das limitacións nas infraestruturas e nos recursos. A normativa recollerá tamén a relevancia social dos “Ad Honorem”.	
Programación inicial	A normativa deberá aprobarse no ano 2015 e entrará en vigor no curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	18/06/2015
Informe da actividade	
Desde a aprobación da programación plurianual aprobouse a normativa que regula a figura do profesor “Ad Honorem” que recolle o mandato desta programación plurianual. A norma entrou en vigor o 18 de xuño de 2015	

Evidencias asociadas	
Aprobación do Regulamento das figuras honoríficas de profesor e investigador “Ad Honorem” da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión do Consello de Goberno celebrada o 5 de xuño de 2015 e publicada o 17 de xuño de 2015.	

Código	APP054-CU-1518
Acción	Elaborar unha nova normativa que regule a figura do profesor emérito
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
<p>A posibilidade de poder seguir contando, despois da súa xubilación, de profesores que teñan prestado servizos destacados na Universidade e acadado un elevado nivel nos ámbitos da docencia e da investigación, é unha das accións relevantes da Universidade de Santiago incluída nos Estatutos. Esta figura de profesor podería dirixir e participar en proxectos docentes ou de investigación e colaborar na docencia de posgrao ou de especialización científica. Sen embargo, é preciso establecer unha nova normativa coa que se fixen novos criterios para a súa concesión, consonte ao previsto nos novos Estatutos da USC(art. 28.1), asegurando que se mantén o prestixio que ten esta figura</p>	
Programación inicial	A normativa deberá aprobarse no ano 2015 e entrará en vigor no curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	18/06/2016
Informe da actividade	
<p>Desde a aprobación da programación plurianual aprobouse a normativa que regula a figura do profesor emérito, atendendo ás indicacións descritas na programación plurianual.</p>	

Evidencias asociadas	
<p>Aprobación do Regulamento do profesorado emérito da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión do Consello de Goberno celebrada o 5 de xuño de 2015 e publicada o 17 de xuño de 2015.</p>	

Código	APP055-CU-1518
Acción	Recuperación da figura de profesor visitante
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
Descrición	
Esta figura posibilita a contratación directa de persoal docente ou investigador con cargo fondos externos á USC mediante un convenio, unha fórmula idónea para as estratexias de internacionalización.	
Programación inicial	Adaptación do regulamento no ano 2015 e recuperación da figura no ano 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A través de convenios con organismos externos, coma pode ser a Axencia Galega de Innovación, establecéronse unha serie de acordos para lograr contratar a profesores e investigadores de excelencia contrastada dun xeito directo. Continúase co proceso de colaboración con organismos financiadores externos.</p> <p>De mesmo xeito, determinouse que a figura está o suficientemente regularizada e estase facendo un programa de promoción da figura para lograr fomentar o uso desta posibilidade recollida no artigo 27 dos estatutos da USC, nos artigos 18-26 do convenio colectivo da USC do ano 2011, no artigo 10 do decreto 266/2002 e no artigo 54 da LOMLOU.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A figura de profesor visitante está activa na USC, no senso de que se habilitaron os mecanismos para a súa posta en marcha, se ben non se teñen adscrito docentes por esta vía, polo que tamén se valorou cales serían os principais atrancos para a adhesión de persoal visitante.. Será preciso continuar na traballando na súa promoción.</p>	

Evidencias asociadas	
<p>Negociación para a redacción do Decreto 64/2016 polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido, publicado no DOG 112, do 14 de xuño de 2016</p>	

Código	APP056-CU-1518
Acción	Revisar as capacidades lectivas das áreas actuando sobre a capacidade lectiva das diversas figuras do profesorado
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Cómpre facer unha revisión clara das capacidades das figuras de profesorado para adaptalas á realidade das necesidades lectivas.	
Programación inicial	Informe de análise a realizar no ano 2015 e incorporación das novas medidas no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
Ao igual que o descrito nas acción relacionadas coa elaboración dun cadro teórico de PDI e de elaboración duns criterios para o recoñecemento efectivo de todas as actividades desenvolvidas polo PDI, non foi posible realizar esta acción no prazo previsto tanto pola indefinición normativa, coma polas distintas decisións estratéxicas que se aprobaron na USC. Na actualidade estase elaborando un documento que desenvolva as figuras de PDI que figuran nos estatutos.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Ao igual que o descrito nas acción relacionadas coa elaboración dun cadro teórico de PDI e de elaboración duns criterios para o recoñecemento efectivo de todas as actividades desenvolvidas polo PDI, non foi posible realizar esta acción no prazo previsto dado que non se aprobou o Decreto do Estatuto do PDI, que constitúe o marco normativo de referencia onde obrigatoriamente se ten que situar esta acción, aínda que se estea a traballar nun catálogo para as figuras da USC e vinculado á normativa que se aproba para o desenvolvemento das figuras de PDI indicadas nos estatutos.	

Evidencias asociadas

Código	APP057-CU-1518
Acción	Revisar as capacidades lectivas das áreas
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>É preciso actuar sobre os criterios de recoñecemento de actividades de xestión e representación sindical, académicas e docentes/investigadoras do PDI na normativa de Planificación Académica Anual. Polo tanto, propónse modificar esta normativa no referente a os criterios para determinar a capacidade lectiva das áreas de coñecemento. Do mesmo xeito tamén se propón modificación dos criterios de recoñecemento de actividades de xestión e representación sindical, de actividades académicas do PDI, da actividade investigadora e da actividade docente, co obxectivo de acadar unha mellor adecuación do cómputo das actividades de xestión, académicas investigadoras e docentes a realidade da xornada laboral do PDI.</p>	
Programación inicial	Facer as revisións no ano 2015 e incorporar as propostas na PDA do curso 2016-2017.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A través da Planificación Académica Anual, fixéronse unha serie de axustes na redución de horas docentes dos profesores que teñen cargos académicos, unha actividade investigadora recoñecida ou por actividades de xestión académica, coma a coordinación das áreas departamentais. Deste xeito, establécese como norma unha serie de criterios máis adaptados á realidade actual da USC.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Na Planificación Académica Anual fixéronse unha serie de axustes no recoñecemento en forma de Horas Docentes Equivalentes (HDEs) da actividade investigadora, docente, como a avaliación de TFM's ou TFG's, ou de xestión académica, coma a coordinación das áreas de coñecemento dos departamentos, establecéndose nesta norma, deste xeito, unha serie de criterios máis adaptados á realidade actual da USC.</p> <p>Ademais levouse a cabo unha reorganización e revisión da redución docente dos cargos académicos e outras designacións (Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017).</p>	

Evidencias asociadas

Código	APP058-CU-1518
Acción	Revisar o encargo lectivo das áreas
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>No escenario actual de oferta docente, débese promover o aproveitamento dos recursos de profesorado existentes mediante a participación na docencia en materias adscritas a áreas sen recursos das áreas afíns. É preciso, polo tanto, unha revisión do estado da adscrición e niveis de afinidade materias/áreas e actuar sobre a Normativa de Planificación Académica Anual que permite a participación na docencia dunha materia das áreas afíns de acordo coa adscrición correspondente. Do mesmo xeito, farase unha reformulación fonda dos criterios para determinar as necesidades lectivas das áreas de coñecemento no que aos módulos dos diferentes tipos de docencia de grao e máster se refire, así como a dirección e avaliación dos TFG/TFM, prácticum ou prácticas externas.</p>	
Programación inicial	Reformular os criterios e aplicalos na PDA do curso 2016-2017

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	A primeira fase xa se aplica no curso 2016-2017. A segunda será de aplicación no curso 2017-2018
Informe da actividade	
<p>No período analizado realizouse unha revisión dos criterios de afinidade, creando novos modelos que xa foron aplicados na PAA do curso 2016-2017. Por exemplo creouse unha maior afinidade entre áreas que non a tiña que permite mellorar a docencia.</p> <p>Nesta análise tamén se concluíu que era preciso mellorar a execución de afinidades, algo que xa é recollido na PAA deste curso. Nunha segunda fase establecerase a análise dos criterios para determinar as necesidades lectivas con módulos singulares (FTG/TFM, prácticum, ...)</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
<p>No período analizado realizouse unha revisión dos criterios de afinidade, creando novos modelos que xa foron aplicados na PAA do curso 2016-2017. Por exemplo creouse unha maior afinidade entre áreas que non a tiña que permite mellorar a docencia.</p> <p>Nesta análise tamén se concluíu que era preciso mellorar a execución de afinidades, algo que xa é recollido na PAA do curso 2016-17 facendo a asignación do encargo docente ás áreas de coñecemento directamente no PDA, evitándose o paso intermedio despois da fase de adscrición.</p>	

Na PAA do curso 2017-18 modificáronse os criterios para determinar as necesidades lectivas con módulos singulares (FTG/TFM, prácticum, ...).

Finalmente na PAA para o curso 2018-19 estase a traballar en novos niveis de afinidade entre áreas que valoren a posibilidade, sobre todo en materias transversais de máster, ou en algunhas materias de determinados graos da grande área de ciencias da saúde, de que dous ou máis áreas teñan a máxima afinidade pero vinculada a que todas elas teñan asignada unha parte da docencia da materia, sen que ningunha delas poida de xeito individual impartir a totalidade da mesma.

Evidencias asociadas

- (2016) Ampliación dos criterios de afinidade entre áreas, aprobados na PAA do 2017, en sesión do Consello de Goberno do 10/03/2016
- (2017) Ampliación dos criterios de afinidade entre áreas e do novo recoñecemento de módulos singulares na PAA do 2018, aprobada en sesión do Consello de Goberno do 3/03/2017.

Código	APP059-CU-1518
Acción	Mellora dos procesos de selección de PDI funcionario, PDI contratado e PDI interino
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade e Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Os procesos de selección de persoal precisan dunha reforma contundente para mellorar a súa tramitación. Os principais cambios veñen derivados da adaptación do novo marco legal, pero tamén se inclúen accións de informatización dos procesos e de cambios de protocolos. Do mesmo xeito, debe contemplarse a posibilidade de contratación de PDI asociado sen restricións mínimas de encargo docente, para lograr unha mellor adaptación ás necesidades do departamento en cada momento. Promover a supresión ou, como mínimo a modificación, do punto Dous do Artigo 36 do Proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.	
Programación inicial	Realización das modificacións no ano 2015 e incorporación dos cambios nas contratacións do ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
Desde a aprobación da programación plurianual fixéronse as adaptacións normativas pertinentes estableceuse un novo abano de posibilidades de contratación de profesor asociado que contemplan a posibilidade de contratacións das figuras P1, P2, P4 e P5. Tamén se promoveu a modificación do artigo 36 da lei de orzamentos de Galicia do ano 2014 para eliminar as taxas de reposición,. Na lei de orzamentos para o ano 2016 se xa inclúe unha taxa de reposición do 100%. Na programación de accións informáticas para o ano 2017 vaise propor a inclusión da informatización dos procesos de selección, conforme ás directrices da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Aplicaranse o Código de Conduta para a contratación de Persoal investigador e as recom3ndacións da Carta Europea do Persoal Investigador, incluídos no selo HRS4R.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Desde a aprobación da programación plurianual fixéronse as adaptacións pertinentes co obxecto da contratación de profesorado asociado con dedicación de 45 horas lectivas en áreas con necesidades específicas. Neste último ano, e co obxecto de dar cobertura a áreas de coñecemento con capacidade docente axustada, convocáronse listas de agarda que permitiron dispor	

dos recursos docentes para dar cobertura, coa antelación suficiente, a necesidades docentes sobrevidas.

Mentres, neste ano abórdouse a modificación dos formularios correspondentes á contratación laboral incluíndo a puntuación máxima por apartado co obxecto de facilitar o proceso de valoración dos méritos así como a información aos aspirantes. Tamén se dispón dun formulario individualizado por categoría profesional laboral.

A USC impulsou xunto co resto das universidades públicas o aumento da taxa de reposición de efectivos ata o 100%, o que se plasmou nos orzamentos de 2016 e 2017.

No ámbito da nosa comunidade autónoma incidíuse na substitución da necesidade de autorización previa á contratación laboral pola comunicación posterior da mesma, o que se recolle nos orzamentos de 2016 e 2017 o que axiliza o proceso de selección de PDI contratado.

Evidencias asociadas

- (2016) LEY 12/2015, de 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. No artigo 36 xa se recolle unha taxa de reposición do 100% para PID e PAS.
- (2016) Publicación de convocatorias de contratación de profesor asociado coas figuras P1, publicadas no DOG Núm. 124, do venres, 1 de xullo de 2016.
- (2017) LEI 12/2015, de 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. No artigo 36 xa se recolle unha taxa de reposición do 100% para PID e PAS.
- (2017) LEI 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. No artigo 36 xa se recolle unha taxa de reposición do 100% para PID e PAS.
- (2017) Publicación de convocatorias de contratación de profesor asociado 45 horas, publicadas no DOG Núm. 124, do venres, 1 de xullo de 2016.
- (2017) Publicación de convocatorias de listas de agarda publicadas no DOG:
- (2017) Curso académico 2016/17: DOG 11 de outubro de 2016, resolución reitoral do 30 de setembro de 2016.
- (2017) Curso académico 2017/18: DOG 16 de outubro de 2017, resolución reitoral do 4 de outubro de 2017.
- (2017) Formularios electrónicos concursos PDI laboral:
<http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/prazasabertas/solicitudes.html>

Código	APP060-CU-1518
Acción	Actualización da normativa de concesión de licenzas por ano sabático e doutras licenzas por estudos
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade e Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Os procedementos utilizados na actualidade para a concesión de licenzas debe ser revisado para acadar dous obxectivos. O primeiro, mellorar a internacionalización do PDI da Universidade de Santiago, impulsando as concesións para aquelas solicitudes que prevegan actividades orientadas a dito obxectivo. O segundo, establecer mecanismos claros que permitan crear expectativas reais sobre o futuro de cada un dos candidatos e candidatas.	
Programación inicial	Establecer unha nova normativa no ano 2015, para aplicar a partir do ano 2016.

Data de comprobación	16/10/2016
Estado	Rematada
Data de finalización	05/06/2015
Informe da actividade	
Esta acción foi realizada conforme ás directrices aprobadas na programación plurianual	

Evidencias asociadas	
Aprobación da nova normativa de concesión de licenzas por sabático, na sesión do Consello de Goberno do 5 de xuño do 2015. Dispoñible en http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Normativa de concesixn de licenzas por sabxtico.pdf	

Código	APP061-CU-1518
Acción	Mellorar os sistemas de consolidación, promoción e creación de novas prazas de PDI permanente
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
Descrición	
As accións de promoción, previa negociación sindical en relación coas categorías e porcentaxes aplicábeis, buscarán por un lado a estabilización do PDI en prazas de carácter permanente e por outro garantir a promoción académica e salarial recoñecida como dereito do PDI.	
Programación inicial	Establecer criterios acordados con esta medida na planificación de contratación anual

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Durante a negociación da OPE de PDI 2016 xa se incluíron estas indicacións da Programación Plurianual.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Nas OEPs do 2016 e 2017 finalizouse co proceso de estabilización dos integrantes da bolsa de interinos de prazas correspondentes a convocatorias anuladas en 2012, e dos investigadores IPP e RyC con compromiso de estabilización.</p> <p>Ademais realizáronse as promocións dos Profesores Axudantes Doutores a Profesor Contratado Doutor, as dos Profesores Contratados Doutores (anuladas en 2012 e seguintes) a Profesor Titular de Universidade, e de Profesor Titular de Universidade a Catedrático de Universidade.</p> <p>A realización destas promocións precisou nalgúns casos a aprobación dos criterios e/ou da normativa correspondente.</p> <p>En 2017 iniciouse o proceso de estabilización dos interinos de vacante sen compromiso de estabilización para o que tamén foi necesaria a aprobación de criterios específicos.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) OPE 2016: DOG 28 de xuño de 2016, resolución reitoral de 14 de xuño de 2016. - (2017) OEP 2017: DOG 18 de xullo de 2017, resolución reitoral de 7 de xullo de 2017. - (2016) Convocatorias derivadas da OPE 2016, en Consello de Goberno do 5 de xullo de 2016 	

- (2017) Convocatorias derivadas da OEP 2017 resolución reitoral de 4 de agosto de 2017, DOG de 31 de agosto de 2017.
- (2016) Normativa de promoción de profesores/as funcionarios/as acreditados/as a cátedra (aprobada o 27 de xullo de 2010), modificada en sesión de Consello de goberno do día 5 de xullo de 2016.
- (2017) Regulamento de asignación de prazas de catedrático/a de universidade pola quenda de promoción interna, aprobado polo Consello Goberno do 12-06-2017

Ligazóns a estas dúas normas:

http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/asignacion_catedras.html

Planificación Plurianual en Materia de PDI na Universidade de Santiago de Compostela
Período 2016-2020:

http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/Planificacion_PDI_2014_2020.html

Código	APP062-CU-1518
Acción	Consolidar o CeTA como o servizo de referencia para a innovación docente
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Procura da excelencia na docencia
Descrición	
<p>A través do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) propónse establecer unha nova estratexia de reforzo para mellorar a innovación docente. A nova proposta fundaméntase na consolidación e dinamización de grupos de innovación docente, no impulso ao desenvolvemento de materiais dixitais para a docencia, na consolidación e desenvolvemento do Plan Xeral de Formación do PDI, no deseño de novos plans de formación para o PDI novel, na atención a novas demandas formativas, na coordinación do CeTA cos demais servizos da USC e na constitución dunha liña de apoio á formación permanente na USC.</p>	
Programación inicial	Inicio da nova estratexia no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Iniciouse o proxecto de creación da unidade de gravación audiovisual, que permitirá satisfacer o obxectivo de desenvolvemento de materiais dixitais para a docencia dun xeito máis eficaz. Tamén se actualizou a oferta de curso do PFID e realizou a convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (Aps) como ferramenta de dinamización de grupos de innovación docente, na que participan 21 docentes.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Rematouse no primeiro semestre de 2017 a instalación da unidade de gravación audiovisual na sede do CeTA, que permitirá satisfacer o obxectivo de desenvolvemento de materiais dixitais para a docencia dun xeito máis eficaz. En relación con este novo instrumento, fíxose unha primeira convocatoria para a elaboración de proxectos audiovisuais para o seu uso na docencia. Tamén se actualizou a oferta de cursos do PFID e realizou dúas convocatorias de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (Aps) como ferramenta de dinamización de grupos de innovación docente.</p>	

Evidencias asociadas	
<p>- (2016) Resolución do 4 de decembro de 2015 da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades do Ministerio de Educación, Cultura y Deporta, pola que se concede financiamento para innovación docente en e-learning (proxecto</p>	

para a creación dunha unidade de gravación e elaboración de materiais audiovisuais para a docencia; para desenvolver nos anos 2016 e 2017).

- (2016) Publicación da I convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) con data 7 de xullo de 2016.

- (2016) Trinta e oito novos cursos de formación do PFID impartidos por primeira vez no ano académico 2015-2016 e primeiro cuatrimestre do 2016-2017, repartidos nas seguintes liñas de formación: estratexias de ensino-aprendizaxe (12 cursos), TICs aplicadas á docencia (9 cursos), desenvolvemento profesional: investigación e xestión (11 cursos), prevención de riscos laborais (2 cursos) e servizo de participación e integración universitaria (4 cursos).

- (2017) Adquisición e instalación dunha unidade de gravación no Centro de Tecnoloxías da Aprendizaxe (CETA) para a elaboración de recursos audiovisuais.

- (2017) Publicación o 28 de xuño de 2017 da I Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia, para o seu desenvolvemento no curso 2017-2018, con tres modalidades: Creación dun curso en liña aberto e masivo (MOOC), creación de materiais audiovisuais en formato “pílulas de coñecemento”, e desenvolvemento de iniciativas de innovación docente a través do Campus Virtual.

- (2017) Publicación o 28 de xuño de 2016 da I Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servizo, para o desenvolvemento dos proxectos no curso 2016-2017.

- (2017) Publicación o 31 de maio de 2017 da II Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servizo, para o desenvolvemento dos proxectos no curso 2017-2018.

- (2017) No curso 2016-2017, o Campus Virtual xestionou 7.312 aulas/materias, 2.766 docentes e 26.900 estudantes.

- (2017) No curso 2016-2017 impartíronse no CeTA 105 cursos de formación aos que asistiron 1.651 docentes. Os cursos atenderon a varias liñas formativas: Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia; Estratexias de ensino-aprendizaxe; Avaliación; Desenvolvemento profesional: investigación, xestión, idiomas, prevención.

- (2017) Incorporación da plataforma eHabilis para videoconferencia e atención on line; faránse probas do seu uso no curso 2017-2018 en cinco títulos de máster.

Persoal de Administración e Servizos

Código	APP063-CU-1518
Acción	Reorganizar os servizos de apoio á actividade docente
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade, a sostibilidade
Descrición	
A consolidación das Unidades de Apoio é a estratexia proposta para adaptar a organización de servizos ás novas necesidades dos centros docentes e dos departamentos.	
Programación inicial	Establecer as novas unidades no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Dentro do Plan de melloras da USC inclúese unha acción destinada á integración da xestión de tarefas administrativas de todos os títulos que se imparten nun centro. Desde o punto de vista do desenvolvemento da acción, elaborouse unha proposta, que foi presentada á Comisión de Administración e Servizos do Consello de Goberno, aos Decanos e Directores de Departamento e á Xunta de Persoal de Administración e Servizos no primeiro trimestre de 2016. Dada a realización en paralelo do proceso de reorganización de departamentos e estando pendente a resolución do concurso de traslados de persoal funcionario, que se convocou en 2014 e vai ser resolto definitivamente en novembro de 2016, tras suxestións recibidas por parte dos interlocutores consultados, a proposta definitiva, que foi posta a disposición da Xunta de Persoal funcionario o pasado 11 de outubro para a negociación dos seus aspectos laborais, vai ser levada a Consello de Goberno antes de que remate o ano, incorporando a correspondente modificación da RPT de PAS funcionario, co obxecto de que as novas unidades teñan carta de natureza a partir do 1 de xaneiro e que a metodoloxía de funcionamento das mesmas, a través da denominada Programación Administrativa Anual, poda ser implementada para o curso 2017/2018.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Aprobouse a modificación das unidades de xestión de centros e departamentos e incorporouse a metodoloxía de aprobación da Programación Administrativa Anual de cada unidade, que está operativa en todos os Centros da USC neste curso 2017-2018.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Acción 15 dentro do Plan de melloras da USC, aprobado en Consello de Goberno na súa sesión do 29 de xullo de 2016. 	

- (2016) Proposta posta a disposición da Comisión de Administración e Servizos do Consello de Goberno
- (2016) Proposta posta a disposición da Xunta de PAS funcionario o 11 de outubro de 2016
- (2016) Planificación Plurianual en Materia de PDI na Universidade de Santiago de Compostela Período 2016—2020
http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/Planificacion_PDI_2014_2020.html

Código	APP064-CU-1518
Acción	Reorganizar os servizos de xestión académica
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade, a sostibilidade
Descrición	
Baixo a estratexia da centralización e a unificación dos servizos e a descentralización da atención, preténdese integrar nun só modelo toda a xestión relacionada coa oferta docente e os seus requirimentos, especialmente a mobilidade e as prácticas en empresas.	
Programación inicial	Establecer as novas unidades no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Considérase posible concluír a aprobación do modelo de reforma no mes de Xullo de 2017 e implementalo con efectos de 1 de Xaneiro de 2018
Informe da actividade	
<p>Esta acción está nun estado de desenvolvemento aínda incipiente. En parte, o adiamento dos traballos derívase da necesidade de clarificación definitiva do modelo organizativo para os estudos de doutoramento e posgrado, resolta pola creación do CIEDUS e do Centro de Posgrao mediante acordo do Consello de Goberno da USC de Xullo de 2016.</p> <p>Tamén a necesidade de resolver o concurso de traslados de PAS para posibilitar establecer unha liña de reorganización de postos que respetara os dereitos derivados da ocupación de prazas aínda ofertadas conforme á estrutura anterior, adiou os traballos.</p> <p>A previsión é retomalos de aquí a fin de ano mediante unha comisión técnica integrada pola Secretaría Xeral, a Xerencia e os servizos implicados na mellora que se procura (Servizo de Xestión Académica, SXOPRA, Servizo de Bolsas e Axudas, Servizo de Relacións Exteriores, Oficina de Información Universitaria, Área de Orientación Laboral e Área de Calidade e mellora de procedementos)</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Esta acción foi adiada dentro do período da programación plurianual, prevéndose posible a súa consecución coa aprobación do modelo de reforma no mes de Xullo de 2018 e proceder coa súa implementación con efectos de 1 de Xaneiro de 2019	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Acción 15 dentro do Plan de melloras da USC, aprobado en Consello de Goberno na súa sesión do 29 de xullo de 2016. 	

- (2016) Proposta posta a disposición da Comisión de Administración e Servizos do Consello de Goberno
- (2016) Proposta posta a disposición da Xunta de PAS funcionario o 11 de outubro de 2016
- (2016) Planificación Plurianual en Materia de PDI na Universidade de Santiago de Compostela Período 2016—2020
http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/Planificacion_PDI_2014_2020.html

Código	APP065-CU-1518
Acción	Mellorar a organización e asignación de efectivos, e incrementar os servizos a asumir pola área de conserxería
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade, a sostibilidade
Descrición	
Os servizos de conserxería dos centros adquiriron novas competencias derivadas das transformacións tecnolóxicas e de necesidades da propia universidade. Cómpre facer unha análise pormenorizada da organización dos mesmos e establecer un novo catálogo de servizos, que contemple a unificación das dúas categorías existentes, así coma un estudo de necesidades de formación para asumir novas competencias.	
Programación inicial	O proceso estará completado no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
Durante os anos 2015 e 2016 iniciouse o proceso de elaboración dun novo catálogo de competencias, incorporando xa unha atención aos usuarios en materias TIC, como a colaboración na xestión e xeración de contrasinais de contas de usuario. Tamén se iniciou o proceso de unificación de categorías, inmerso na reforma xeral da RPT e no proceso de funcionarización. No ano 2017, no marco do proceso de funcionarización do persoal laboral, rematarase coa unificación das dúas categorías existentes na área de conserxería e continuarase coa elaboración do novo catálogo de competencias que teña en conta as novas futuras necesidades de prestación de servizos e desenvolvemento profesional.	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Esta acción ligouse á proposta de funcionarización do persoal laboral de administración de servizos, na cal inclúese a unificación das categorías actuais de ATI e OFI nunha única escala con funcións completadas. A viabilidade desa unificación non pode depender da aprobación definitiva do proceso de funcionarización. En todo caso os recursos xerados por un posible proceso de funcionarización poderán repercutir nesta actuación	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2015) Instrución de xerencia X/2015 pola que se regula a colaboración do persoal de conserxería dos centros na renovación dos contrasinais de acceso aos servizos telemáticos da USC por parte dos usuarios. 	

Código	APP066-CU-1518
Acción	Establecer un programa de internacionalización para o PAS
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
Descrición	
As novas demandas en relación á internacionalización que vai ter a USC requiren dunha serie de actuacións relacionadas coa formación e promoción do Persoal de Administración e Servizos, como competencias lingüísticas en linguas estranxeiras ou accións de mobilidade.	
Programación inicial	O plan de actuación definírase no ano 2015 e as primeiras medidas deben estar implementadas no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Definición do programa en 31/12/2016. A implementación do programa está prevista para o 31/07/2018
Informe da actividade	
Esta acción enmárcase dentro do Plan Estratéxico de Internacionalización, e polo tanto o seu percorrido está asociado á acción 16. Previde por tanto o seu desenvolvemento dentro das liñas e accións que debuxará dito documento.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
O Plan Estratéxico de Internacionalización recolle na súa liña estratéxica 4 as accións orientadas ao fomento da internacionalización a través da captación e da mobilidade do persoal. Na súa acción 4.1 (potenciamento e optimización do valor dos programas de intercambio), a subacción 4.1.1 vai orientada ao fomento da mobilidade da comunidade universitaria. No caso do PAS, cóntase con financiamento externo a través de Erasmus+, Stella ou Erasmus Mundus.	

Evidencias asociadas	
- (2017) Plan Estratéxico de Internacionalización.	

Código	APP067-CU-1518
Acción	Crear un mecanismo de coordinación entre os servizos que favoreza a internacionalización
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Na actualidade existe unha constante demanda de servizos nas unidades que comparten obxectivos comúns, por exemplo a internacional, como as de investigación, relacións exteriores e xestión académica. Proponse crear un Comité Consultivo de internacionalización para establecer os mecanismos de coordinación necesarios.	
Programación inicial	O plan de actuación definirase no ano 2015 e as primeiras medidas deben estar implementadas no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Esta acción enmárcase dentro do PEI, e polo tanto o seu percorrido está asociado á acción 16. Previsese por tanto o seu desenvolvemento dentro das liñas e accións que debuxará dito documento.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Esta acción está recollida na liña estratéxica 1 do Plan Estratéxico de Internacionalización, en concreto na acción 1.3 (Fomento das relacións entre os axentes de internacionalización das Facultades e Escolas e outras estruturas da USC co Servizo de Relacións Exteriores. A data de finalización que se contempla é a desta programación plurianual, ao tratarse dunha acción continua. Con todo, cabe matizar que a data de finalización do Plan Estratéxico de Internacionalización é o 31/12/2020.	

Evidencias asociadas	
- (2017) Plan Estratéxico de Internacionalización.	

Código	APP068-CU-1518
Acción	Mellora da coordinación nos procesos de xestión de persoal e económica
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Na actualidade os servizos de investigación e os centrais comparten varias funcións relacionadas coa xestión de persoal e económica. Cómpre establecer mecanismos de coordinación que permitan unha maior eficacia nos procesos.	
Programación inicial	As accións de mellora implantaranse no ano 2016.

Data de comprobación	12/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Ao longo de 2016 desenvolveuse unha actuación consistente en establecer contactos periódicos entre as áreas de investigación e os servizos centrais en materia de xestión de persoal e económica para cuestións relevantes como a incorporación de remanentes, a aplicación das recuperacións retributivas xerais por parte do persoal de programas e contratos de I+D, ou o establecemento da operativa dos Programas Integrados de Xestión de Investigación.</p> <p>Non obstante, tal traballo é aínda insuficiente, considerándose necesario mantelo no tempo e contribuír a que se establezan protocolos de actuación que faciliten esa coordinación.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante 2017 desenvolveuse unha acción directiva de coordinación desas áreas. En 2018 estas accións deberán concretarse en protocolos de actuación que obxectiven e melloren a coordinación dos procesos que se comparten entre esas dúas áreas de xestión.</p>	

Evidencias asociadas	
----------------------	--

Código	APP069-CU-1518
Acción	Reorganizar o servizo bibliotecario e arquivístico
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade, a sostibilidade
Descrición	
O obxectivo é incrementar a capacidade desta unidade básica de investigación, de proporcionar servizos a investigadores e de servir como centro de recursos e competencias transversais para a docencia.	
Programación inicial	A acción de mellora implantarase no ano 2016.

Data de comprobación	12/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Considérase posible rematar coa aprobación do modelo de reforma no mes de Xullo de 2017 e implementalo con efectos de 1 de Xaneiro de 2018
Informe da actividade	
<p>A Dirección da Biblioteca Universitaria elaborou unha primeira proposta de reforma do servizo Bibliotecario que foi presentada na Comisión de Administración e Servizos e á Xunta de PAS Funcionario e que agora, tras a resolución do concurso de traslados do PAS funcionario que xa se mencionou en varias ocasións, deberá concretarse para axustes na RPT e a implantación das decisión de reorganización mediante a súa aprobación nos órganos de goberno da universidade. A proposta de reforma contén os elementos necesarios para conseguir o obxectivo marcado na programación plurianual.</p> <p>A proposta artículase en torno a tres eixos: o obrigado soporte á docencia e investigación, a aposta pola revalorización do fondo histórico e singular que posúe, e o aproveitamento dunha infraestrutura bibliotecaria ampla que lle permite proporcionar unha atención acaída ás necesidades da nosa comunidade universitaria. O novo modelo de organización ten como obxectivo ofrecer soporte na xestión a produción académica, científica e administrativa de carácter documental que xera a propia USC. Nesta liña, a labor do persoal dedicado á tarefas de normalización e homoxeneización na descrición bibliográfica dos recursos (foran estes libros, revistas, ou arquivos electrónicos) no catálogo se reorientará cara á normalización da filiación do noso PDI e a recompilación da súa produción científica en diferentes bases de datos.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Se ben a proposta presentada para a reorganización do servizo de biblioteca e arquivo foi presentada no 2016, a reforma está pendente das decisións que se deriven do proceso de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos e da actualización da relación de postos de traballo á que pode dar lugar.	

Evidencias asociadas

- (2016) Proposta presentada na Comisión de Administración e Servizos do Consello de Goberno e á Xunta de PAS funcionario

Código	APP070-CU-1518
Acción	Axustar a relación de postos de traballo á nova realidade da USC
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade, a sostibilidade. Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal.
Descrición	
Faise imprescindible facer un axuste claro entre as accións explicadas nestas liñas xerais da programación plurianual e a RPT. Por esta razón establecerase un mecanismo de actualización dinámico no que atinxe a prazas afectadas por procesos de xubilación.	
Programación inicial	Establecer as medidas correspondentes no ano 2015.

Data de comprobación	14/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31 de decembro de 2016 e 31 de Xullo de 2017
Informe da actividade	
A dinámica da dotación de prazas de PAS na USC nestes últimos anos, en que non houbo capacidade financeira para a reposición de efectivos, os axustes orzamentarios e a circunstancia de estar pendente a resolución do concurso de traslado de PAS funcionario, fixo complexo o cumprimento en prazo desta acción.	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A RPT do PAS axustarase ás actuacións de reordenación e melloras das distintas áreas e servizos. En todo caso, o axuste da RPT integrará as actuacións derivadas do posible proceso de funcionarización	

Evidencias asociadas	
Informe de necesidades de adaptación da estrutura de postos por grandes áreas funcionais posto a disposición dos órganos de representación do PAS . Axustes anuais entre prazas e postos de PAS contidos nos orzamentos de 2015 e 2016	

Código	APP071-CU-1518
Acción	Mellorar as condicións laborais do PAS, co obxecto de facer máis eficaz e eficiente o traballo na administración e servizos
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade, a sostibilidade
Descrición	
Ofrecer condicións de flexibilización horaria para favorecer a conciliación, así como posibilitar o teletraballo, de ser o caso. Recuperar a negociación das condicións de xornada laboral, réxime de vacacións, etc	
Programación inicial	A partir do 2015

Data de comprobación	30/09/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Considérase que estes temas poden ser negociados tras a conclusión doutras tarefas pendentes, como a adaptación da RPT, as reorganizacións de servizos e a funcionarización do PAS laboral, no último semestre de 2016
Informe da actividade	
<p>Esta liña de acción non foi aínda desenvolvida, salvo en aspectos de calado menor, como a negociación –non sempre frutífera- da instrución anual de vacacións, permisos e licenzas. Ao priorizar a conformación dun marco único de negociación para os colectivos funcional e laboral, o que se considera indispensable para avanzar de forma viable nestas cuestións, durante 2015 e 2016 perfilouse o establecemento dese foro conxunto, que culminou coa constitución da Mesa de Negociación do PAS, prevista no artigo 46 dos Estatutos da USC, que se constituíu formalmente en Xullo de 2016.</p> <p>Estes temas, ademais, deben relacionarse coa clarificación do réxime xurídico do persoal, en base ao resultado do proceso de funcionarización do PAS laboral.</p>	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Estas acción, dado o seu carácter transversal, deberán acometerse con independencia do resultado do proceso de funcionarización do persoal laboral de Administración e Servizos	

Evidencias asociadas
- (2016) Constitución da Mesa de Negociación unitaria do PAS

Código	APP072-CU-1518
Acción	Mellorar a coordinación e interrelación entre servizos
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Establecer protocolos de coordinación, comunicación e intercambio que permitan a atención de demandas globais, simplifiquen a xestión evitando duplicidades e solapamentos e sistematicen o intercambio de información.	
Programación inicial	Estes protocolos estableceranse no curso 2015/2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No período de referencia establecéronse algúns dos protocolos indicados na programación Plurianual, como por exemplo a creación do Comité Estratéxico Tic que permite a coordinación constante entre as distintas unidades centrais da USC para definir as necesidades TIC. Na área de calidade, e dentro do Sistema de Garantía Interna de Calidade da USC e dentro do Plan de melloras, tamén se inclúen as indicacións para a creación de outros protocolos</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante o ano 2017 consolidouse o calendario e as actuacións en materia de xestión da calidade, atendendo tanto aos sistemas de garantía de calidade dos centros, como aos procesos de renovación da acreditación e seguimento de títulos. Para tales efectos, elaboráronse manuais, guías e formatos coas que se pretende facilitar o traballo aos centros e aos títulos.</p> <p>Recentemente, vense de implantar un protocolo de información para cargos de xestión, dirixido ás direccións de centros e departamentos, co obxectivo de facilitarlles a información máis relevante para o desenvolvemento das actividades de xestión diaria nos seus postos. Contando co persoal de administración dos centros, participarán en reunións informativas o Servizo de Xestión Académica, o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, o Servizo de Control Interno e a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.</p> <p>Debe tamén sinalarse o traballo conxunto de distintos servizos no deseño e execución de accións ligadas aos plans sectoriais, como o plan de acción do selo HRS4R.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Accións de mellora 05 e 17 incluídas no Plan de melloras da USC, aprobado en Consello de Goberno na súa sesión do 29 de xullo de 2016. - (2016) Resolución reitoral do 13 de abril sobre a creación do comité estratéxico TIC da Universidade de Santiago de Compostela 	

Código	APP073-CU-1518
Acción	Mellorar a profesionalización do PAS
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
Descrición	
Acompañar todos os posibles procesos de axuste das RPT a programas de formación, establecer fórmulas de promoción, e implementar políticas de persoal que se orienten á consolidación do emprego precario.	
Programación inicial	Sempre que haxa axustes das RPT

Data de comprobación	30/09/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
<p>Nesta actuación o máis salientable foi a aprobación de dúas ofertas de emprego de PAS que, consumindo a taxa de reposición dispoñible, serviron para consolidar 44 prazas ocupadas por persoal temporal pola súa conversión en prazas fixas mediante os correspondentes procesos selectivos, 14 en 2015, aplicando o 50% autorizado da taxa de reposición, e 30 en 2016, aplicando o 100% da citada taxa.</p> <p>Igualmente, a oferta de emprego de 2016 permitiu promover a promoción profesional de 28 efectivos de persoal funcionario.</p> <p>En 2017 prevese que, ademais, a oferta de emprego incorpore unha reposición neta de arredor de 6 efectivos.</p> <p>O resto das liñas de traballo contidas na acción, deberán acompañarse ás modificacións da RPT e ás actuacións formativas necesarias para implantar a reorganización de servizos que se concreten nas mesmas.</p>	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Estas accións levaranse a cabo independentemente de cal sexa o resultado do proceso de funcionarización do persoal laboral e dependerán da habilitación legal, que se espera sexa recoñecida na Lei de Orzamentos do Estado para 2018, respecto a procesos de consolidación de emprego temporal para este colectivo. En todo caso, de levarse a cabo a funcionarización do PAS laboral os aforros xerados poderán destinarse a estas actuacións</p>	

Evidencias asociadas	
Ofertas de emprego de 2015 e 2016 aprobadas	

Código	APP074-CU-1518
Acción	Iniciar os traballos para unha posible funcionarización do PAS laboral
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
Descrición	
A través do diálogo cos colectivos afectados, iniciaranse os traballos para unha posible funcionarización do PAS laboral.	
Programación inicial	Os estudos comezarán no ano 2015

Data de comprobación	11/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	A vontade das partes é que a negociación poda dar resultados antes do remate de 2016 de forma que no primeiro semestre de 2017 poda comezar de xeito efectivo o proceso de funcionarización.
Informe da actividade	
Os estudos previstos remataron unha dinámica de negociación que se materializou nos seguintes fitos: <ul style="list-style-type: none"> - A constitución da mesa unitaria de negociación do persoal de administración e servizos prevista no artigo 46 dos Estatutos, efectuada en Xullo de 2016. - A presentación nesa mesa por parte da universidade dunha proposta de funcionarización que contempla o procedemento a seguir, as escalas a crear para incorporar as peculiaridades das categorías do persoal laboral, unha proposta de clasificación e catalogación retributiva da totalidade dos postos de traballo que resultarían dunha funcionarización completa do cadro de persoal de administración e servizos e unha proposta sobre o tratamento da antigüidade. - A realización dunha sesión de negociación o 4 de outubro de 2016 na que as distintas organizacións sindicais aportaron as súas primeiras avaliacións e contrapropostas á proposta inicial da universidade e sobre a perspectiva global da funcionarización. - A fixación dunha nova sesión de negociación, prevista para o 20 de outubro, no que se traten dous temas considerados prioritarios para avanzar no proceso por parte da universidade e da representación do persoal, que son a clasificación profesional en categorías e escalas, e o tratamento da antigüidade. 	

Data de comprobación	02/11/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Tras un longo proceso de negociación, a mesa unitaria apoiou unha proposta cos votos da USC e dos sindicatos CCOO, TGU e UGT, a abstención de CSI-F e o voto en contra de	

CIG. Esa proposta foi rexeitada polo persoal laboral en referendun celebrado o 19 de Outubro de 2017.

Evidencias asociadas

- Reunións da mesa de negociación do PAS
- Proposta inicial da Universidade
- Aportacións documentais realizadas polas distintas organizacións sindicais (CIG, CCOO, UGT, TGU e CSI-CSIF)

Código	APP075-CU-1518
Acción	Recuperar a negociación e a busca do acordo como ferramenta para a mellora dos servizos e das condicións laborais
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
Descrición	
A negociación e a busca de acordo serán as ferramentas principais para a mellora dos servizos e das condicións laborais	
Programación inicial	A partir do ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	A vontade das partes é que a negociación poda dar resultados antes do remate de 2016 de forma que no primeiro semestre de 2017 poda comezar de xeito efectivo o proceso de funcionarización.
Informe da actividade	
Durante o ano 2015 e 2016 realizáronse reunións que permitiron negociar e chegar a acordos na maioría dos temas tratados. Tamén se constituíu a Mesa xeral de negociación PAS para abordar, do xeito máis construtivo posible, o proceso de funcionarización incluído nesta Programación Plurianual.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Ao longo de 2017 desenvolvéronse profundos procesos de negociación no ámbito da funcionarización do persoal laboral e na regulación das condicións de traballo do persoal temporal contratado con recursos afectados de I+D.	

Evidencias asociadas	
Celebración de máis de 20 reunións no período de análise cos órganos de representación sindical e laboral Constitución da Mesa Xeral de Negociación de Pas	

Estudantes

Código	APP076-CU-1518
Acción	Mellorar as oportunidades de internacionalización
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	O estudantado: valor presente e futuro
Descrición	
Os mecanismos máis usuais até o de agora son os convenios con outras universidades, pero é necesario unha reformulación nestes procesos, prestando especial atención á identificación das áreas xeográficas estratéxias.	
Programación inicial	Anual

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
Esta acción enmárcase dentro do PEI, e polo tanto o seu percorrido está asociado á acción 16. Para a definición das áreas xeográficas estratéxicas precísase concentrar información de diversos servizos nun único punto de consulta que permita reaccións rápidas e fundamentadas en base ao mapa relacional resultante e en continua actualización.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Está acción está recollida na liña estratéxica 1 do Plan Estratéxico de Internacionalización. En concreto, correspóndese coa acción 1.1. "Creación do mapa relacional da USC". Nesta acción comezará a traballarse durante o último trimestre de 2017 e nela contéplanse tres fases: unha primeira de identificación das bases de datos e recursos dispoñibles coa información necesaria para a elaboración do plan; unha segunda fase dedicada á elaboración do cadro de mando de indicadores que permita a toma de decisións baseadas en datos e unha terceira onde se traballará na visualización e visibilización da rede de convenios con outras universidades, tanto para uso interno como externo.	

Evidencias asociadas
- (2016) Nomeamento dun asesor á Vicerreitoría de Internacionalización que ten o cometido de mellorar a xestión da información e a elaboración do mapa relacional
- (2017) Plan Estratéxico de Internacionalización.

Código	APP077-CU-1518
Acción	Unificación dos procesos de xestión académica para os estudantes nunha única unidade
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	O estudantado: valor presente e futuro
Descrición	
Os mecanismos máis usuais até o de agora son os convenios con outras universidades, pero é necesario unha reformulación nestes procesos, prestando especial atención á identificación das áreas xeográficas estratexias.	
Programación inicial	Establecer as novas unidades no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/04/2017
Informe da actividade	
<p>Na actualidade os servizos de xestión académica non están adecuadamente coordinados e resta completar a centralización dalgúns procesos. Na filosofía de centralización da xestión, descentralización da atención e de adecuación da estrutura da área académica á realidade actual da xestión, propónse a constitución dunha Área académica de xestión, dirixida por un director ou directora de área que renda contas á Xerencia, e coordine as actividades do SXOPRA, do Servizo de Xestión Académica, do Centro de Posgrao, do Servizo de Relacións Exteriores e das Unidades de Apoio a Centros e Departamentos en todo o relativo á xestión da actividade académica. Así mesmo, completárase a centralización das actividades diarias de xestión no que se refire á matrícula, expedientes e títulos, no Servizo de Xestión Académica.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Adiada
Data de finalización	Adiada
Informe da actividade	
<p>A execución completa desta acción está adiada e deberá incorporarse á nova programación plurianual para o período 2019-2022</p>	

Evidencias asociadas

Código	APP078-CU-1518
Acción	Crear unidade específica para a atracción de estudantes
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Persoas
Liña estratéxica	O estudantado: valor presente e futuro
Descrición	
<p>A captación de estudantes, especialmente os estranxeiros, require un proceso de profesionalización e da creación dunha unidade especificamente destinada a este fin. Proponse un novo modelo de presenza en foros internacionais e nacionais (feiras, ...), así como a creación de cursos de nivelación para estudantes estranxeiros, convenios con outras institucións, relanzamento dos programas de mobilidade para converter a USC nunha universidade máis atractiva.</p>	
Programación inicial	Establecer as novas unidades no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Execución
Data de finalización	30/04/2017
Informe da actividade	
<p>A unidade study.abroad, incluída no Servizo de Relacións Exteriores, é a responsable de captar e acompañar aos estudantes estranxeiros así como de apoiar na tarefa de localización de institucións obxectivo coas que formalizar convenios. A unidade iniciou a súa actividade en Setembro de 2013 cun total de 4 efectivos se ben na actualidade conta con dúas persoas a tempo completo e unha a tempo parcial. Nas tarefas de promoción e captación directa en feiras, a unidade study.abroad conta co apoio da Oficina de Información Universitaria. Do mesmo xeito, reforzouse o Programa A Ponte co Ensino Medio, coa incorporación dun responsable específico para o Campus de Lugo e se mellorou a xestión do Programa de Atención a Estudantes Extracomunitarios (Patex) o que permitiu un importante aumento de estudantes que solicitaron este servizo.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Rematada
Data de finalización	30/04/2017
Informe da actividade	
<p>Como xa se indicaba na revisión correspondente ao ano 2016, a data de finalización desta actividade prevíase a finais de abril do 2017. Neste momento, a unidade study.abroad atópase perfectamente integrada no Centro de Benvida Internacional (véxase APP004-EI-1518).</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Páxina web Study.Abroad, dispoñible en: http://www.usc.es/es/perfis/internacional/studyabroad - (2017) Tendencia crecente na captación de estudantes extra-comunitarios a través do PATEX. Datos para os tres últimos cursos: <ul style="list-style-type: none"> o Grao: 0 (15/16), 9 (16/17) e 18 (17/18) o Mestrado: 41 (15/16), 54 (16/17) e 64 (17/18). 	

Código	APP079-CU-1518
Acción	Programa de mentores
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	O estudiantado: valor presente e futuro
Descrición	
Unha das estratexias máis eficaces para a inserción laboral é a implicación do tecido empresarial nos propios procesos formativos. Proponse a creación dun grupo de mentores, que actúen como apoio aos estudantes.	
Programación inicial	Elaboración do programa no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Fase de inicio, finalizada no curso 2015/2016
Informe da actividade	
A consecución deste obxectivo indicado na programación plurianual logrouse coa creación do programa Mentoring USC, que logrou a participación de 106 empresas e 76 estudantes na súa primeira edición, no curso 2015-2016	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Durante esta convocatoria incrementouse o número de participantes, sendo 94 os alumnos mentorizados e 128 os profesionais e directivos que colaboraron como mentores. Ademais proporcionouse formación presencial aos alumnos para a preparación do seu plan de acción, e formación online aos mentores sobre a metodoloxía e pautas para iniciar un proceso de mentoring. Trátase dunha actividade de carácter anual, onde a II convocatoria finalizou no curso 2016-2017.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Web do programa Mentoring: http://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/estudantes.html - (2016) Importante impacto informativo na prensa galega desta acción. - (2017) información dos mentores participantes na edición 2016/2017: http://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/mentores1617.html - (2017) Vídeo formativo para mentores 	

Código	APP080-CU-1518
Acción	Mellora dos servizos de residencias
Ámbito estratéxico	Persoas e Xestión institucional
Liña estratéxica	O estudantado: valor presente e futuro e Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
As residencias universitarias precisan dunha programación estable de melloras, non só de infraestruturas, senón tamén de servizos e de actividades. Proponse a elaboración dunha planificación que garanta a modernización constante deste servizo fundamental na USC.	
Programación inicial	Establecemento de iniciativas anuais

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Realizáronse unha serie de melloras moi importantes no servizo de residencias que contribuíron a mellorar a calidade de vida dos estudantes. Entre elas cabe destacar a renovación de mobiliario das habitacións, electrodomésticos (microondas, televisións, frigoríficos, etc...) así como pintado das e colexios maiores residencias. O gasto ascendeu no ano 2015 a 52.000 euros, e no ano 2016 xa se leva executado 70.000 euros</p> <p>Ademais impulsouse a formación integral dos residentes mediante a aprobación por parte do Consello de Goberno do Regulamento do Sistema de Residencias e da convocatoria de proxectos de colaboración do alumnado das Residencias/Colexios Maiores nas actividades formativas.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	Acción continua
Informe da actividade	
<p>Durante este ano 2017 realizáronse unha serie de melloras importantes no Servizo Universitario de Residencias (SUR) que contribuíron a mellorar a calidade de vida dos estudantes. Entre elas cabe destacar a renovación de portas e pintado no segundo andar na RU. Jesús Bal y Gay. Nesta mesma residencia tamén se acometeron obras de acondicionamento na habitación destinada a persoas con mobilidade reducida, instalando sistemas de apertura automatizados na porta de acceso e na do baño. Dentro da habitual política de mantemento do SUR continuouse coa renovación de pintura en habitacións e espazos comúns e coa renovación de equipamento e lencería, adquirindo mobiliario e equipamento para zonas comúns e cuartos. Ademais impulsouse a formación integral dos residentes, adquirindo material deportivo para as actividades organizadas polas Residencias e Colexios Maiores e mediante a convocatoria de proxectos de colaboración do alumnado das Residencias/Colexios Maiores nas actividades formativas. Os gastos de acondicionamento, renovación,</p>	

mantemento e mellora, así como os asociados ao impulso das actividades de formación integral dos residentes, ascenden no que vai da ano 2017 a 61.000 euros

Evidencias asociadas

- (2015) Proxecto de Colaboración para o desenvolvemento de actividades no servizo universitario de residencias curso 2015-16, publicado o 8/10/15.
- (2015) Regulamento do Servizo Universitario de Residencias, aprobado o 29 de xullo de 2015 polo Consello de Goberno.
- (2016) Convocatoria de Proxectos de Colaboración para o desenvolvemento de actividades no servizo universitario de residencias curso 2016-17, publicado o 11/10/16.
- (2015, 2016, 2017) Memorias de actividades.

Código	APP081-CU-1518
Acción	Impulsar a empregabilidade e o emprendemento dos graduados
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	Transferencia efectiva do coñecemento e O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
<p>O tránsito dos estudantes desde as aulas ao mercado laboral precisa dun programa concreto de axuda. Proponse un modelo de impulso da empregabilidade e do emprendemento, con especial atención ás practicas en empresas, aos indicadores de inserción laboral e a programas coma o Europracticum.</p> <p>Do mesmo xeito crearanse iniciativas que melloren a formación para estudantes que desexen iniciar procesos de emprendemento</p>	
Programación inicial	As iniciativas definiranse no ano 2015 e implantaranse a partir do curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Para impulsar a empregabilidade e o emprendemento dos graduados e graduadas leváronse a cabo distintas actuacións:</p> <p>1.- Prácticas curriculares</p> <p>Para impulsar as prácticas curriculares realizouse un diagnóstico das mesmas mediante cuestionarios enviados aos Decanos/as e aos Coordinadores da titulacións, evidenciándose a existencia dunha demanda non atendida. Posteriormente contactouse con 677 empresas/institucións mediante carta asinada polo Reitor, solicitándolle a súa colaboración nas prácticas curriculares. Logrouse unha resposta positiva por parte de 68 empresas que pasaron a colaborar cos distintos centros docentes.</p> <p>2.- Prácticas extracurriculares:</p> <p>Das 953 solicitudes de prácticas extracurriculares solicitadas polo alumnado, adxudicáronse 141 bolsas para desenvolver as prácticas en distintas empresas, despois dun proceso de selección.</p> <p>3.- Programa de formación para empregabilidade</p> <p>Ofertáronse no curso 2015/2016 un total de 36 Obradoiros que computaron 127 horas de formación para 816 alumnos e alumnas asistentes</p> <p>4.- Orientación laboral personalizada: 192 alumnos/as atendido.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Para impulsar a empregabilidade e o emprendemento dos graduados e graduadas leváronse a cabo distintas actuacións:</p>	

- 1.- Prácticas extracurriculares: das 420 solicitudes de prácticas extracurriculares solicitadas polo alumnado, adxudicáronse 39 bolsas para desenvolver as prácticas en distintas empresas, despois dun proceso de selección. Nesta convocatoria houbo un cambio importante das condicións aplicadas as empresas e aos alumnos por parte do Banco Santander, polo que se veu reducida a participacións de ambos
- 2.- Programa de formación para empregabilidade: ofertáronse no curso 2016/2017 un total de 32 Obradoiros que computaron 106 horas de formación para 677 alumnos e alumnas asistentes
- 3.- Orientación laboral personalizada: 212 alumnos/as atendidos

Evidencias asociadas

- (2016) Elaboración do informe de Prácticas Curriculares (dispoñible en http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/saee/aol/descargas/Informe_de_prxcticas_curriculares_definitivo.pdf)
- (2016) Listado de adxudicación de prácticas extracurriculares, publicado o 9/3/16
Listado de programas de formación (dispoñible en <http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>)
- (2017) Información publicada de prácticas extracurriculares:
http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/modules/news/news_0041.html
- (2017) Listado de programas de formación
1º cuadrimestre: http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/actividades_stgo2017.html
2º cuadrimestre :
http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/actividades_stgo2017b.html

Código	APP082-CU-1518
Acción	Creación dunha rede de exalumnos e exalumnas da Universidade de Santiago de Compostela
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
A USC colabora activamente con organismos como a Asociación de Antigos Alumnos, pero tamén debe iniciar novos procesos de conexión con antigos alumnos, a través de redes sociais existentes como as profesionais ou científicas.	
Programación inicial	Inicio do proxecto no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Adiada
Data de finalización	Coa creación da Área de Comunicación
Informe da actividade	
Esta actividade quedou adiada ata que se formalice a nova Área de Comunicación, prevista na Programación Plurianual.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Esta acción foi inicialmente adiada ao ligarse directamente á creación da Área de Comunicación (APP099-SX-1518). Como se indica na descrición desta acción, se ben a área non foi creada como estrutura, si se puxeron en marcha mecanismos de coordinación entre os distintos axentes implicados. Por iso, agora cómpre retomar a proposta de creación da rede de exalumnos e exalumnas da USC. Neste período tense probado que a presenza da USC en redes sociais é ben recibida, e chegamos a través delas a un grupo importante de xente, non só da comunidade universitaria, se non tamén egresados. Durante este curso, estiveron activos os perfís de Facebook e Twitter, pero a creación da rede precisa doutras plataformas, para o que LinkedIn pode ser unha boa opción. A USC xa dispón de perfil rexistrado.	

Evidencias asociadas

Servizos xerais

Código	APP083-SX-1518
Acción	Recoller contablemente a diferenza entre ingresos e gastos afectados e non afectados no orzamento da USC
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>A través da contabilidade analítica propónse unha mellora da información e estruturación dos orzamentos, a súa execución, a súa liquidación e a rendición de contas. Neste proceso establécese un modelo de clarificación da relación entre os bloques de imputación de custes indirectos, xestión de persoal, xestión de incidencias na xustificación de subvencións, a determinación dos custes financeiros asociados a asumir por recursos non afectados derivados da obtención de recursos afectados e a mellora dos criterios de xestión orzamentaria de recursos afectados en relación coa esixencias de sostibilidade financeira de acordo a normas SEC.</p>	
Programación inicial	Aplicación do modelo no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A partir do modelo definido pola Administración General del Estado, o chamado modelo Canoa, a USC elabora anualmente un informe de contabilidade analítica onde se compren os obxectivos definidos nesta liña de actuación. Este informe é público e está colgado na páxina web da USC, dentro do apartado de información económica da xerencia. O informe é presentado ao Consello de Goberno, xunto coa conta xeral da USC e o balance anual.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Rematada
Data de finalización	---
Informe da actividade	
<p>A totalidade dos obxectivos desta acción están conseguidos e normalizados no orzamento de 2017 e na rendición de contas do exercicio de 2016, quedando consolidados para exercicios futuros.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Publicación do informe de resultados da Contabilidade analítica 2015 [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/xerencia/info_economica/Contabilidade_Analitica/InformeDeResultadosCA_2015_Reparto_1-06-2016_VersionAmpliadxGalegox.pdf] - (2016) Presentación do informe ante o Consello de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o 28 de xuño de 2016. 	

Código	APP084-SX-1518
Acción	Modificar os procedementos e recursos de administración económica e de persoal pola introdución da administración electrónica
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>A comisión delegada do reitor para administración electrónica aprobou un plan de implantación da administración electrónica que comprende dúas fases: implantación de todos os trámites que afectan a terceiros e mais emisión de certificacións para todas as áreas de xestión antes de setembro de 2015 e oferta dun punto de entrada electrónico para todos os procedementos, internos ou externos, antes de setembro de 2017. Asígnense como obxectivos da programación plurianual os incluídos no plan de implantación, así como os seus prazos.</p>	
Programación inicial	A establecida no plan de implantación da administración electrónica

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A situación económica da USC neste período impediu a consecución do primeiro dos obxectivos desta acción, referido á implantación de todos os trámites que afectan a terceiros e máis emisión de certificacións para todas as áreas de xestión. O finalizar esta fase en setembro de 2017, en conxunto coa segunda acción, referida á creación dun punto de entrada electrónico. Para este obxectivo, estanse realizando protocolos de colaboración entre a USC e a Xunta de Galicia (a través da Axencia para a Modernización de Galicia) e tamén co Administración General del Estado, que permitan utilizar tecnoloxías doutras administracións.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A execución do I Plan de Administración Electrónica 2013-2015 contemplaba a revisión e simplificación dos procedementos de todos os servizos administrativos, que estivesen dirixidos a persoas alleas á Universidade de Santiago de Compostela pero o desenvolvemento da tarefa de revisión e das ferramentas necesarias deu lugar a unha implantación desigual. Ademais, a entrada en vigor novas leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, obriga a mudar o escenario facendo necesarias novas solucións. Para dar resposta a esta situación, aprobouse o II Plan de Administración Electrónica 2016-2019 no que se establece un calendario de actuacións nos diferentes servizos.</p>	

Evidencias asociadas

- (2016) II Plan de Implantación da Administración Electrónica 2016-2019
- (2016, 2017) Procedementos dispoñibles no catálogo de procedementos da Sede Electrónica da USC

Código	APP085-SX-1518
Acción	Creación dun novo modelo de xestión de datos e estatísticas
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>O coñecemento claro e o tratamento dos datos convértese nunha das principais claves para mellorar o posicionamento da USC nos rankings internacionais e na toma de decisións. Proponse mellorar estes procedementos a través da maior explotación do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) e crear unha figura de coordinación de información cara as ferramentas públicas estatísticas (rankings, ...).</p>	
Programación inicial	Aplicación a partir do curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Nos últimos dous anos elaborouse un procedemento de revisión constante para a aportación de datos da USC ao Sistema de Información Universitario a través da figura do responsable de información universitaria, dependente da Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación e constituíuse un grupo de traballo para a mellora da información que utilizan os rankings formado por representantes do Gabinete de Comunicación, da Área de Calidade, da Vicerreitoría de Investigación e Innovación e da Vicerreitoría de Internacionalización. Estableceuse unha metodoloxía de análise e estudo dos principais rankings no mundo</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Mantense a dinámica de traballo iniciada en anos anteriores no relativo a subministro de información para SIIU e rankings que o solicitan e tamén no relativo ao seguimento dos resultados. Por unha banda, estase a traballar na subministración e utilización dos datos do SIIU como indicadores estándar nos procesos de seguimento e acreditación de titulacións, así como nas revisións anuais dos sistemas de garantía de calidade dos centros. Por outra banda, na medida en que a produción científica da institución condiciona os resultados na totalidade de rankings existentes, outro fito importante consistiu na elaboración por parte dun grupo de expertos (INAECU) de dous estudos: un sobre a produción científica e a visibilidade da Universidade de Santiago de Compostela e outro sobre a actividade investigadora da Universidade de Santiago de Compostela nas bases de datos internacionais Web of Science e Scopus no período 2005-2014.</p>	

Evidencias asociadas

- (2015) Nomeamento dunha Adxunta á Vicerreitoría de Internacionalización e á Vicerreitoría de Investigación e Innovación para a mellora no posicionamento dos rankings internacionais.
- (2015) Nomeamento dunha Adxunta con competencias en calidade, dependente da Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación
- (2016, 2017) Mellora constante en todos os rankings de referencia, nacionais e internacionais (ARWU, SCIMAGO, CyD, ...)
- (2017) Informe “Estudio sobre la producción científica y visibilidad de la Universidad de Santiago de Compostela”
- (2017) Informe “La actividad investigadora de la Universidad de Santiago de Compostela en las bases de datos internacionales Web of Science y Scopus en el periodo 2005-2014” [publicado na web da Vr. de Investigación]
- (2017) Celebración de seminarios de formación para investigadores/as e xestores/as de investigación.
- (2017) Análise pormenorizada da produción científica de áreas específicas de cara á súa preparación para candidaturas competitivas de excelencia.

Código	APP086-SX-1518
Acción	Definir un modelo mixto, xestión directa-xestión indirecta, para a área de infraestruturas no que atinxe a instalacións, edificios e urbanización
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A área de infraestruturas é xa unha das unidades máis complexas da universidade debido á dimensión da universidade e ás novas competencias que debe asumir. Proponse un novo modelo que permita mellorar a eficacia na xestión, o aforre de custes e unha planificación para a mellora constante e a innovación.	
Programación inicial	Implantación do modelo no ano 2015

Data de comprobación	30/09/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
Esta acción está desenvolvéndose a través da racionalización dos contratos de servizos relacionados coa área e completando os acordos institucionais con organismos e institucións, como o INEGA e o Concello de Santiago, o primeiro para facilitar actuacións de aforro enerxético e o segundo para que poda asumir as obrigas convenidas en relación co mantemento de zonas verdes e sistema viario no Campus Vida. Queda por abordar a reorganización dos postos de traballo da estrutura da USC, ligados tanto ao axuste da RPT como á reposición efectiva de prazas, indispensable nesta área.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Esta acción está executándose de forma parcial respecto a cada servizo. Aconséllase unha formulación máis global e sistemática na programación plurianual 2019-2022	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Convenio subscrito co INEGA - (2016) Adxudicación en 2016 de contratos de mantemento de instalacións e maquinaria 	

Código	APP087-SX-1518
Acción	Establecer un sistema de coordinación central para o aluguer de espazos universitarios
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
O patrimonio da USC debe ser xestionado dun xeito máis eficaz. Proponse un novo modelo de coordinación que atenda especialmente as demandas externas e que permita a organización das peticións especializando, por exemplo, edificios docentes para atender as demandas.	
Programación inicial	Aplicar o modelo a partir do curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A través da Sociedade Xestor ade Intereses da USC (Unixest SLU) estableceuse un catálogo de espazos susceptibles de ser alugados para as diversas actividades que son demandadas, ben pola comunidade universitaria, ben pola sociedade en xeral para actividades de carácter científico, formativo ou cultural. Dentro do plan de viabilidade e estratéxico de UNIXEST contéplase un esforzo para mellorar a dotación da Oficina de Congresos, responsable desta tarefa encomendada pola programación plurianual. Do mesmo xeito, estase elaborando un plan para os centros especialmente demandados para o aluguer de espazos e unha revisión dos prezos que anualmente son aprobados nos orzamentos da USC.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
Non se produciron avances relevantes durante o 2017, se ben durante o 2018, e no marco do plan de comercialización de Unixest, se realizará unha acción específica con respecto aos espazos. Con todo, semella oportuno incorporar esta acción na programación plurianual 2019-2022.	

Evidencias asociadas

Código	APP088-SX-1518
Acción	Racionalizar o servizo de cafeterías e dos servizos de restauración
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	O estudantado: valor presente e futuro
Descrición	
A estrutura de centros da USC variou sensiblemente nos últimos anos, producíndose varias situacións de insostibilidade de servizos de cafetería e restauración. Propóñese unha revisión profunda, suprimindo as que non son sostibles, potenciando a concentración de servizos e creando un sistema de vending e reparto para os centros sen servizo presencial.	
Programación inicial	O novo modelo implantarase no ano 2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	
Informe da actividade	
Despois dunha análise previa, iniciouse o proceso de licitación das cafeterías seguintes: Facultade de Ciencias (Lugo), Monte da Condesa (Santiago), Residencia Jesús de Bal y Gay (Lugo) y Facultade de Veterinaria (Lugo). Tamén se iniciou o proceso de revisión de servizos automáticos que se ofrece nos centros da USC.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Adiada
Data de finalización	Adiada
Informe da actividade	
Se ben se levou a cabo a primeira fase da acción, a segunda fase (correspondente á análise dos servizos de vending) quedou adiada.	

Evidencias asociadas	
Inicio do concurso 2016/CSEA1/000008 - Servizo de cafetería na Residencia Universitaria "Jesús de Bal y Gay", no Campus de Lugo, publicado no DOG o 27/09/2016.	
Inicio do concurso 2016/CSEA1/000012 - Servizo de cafetería-comedor na Residencia Universitaria "Monte da Condesa" no Campus Vida de Santiago de Compostela, publicado no DOG do 27/09/2016.	
Inicio do concurso 2016/CSEA1/000006 - Servizo de cafetería na Facultade de Ciencias do Campus de Lugo, publicado no DOG do 27/09/2016.	
Inicio do concurso, 2016/CSEA1/000007 - Servizo de cafetería-comedor na Facultade de Veterinaria no Campus de Lugo, publicado no DOG do 27/09/2016.	

Código	APP089-SX-1518
Acción	Implantar un proxecto de turismo académico de verán ligando recursos docentes cos residenciais actualmente ociosos nos meses de xullo e agosto
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Relación co contorno
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos e O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
Os meses de xullo e agosto xa se converteron en períodos especialmente destinados á formación permanente e a cursos de especialización. A proposta fundaméntase en crear unha estratexia que permita atraer este tipo de oferta á universidade, especialmente no referido á utilización de residencias universitarias e espazos non ocupados durante estes meses.	
Programación inicial	Implantación a partires do curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A través do Programa A Ponte co ensino medio, establecéronse unha serie de actividades con estudantes de bacharelato que veñen pasar uns días de turismo científico á Universidade de Santiago de Compostela. O programa principal para esta actividade é o denominado “Estancias científicas de Verán (ESCIVE)”, financiado pola Fecyt, que permite ocupar máis de 100 cuartos nas residencias universitarias. A través da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, tamén se asinaron varios convenios con entidades locais que permite a utilización das residencias universitarias nas épocas estivais por parte de deportistas de alto rendemento, como por exemplo co Rio Natura Monbus Obradoiro.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	Acción continua
Informe da actividade	
Durante o ano 2017 continuouse coa política iniciada no curso anterior, executándose os convenios establecidos.	

Evidencias asociadas	
Ocupación do 90% dos cuartos das residencias universitarias durante o mes de xullo	

Código	APP090-SX-1518
Acción	Potenciación da oferta de visitas ao patrimonio da USC
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
Este ano ampliouse o patrimonio atractivo para as visitas grazas ao Museo de Historia Natural. Cómpre, polo tanto, incorporar esta oferta ao programa de visitas, así como o Colexio de San Xerome e zonas actualmente non visitables do Colexio de Fonseca.	
Programación inicial	Inicio do proxecto no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
No ano 2016 profesionalizouse o servizo de atención a visitantes no Museo de Historia Natural e creáronse novas rutas para o programa de visitas guiadas que estará operativo no curso 2016-2017. Este programa inclúe a visita ao Pazo San Xerome en horario de tarde, a visita a Torre de Fonseca e a creación de novas rutas polo patrimonio natural da USC.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
O programa de visitas “Universidade Viva” organiza tanto os roteiros pola universidade (duración de hora e media) como as visitas aos balcóns do Colexio de San Xerome (20 minutos). Un total de 2.535 persoas participaron nestas actividades durante o 2017. Na revisión das estatísticas de visitas, detectouse que tan só un número moi reducido de membros da comunidade universitaria disfrutaban do servizo. Despois de avaliar os posibles motivos e as alternativas que se podían ofrecer, no comezo do curso 2017-2018, ampliáronse as quendas de visitas gratuítas para a comunidade universitaria (primeiro mércores de cada mes, ás 12:00 e ás 16:30 horas), remitindo un correo informativo. A afluencia no último mes é superior ao 50% dos participantes nos primeiros meses de 2017.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Publicación do DOG do 6/9/2016 do prego do concurso 2016/CSEA1/000005, denominado Servizo de atención aos visitantes do Museo de Historia Natural da USC, publicado tamén no Perfil do contratante coa referencia http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=62418 - (2016) Inclusión no plan de viabilidade de Unixest do novo réxime de visitas e tarifas. - (2017) Ampliación horario de visitas graúttas para a comunidade universitaria. 	

Código	APP091-SX-1518
Acción	Mellorar o aproveitamento da imprenta universitaria
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A evolución da tecnoloxía provocou que a imprenta universitaria teña que realizar un mellor aproveitamento das súas potencialidades, estudando a posibilidade de ampliar a súa oferta de servizos ao SUG e adaptándoa ás demandas da nosa Universidade.	
Programación inicial	Inicio do proxecto no ano 2015

Data de comprobación	30/09/2016
Estado	En execución
Data de finalización	As decisións correspondentes deben ser adoptadas no contexto da reorganización de servizos e modificación da RPT, é dicir, no primeiro semestre de 2017.
Informe da actividade	
A análise desta actuación está adiada para abordala en 2017 previo estudo dos datos derivados da contabilidade analítica e do análise de custe/beneficio de servizos, proposta para considerar na comisión mixta de seguimento do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio de cara á adopción de decisións fundadas na sostibilidade e viabilidade a medio e longo prazo dos servizos.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	Adiada
Data de finalización	Adiada
Informe da actividade	
Esta acción non se vai poder acometer no prazo previsto, sendo aconsellable incorporala á programación plurianual 2019-2022	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> (2016) Informe de contabilidade analítica e de actividade aportada á comisión mixta Claustro, Consello de Goberno e Consello Social para o seguimento do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio. Dispoñible en http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/xerencia/info_economica/InformeDeResultadosCA_2015.pdf 	

Código	APP092-SX-1518
Acción	Xestionar e implantar un novo modelo de relación entre a Universidade e as empresas
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	Transferencia efectiva do coñecemento O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
A relación entre o tecido empresarial e a universidade debe tramitarse a través de novas canles. Proponse un modelo coordinado que permita mellorar as accións de patrocinio, as de prácticas docentes e as de desenvolvemento da innovación.	
Programación inicial	Inicio do proxecto no curso 2015-2016

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Esta acción está relacionada coa APP079-CU-1518. A conexión do tecido empresarial, conforme ao establecido nesta programación plurianual, organizouse a partir de tres grandes obxectivos: mellora das accións de patrocinio, das accións docentes e das accións relacionadas coa investigación e a innovación. Na primeira delas, nomeouse a un responsable en mecenado, co obxectivo de elaborar e responsabilizarse dun plan de mellora das actividades patrocinadas por entidades alleas á USC e de alto interese para a comunidade universitaria. En canto ás accións relacionadas coa docencia, creouse xunto co Consello Social, o programa “Mentoring USC – Desenvolvemento profesional”, que permite a incorporación de empresarios aos procesos de titorización laboral dos estudantes dos últimos anos de grao. Por último, continuouse coa estratexia de colaboración entre os distintos grupos de investigación e o tecido empresarial para a elaboración de contratos ou de colaboracións que permitan obter mellores resultados en proxectos competitivo</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A relación da Universidade co tecido empresarial canalízase a través de varias accións, tendo especial relevancia o programa Mentoring (AP079-CV-1518), pero tamén son relevantes as accións de patrocinio institucional. Estase a traballar nunha revisión dos convenios que mantén a USC para o financiamento de actividades tanto de docencia como de investigación e de extensión universitaria, coa fin de optimizar o emprego das subvencións recibidas, creando coas empresas e entidades patrocinadoras unha relación de alianza.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> (2016,2017) Web do programa mentoring: http://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/estudantes.html 	

Código	APP093-SX-1518
Acción	Reforzo da especialización da asesoría xurídica
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Nos vindeiros anos prevense importantes cambios normativos que requiren unha especial atención dos servizos xurídicos da universidade. A proposta plurianual radica no reforzo do cadro de persoal con título de grao ou licenciatura en dereito, a licitación pública dos preitos laborais e mercantís e a implantación de procedementos de solución extraxudicial de conflitos.</p>	
Programación inicial	Estudo de necesidades no ano 2015 e implantación do novo modelo no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Durante o ano 2015 incorporouse á Asesoría Xurídica unha nova persoa cos requisitos indicados na programación plurianual e fíxose unha adxudicación pública para a xestión dos preitos mercantís e laborais.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Continúase a traballar ao igual que na revisión anterior, explorando posibles vías de incorporación ou colaboración de persoal especializado. Igualmente, téñense licitado os pleitos da xurisdición laboral, e continuarase na mesma liña no vindeiro trimestre.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2015) Incorporación dunha nova persoa, contratada de xeito temporal, á Asesoría Xurídica no ano 2016 - (2016, 2017) Licitación da xestión de preitos laborais e mercantís 	

Código	APP094-SX-1518
Acción	Modernización da estrutura organizativa da Área TIC
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>A área que xestiona as tecnoloxías da información e da comunicación require un cambio organizativo para adaptarse ás necesidades actuais da universidade. Propónse un novo modelo que mellore a participación do persoal das conserxerías nas tarefas de mantemento, a transformación da xestión das aulas de informática, a creación dun plan de actualización de infraestrutura e un novo modelo de renovación de hardware. Implantarase un novo modelo de atención a usuarios que integre correctamente a atención a usuarios no CAU e a prestación de atención personalizada nos centros, coordinada por un responsable de atención a usuarios. É preciso renovar o modelo de prestación de servizos para a docencia, revisando a dimensión e finalidade das aulas de informática e introducindo a posibilidade do uso de equipos persoais para a realización das tarefas de docencia e investigación, correctamente integrados na rede da universidade. Así mesmo, instrumentarase os medios necesarios para ofrecer servizos de comunicacións e almacenamento de datos para usuarios finais á altura dos que se están a ofrecer en plataformas comerciais. A universidade dotarase dun plan de actualización permanente das infraestruturas e dun novo modelo de renovación de hardware</p>	
Programación inicial	Inicio do novo modelo no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Desde a aprobación da Programación Plurianual, delegouse nas conserxerías a función de xeración e xestión das contrasinais persoais, o que permitiu unha mellor atención aos usuarios en cada centro. Dentro do comité de seguridade da USC, tamén se elaborou un plan de investimento en infraestruturas anual, que permitiu dotar a partida orzamentaria correspondente ao ano 2016 en máis dun millón de euros, un 70% máis que no orzamento anterior. No ano 2014 tamén se transformaron as aulas de informática de acceso libre, orientadas a un modelo que permita unha maior autonomía dos usuarios e tamén se estableceu un plan para a mellora da dotación de hardware da USC. Tamén se iniciaron os proceso de mellora de coordinación do CAU, aínda que os resultados non serán aplicables ata o ano 2017. No ano 2015 instalouse o modelo 365 de Microsoft, que permite que todos os usuarios da USC poidan gozar de licencias do software da compañía, o máis usado na USC. Na actualidade, estase elaborando, xunto coa Sección de Patrimonio, un protocolo que permita atender o hardware propio dos usuarios que se usa con fins docentes e científicos e que debe estar operativo no ano 2017. A USC tamén adoptou a tecnoloxía OneDrive e OwnCloud para a creación de espazos virtuais para o intercambio e almacenamento de arquivos na nube.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>ATIC dispón actualmente dunha estrutura non adaptada ás necesidades actuais da universidade, que requiren dunha distinción entre os proxectos a desenvolver a medio e longo prazo e a atención diaria de operacións e mantemento. Dende ATIC, en colaboración coa Comisionada para a Gobernanza das TIC, estase a traballar no deseño dunha nova estrutura máis adaptada á realidade da USC, tendo en conta as premisas sinaladas, o que levará consigo unha optimización das tarefas a realizar, mellorando os tempos de resposta e a atención a usuarios. Coa creación da comisión para a gobernanza das TIC, cuxa constitución se producirá antes de finais de 2017, establecerase unha dinámica de traballo marcada polos grupos que dela xurdan.</p>	

Evidencias asociadas
<ul style="list-style-type: none"> - (2015) Instrución de xerencia X/2015 pola que se regula a colaboración do persoal de conserxería dos centros na renovación dos contrasinais de acceso aos servizos telemáticos da USC por parte dos usuarios. - (2015) Aprobación do plan de infraestruturas TIC polo comité de seguridade, en sesión do 10 de xullo de 2015 - (2016) Instalación do modelo 365 de Microsoft para o correo electrónico, e almacenamento na plataforma Onedrive en outubro do ano 2016

Código	APP095-SX-1518
Acción	Mellora das ferramentas informáticas básicas da USC
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
<p>Boa parte da xestión da Universidade de Santiago fundaméntase nunha serie de aplicacións informáticas que deben ser melloradas constantemente, como Xescampus, a xestión das accións de investigación e produción científica,Proponse unha planificación mellor para a actualización permanente destas aplicacións, axilizar a atención aos usuarios, mellorar a explotación de información, implantar a administración electrónica e aumentar as licencias de uso para os usuarios finais. Implantarase a ferramenta SUXI para a xestión da investigación</p>	
Programación inicial	Implantación do novo modelo a partires do curso 2015-2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Esta acción de mellora debe ser revisada para poder ser implantada no curso 2016/2017, tanto na planificación de actualización de aplicacións como na instalación de SUXI. Na actualidade, estase procedendo á migración de información das vellas plataformas que almacenan os datos de investigación (produción científica) co obxectivo de que a nova plataforma de xestión de información de investigación estea operativa no mes de xaneiro de 2017.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p><u>Investigación.</u> Como xa se indicou en accións anteriores, o módulo de xestión curricular da aplicación do sistema universitario de xestión da información (SUXI) está dispoñible en probas, e o seu despregue planifícase para comezos de 2018.</p> <p><u>Docencia.</u> Tense iniciado un proxecto piloto de campus virtual con seis mestrados online na nube, con videoconferencia e gravación de clases. Ao mesmo tempo, tamén se modificou a arquitectura do Campus Virtual para adecualo a necesidades actuais e futuras, se ben no comezo do curso 2017-2018 se teñen producido algunhas incidencias que perturbaron gravemente o uso da ferramenta. Procedeuse a implementar un balanceo de carga en varios servidores pero a medio prazo traballárase na virtualización do campus, previsto para o 2018.</p> <p><u>Microsoft 365.</u> Como xa se indicou en accións anteriores, no ano 2016 instalouse o modelo 365 de Microsoft, con varias funcionalidades para a creación de espazos virtuais. Neste último trimestre estase a traballar na difusión da información dos órganos colexiados (comezouse cun Consello de Goberno) para compartir a documentación con usuarios autenticados.</p>	

Varios. Tamén se teñen acometido melloras na sede electrónica, así como nalgúns módulos das aplicacións de xestión académica, entre outros.

Evidencias asociadas

- (2015) Reincorporación da USC ao proxecto SUXI, propiedade do Consorcio de aplicacións Informáticas do Sistema Universitario de Galicia (CIXUG).
- (2016) Implantación de Microsoft 365.

Código	APP096-SX-1518
Acción	Creación e aplicación dun catálogo de servizos da Área TIC
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A área TIC presta servizos a distintos colectivos da USC e cómpre establecer catálogos de servizos claros que permitan unha mellor atención tanto ao PDI coma ao PAS e aos estudantes.	
Programación inicial	Creación dos catálogos no ano 2015 para comezar o seu uso no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	Adiada
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
Esta acción prevista na programación plurianual tivo que ser adiada ata o curso 2016/2017. Durante este período seguiu operando o catálogo aprobado con anterioridade.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
A área TIC dispón dun catálogo de servizos publicado na súa web pero que é preciso actualizar. Está programada como unha das primeiras accións a acometer no seo da Comisión para a Gobernanza das TIC, cuxa constitución se producirá antes de finais de 2017. Deste xeito, non só se terá en conta a visión do sector técnico e funcional, se non tamén dos usuarios.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2017) Aprobación, do Regulamento para a gobernanza das tecnoloxía da información e das comunicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Consello de Goberno de 12 de maio de 2017. - (2017) Catálogo de servizos: http://www.usc.es/gl/servizos/atic/cau/servizos.HTML 	

Código	APP097-SX-1518
Acción	Simplificación da administración a través da Área de Calidade
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
A área de calidade da USC debe asumir tamén a xestión da mellora, como a actualización dos trámites burocráticos, a mellora dos protocolos de actuación, e sobre todo simplificar os procesos de xestión de calidade para lograr unha maior eficacia na aplicación das accións de mellora. Proponse un novo modelo onde ademais do seguimento, se supervisen a incorporación das novas propostas.	
Programación inicial	Instalar o novo modelo no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
No ano 2016 aprobouse un plan de melloras institucional que permite abordar cada un dos aspectos que se indican nesta liña da Programación Plurianual. Tamén se aprobaron todos os Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) dos centros así como as memorias de calidade, que permitiron unha simplificación de varios procesos dos centros e escolas. No ano 2016 tamén se certificou o primeiro dos centros da USC, a Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE) e iniciouse o proceso de certificación de cinco centros máis no ano 2017.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A simplificación administrativa estase empregando como criterio para a revisión do Sistema marco de Garantía de Calidade que se está levando a cabo como consecuencia da certificación dos SGC dos centros. Esta revisión e simplificación implementárase nas facultades e escolas durante o curso 2017-2018. Por outra parte, a acción está moi relacionada coa implementación da Administración Electrónica. O 12 de xaneiro de 2017 a Comisión de Administración Electrónica aprobou o II Plan de Administración Electrónica para o período 2016-2019 e que establece un calendario para a revisión e simplificación de procedementos nos servizos administrativos da USC.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Certificación do SGIC da ETSE - (2016) Aprobación do Plan de melloras institucional na sesión do Consello de Goberno celebrada o 29 de xullo de 2016 - (2017) Certificación do SGC de catro novos centros: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias, Facultade de Psicoloxía. 	

- (2017) Aprobación do II Plan de Implantación da Administración Electrónica na USC 2016-2019.

Código	APP098-SX-1518
Acción	Modernización da xestión da métrica da calidade
Ámbito estratéxico	Actividade universitaria
Liña estratéxica	Procura da excelencia na docencia e Cara a excelencia investigadora
Descrición	
A proposta consiste en crear un programa específico de apoio técnico para asegurar a acreditación/certificación dos títulos, así como modernizar os procedementos de avaliación docente, coa incorporación de estándares internacionais de medición de satisfacción dos grupos de interese, con especial atención aos estudantes.	
Programación inicial	Instalar o novo modelo no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2017
Informe da actividade	
O programa mencionado nesta acción foi creado na Área de Calidade e mellora dos Procedementos e logrou que a acreditación de todos os títulos que se someteron ao proceso de avaliación durante os anos 2015 e 2016. A Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno tamén iniciou a revisión completa dos mecanismos de medición de satisfacción dos grupos de interese, establecendo un calendario que permitirá a implantación do novo modelo no curso 2017/2018.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
Durante o curso 2016-2017 implementouse, de acordo coas recomendacións recibidas no proceso de acreditación de títulos, unha nova enquisa destinada a coñecer a satisfacción do alumnado e do profesorado coas titulacións. A revisión completa do panel de enquisas non foi posible polo que se reformula a acción inicial e se recolle unha nova programación no marco do Plan de Melloras 2017-2018 (pendente de presentar ao Consello de Goberno) destinada á constitución dun grupo de traballo onde estean representados os diferentes grupos de interese, co obxectivo de ordenar e racionalizar o panel de enquisas. Os traballos desenvolveranse entre xaneiro e xullo de 2018.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2015, 2016, 2017) Acreditación de todos os títulos sometidos a avaliación - (2016) Certificación do SGIC da ETSE. - (2017) Enquisa de satisfacción coa titulación - (2017) Certificación do SGC de catro novos centros: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias e Facultade de Psicoloxía. 	

Código	APP099-SX-1518
Acción	Crear unha Área de Comunicación da USC
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Relación co contorno
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos, Transferencia efectiva do coñecemento e O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
<p>Na actualidade hai seis unidades que teñen como obxectivo difundir información de interese público. Compre reorganizar todos os servizos a través dunha Área profesionalizada de comunicación, que permita asumir todo o relacionado coa difusión informativa, o márketing, a información aos estudantes, a captación de estudantes e a información a través da páxina web, medios de comunicación e redes sociais. Propónse tamén o reforzo da Oficina web.</p>	
Programación inicial	Creación da Área no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Os cambios organizativos para lograr cumprir este obxectivo da Programación Plurianual inclúense dentro da reforma da RPT prevista para o ano 2017. Sen embargo, si se produciu un reforzo da Oficina web coa incorporación dun novo efectivo da Área TIC que permite a creación da nova páxina web da USC cos recursos propios da USC. Tamén se nomeou ao director do Gabinete de Comunicación como responsable da Oficina de Información Universitaria.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Non foi posible levar a cabo o cambio organizativo, pola demora no proceso de funcionarización e modificación da RPT. Con todo, si se ten traballado no establecemento de dinámicas que integren as capacidades do Gabinete de Comunicación, da Oficina Web e da Oficina de Información Universitaria. Asemade, tamén se trata de coordinar as accións de difusión con outros servizos, como por exemplo o de relacións exteriores. Tamén se teñen realizado algunhas accións relacionadas coa imaxe corporativa da USC.</p>	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Reforzo da Oficina web cun novo efectivo da Área TIC, a partir do mes de febreiro do ano 2016 - (2016) Nomeamento do director do Gabinete de Comunicación como responsable da Oficina de Información Universitaria, o que permite unha mellor coordinación entre servizos. 	

Código	APP100-SX-1518
Acción	Creación dunha unidade específica de divulgación científica
Ámbito estratéxico	Relación co contorno
Liña estratéxica	Transferencia efectiva do coñecemento e O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
A divulgación científica é un dos compromisos sociais da Universidade de Santiago. Proponse crear unha unidade, seguindo a mesma estrutura que propón a FECYT, para lograr canalizar todas as accións de divulgación que se xeran cada día na USC.	
Programación inicial	A unidade comezará a funcionar no ano 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
Os cambios realizados nos procesos de convocatoria da FECYT obrigaron a un adiamento na posta en marcha desta Unidade, xa que é preciso ser incluída na reforma da RPT prevista para o ano 2017. Sen embargo, xa se realizaron todos os estudos previos necesarios en colaboración do Consello Social da USC.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
A creación da Unidade de Divulgación Científica foi incluída dentro do plan de acción do selo HRS4R (acción 18)., coa implicación da Xerencia, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, a Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social e a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación. Valoráranse as posibilidades de creación específica de “unidade” ou do establecemento dun grupo de traballo estable que garanta unha correcta difusión do coñecemento á sociedade.	

Evidencias asociadas	
- (2017) Plan de Acción do selo HRS4R. Acción 18.	

Código	APP101-SX-1518
Acción	Programación de renovación da páxina web
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Relación co contorno
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos e Transferencia efectiva do coñecemento
Descrición	
<p>O sitio web da universidade é o punto principal de difusión e información co que conta a institución na rede. Compre actualizar a súa estrutura, aparencia e contidos para atender á necesidade de difusión de información de captación de estudantes e recursos de investigación e transferencia tecnolóxica e, ao mesmo tempo, dar satisfacción ás necesidades de información das persoas que forman parte da comunidade universitaria.</p> <p>Así mesmo, é preciso acomodar as necesidades de información de proxectos singulares para evitar a proliferación de sitios independentes do principal que danan a imaxe de unidade que debe ofrecer a institución. Finalmente, a presenza na Internet non se entende hoxe en día sen unha estratexia adecuada nas redes sociais e unha adecuada integración entre o sitio web e a publicación a través destas canles. Implementarase un novo sitio web que teñen en conta estas esixencias e actualizarase a ferramenta informática de xestión de contidos para cumprir con estes obxectivos. No terreo organizativo, dividíranse adecuadamente as funcións de mantemento, implementación e organización da información entre a Área TIC, a Oficina web e mais os servizos encargados do mantemento da información.</p>	
Programación inicial	A renovación da páxina web farase no 2015 e no 2017

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	30/12/2016
Informe da actividade	
<p>O elevado custe da creación da nova páxina web obrigou a realizar un redeseño na programación de construción do novo sitio web que permita abordar o proxecto exclusivamente con recursos xa existentes na USC, tanto na Área TIC, como na Oficina Web. Na actualidade estase finalizando a fase de conexión de todas as bases de datos de información existentes na USC para unha mellor divulgación de contidos, así como a avaliación polos grupos de interese internos da USC.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Co deseño da nova web realizado dende a Oficina Web xa finalizado, en agosto de 2017, a sección de sistemas de ATIC implementou a nova web nun servidor de probas, a través do que se pode visualizar a web, tamén para dispositivos móbiles. A migración finalizouse o 11 de setembro de 2017.</p>	

Neste período, dende a Oficina Web, en colaboración cos centros e servizos, está a acometer unha revisión da información co fin de eliminar duplicidades, documentación obsoleta, etc. antes de poñer operativa a nova web.

Evidencias asociadas

- (2016) Asignación dun efectivo da área TIC á oficina web para o desenvolvemento do novo sistema web
- (2016) Elaboración dun informe técnico para a interrelación das distintas bases de datos e páxinas web que existen na USC na actualidade.
- (2017) Implementación da web en servidor de probas.
- (2017) Proceso de revisión da información.

Código	APP102-SX-1518
Acción	A normalización lingüística na USC
Ámbito estratéxico	Xestión institucional e Relación co contorno
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos e O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
<p>A proposta plurianual fundaméntase na consecución de obxectivos máis ambiciosos para a lingua galega en todas as dimensións da realidade universitaria. Velarase polo cumprimento dos Estatutos da Universidade de Santiago, que definen o galego como lingua propia desde a cal a institución se presenta tanto internamente (cara á súa propia comunidade) como externamente (cara á sociedade en xeral). Buscaranse procedementos dialogados e consensuados naqueles ámbitos ou accións nas que se detecten disfuncións. Promoverase o emprego do noso idioma nas actividades de externalización e divulgación da investigación universitaria e nos programas dedicados á presentación da oferta académica a distintos colectivos de futuros alumnos e alumnas, tanto de grao como de máster ou doutoramento. No relativo ao galego como lingua da docencia, para o deseño da estratexia que debemos seguir cómpre unha avaliación da situación de partida a través da información dispoñible nas nosas bases de datos, así como a procura de vías para que existan versións á nosa lingua tanto dos materiais de apoio á docencia como das ferramentas fundamentais do traballo académico. Neste sentido é preciso planificar e actuar sobre a especial situación do alumnado de fóra de Galicia e sobre todo do alumnado internacional, cuxo incremento se prevé importante nos vindeiros anos. En canto á valorización do galego como lingua da investigación, a USC continuará traballando de maneira conxunta co resto das universidades do SUG nunha estratexia de visibilización da produción científica na nosa lingua e na demanda da non penalización do galego nos procesos estandarizados de avaliación da produción científica a nivel estatal. Establécese o compromiso de levar a termo un novo Plan de Normalización Lingüístico.</p>	
Programación inicial	Planificación anual para o seguimento e cumprimento dos obxectivos

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Realizouse a planificación indicada na acción co obxectivo de rematar o proceso de elaboración dun protocolo para que os alumnos que o desexen poidan cumprimentar os exames en galego (en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación e coa Secretaría Xeral).</p> <p>Tamén se elaborou un documento consensuado no que se solicitaba a non penalización da lingua galega nas actividades de investigación e se celebraron diversas xornadas de traballo na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística valorando o posible establecemento de itinerarios lingüísticos nas universidades galegas, así como a translación ao Plan de Financiamento das universidades dos obxectivos lingüísticos.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Levou a Consello de Goberno unha proposta de protocolo para que os alumnos que o desexen poidan cumprimentar os exames en galego, mais ao non ser aprobada considerouse necesario traballala máis. O contexto para ese traballo é a Comisión de Política Lingüística do claustro.</p>	

Evidencias asociadas
<ul style="list-style-type: none"> - (2016, 2017) Actas da Comisión Interuniversitaria de PL no que se recolle a carta enviada ás institucións responsables de valorar a investigación universitaria no Estado, reivindicando a non penalización na puntuación da investigación por razóns lingüísticas. - (2016) Actas da Comisión Interuniversitaria de PL no que se recollen os debates sobre as cuestións anteditas, así como a decisión de instituír o premio Lois Porteiro Garea. - (2017) Actas do Consello de Goberno no que se debateu sobre a cuestión do dereito aos exames en galego, a partir dunha proposta do equipo de goberno.

Código	APP103-SX-1518
Acción	Actividades deportivas e culturais
Ámbito estratéxico	Persoas
Liña estratéxica	O estudiantado: valor presente e futuro
Descrición	
<p>A oferta deportiva e cultural nos campus de Lugo e Santiago é un dos principais elementos de valor engadido da Universidade de Santiago de Compostela. É preciso acometer un novo sistema de revisión de custes, prezos e subvencións, así como aumentar a promoción das actividades, clarificar os modelos a seguir na organización e na oferta e buscar patrocinadores que colaboren nas actividades.</p>	
Programación inicial	Elaboración do plan no 2015 para a súa posta en marcha no 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>No campus de Santiago, realizouse unha análise pormenorizada da oferta deportiva, dos horarios, usuarios por grupo, e dos ingresos e custes derivados da mesma. Froito da mesma decidiuse dar de baixa a actividade de Tiro con Arco e incorporar a oferta dúas actividades novas: Tríatlón e Combinado Terapéutico.</p> <p>Tamén se realizou o cambio da aplicación informática que permitiu dar un mellor servizo aos usuarios e logrouse un acordo coa Deputación da Coruña para financiar actividades.</p> <p>No o cultural resaltar o incremento da oferta cultural no campus de Santiago grazas á sinatura cun convenio específico coa Deputación de A Coruña.</p> <p>No campus de Lugo incluíuse ao Servizo de Deportes na xornada de benvinda dos alumnos e alumnas de 1º curso. O servizo contou cun stand propio no que se repartiu un folleto informativo sobre a oferta no campus. Tamén se deseñaron actividades promocionais que teñen como finalidade tanto difundir a nova imaxe do campus (Campus Terra) como animar e incentivar a práctica deportiva (reparto de material deportivo gratuíto, serigrafiado co logo do campus, a aqueles alumnos e alumnas que participen en Deportes Lugo).</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>A oferta incluíu unha programación cultural nos ámbitos da música, do teatro, da danza, das artes visuais e das exposicións da que se poden destacar: os Festivais Internacionais e Mostras de teatro universitario, os Encontros de danza universitaria, o ciclo de charlas-conferencias “Nerd Nites”, os encontros orquestrais e concertos da Orquestra da USC, o ciclo “Unha vida de emocións en 32 sonatas: as sonatas para piano</p>	

de Beethoven”, as homenaxes musicais a José Castro Chané, Ricardo Jiménez e Andrés Gaos, o 1º Ciclo “Novos Talentos Musicais”, os ciclos “Músicas a Carón da Mosqueira” e “Lubicán” do Campus de Lugo, o Maratón Fotográfico do Campus de Lugo, o programa “SonsCreativos, tamén no Campus de Lugo, e as exposicións “Terezín: Os nenos que viviron e debuxaron o Holocausto”, “A Cidade no Tempo; fotografías de Manolo Blanco”, “Mitos, imaxes e libros. A obra ilustrada de Ovidio nas bibliotecas de Galicia”, “A intimidade da imaxe; fotografías de Anna Turbau”, “O ceo de España. Os brigadistas austríacos na Guerra Civil española” e “Bastións; esculturas de José Perozo”. Pola súa parte, as nosas unidades de produción cultural supuxeron unha plataforma de formación e participación activa da comunidade universitaria nas respectivas actividades artísticas.

Noutra orde de cousas, durante este ano 2017 estívoase a traballar na preparación e deseño do futuro Museo Virtual do patrimonio histórico-artístico da USC que se presentará en decembro do 2017

No relativo ao obxectivo de contribuír á formación integral da comunidade universitaria, transformando os servizos non académicos en ferramentas de apoio, a Área de Cultura da USC ofreceu un programa de cursos, seminarios e obradoiros nos ámbitos do teatro, da danza, da música, do cinema, da fotografía e da astronomía.

Como servizo singular dependente da Área de Cultura, a Fonoteca Universitaria segue a manter a súa actividade ofrecendo as súas instalacións e fondos relacionados co mundo da música.

Aparte destas actividades de produción propia, a Área de Cultura desenvolveu un importante labor de cooperación institucional con entidades e organizacións de Compostela e Lugo para o desenvolvemento de accións conxuntas.

Evidencias asociadas

- (2016) Stand do Servizo de deportes nas actividades de benvida (inicio de curso, Welcome Day,)
- (2016) Novo deseño de actividades para o curso 2015-2016 no Campus de Lugo
- (2016) Convenio co Club de Baloncesto Leche Río Natura Monbus Obradoiro, para o incentivo do deporte do Baloncesto, no mes de outubro de 2016
- (2016) Sinatura dun convenio coa Deputación da Coruña para estas actividades
- (2017) Convenio entre a USC e a Deputación da Coruña
- (2017) Convenio “Lugo Cultural” entre a USC, a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo
- (2017) Oferta do bono trimestral na piscina das Pedreiras (Lugo).
- Evidencias xerais na páxina web da Área de Cultura: www.usc.es/cultura

Código	APP104-SX-1518
Acción	Escola infantil “Breogán”
Ámbito estratéxico	As persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
Descrición	
<p>A escola infantil “Breogán” converteuse nun dos elementos de conciliación máis valorado pola comunidade universitaria. Para o período propónse unha revisión dos prezos e subvencións, un plan de investimento para a mellora e mantemento das infraestruturas, cambiar as dinámicas de seguridade, estudar a posible ampliación da formación ata os seis anos, mellorar a formación (como actividades en linguas estranxeiras) e un plan de atención dos nenos en períodos vacacionais. Ao tempo, manterase o programa de axudas para a escolarización de nenas e nenos de 0 a 3 anos para o Campus de Lugo</p>	
Programación inicial	Propónse a elaboración dun plan de modernización no ano 2015 para implantalo a partir do curso 2016-2017.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>As accións de mellora de infraestruturas da Escola Infantil foron incluídas na planificación RAM da USC. Na convocatoria do curso 2016/2017 incorporouse a posibilidade de que os traballadoras das empresas participadas pola USC puidesen optar a unha praza na Escola Infantil co prezo sen subvencionar. Tamén se mantivo o programa de axudas para escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos para o Campus de Lugo</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>As accións de mellora de infraestruturas da Escola Infantil foron incluídas na planificación RAM da USC. Neste ano 2017 elaborouse un proxecto de acondicionamento de espazos da Escola Infantil que foi remitido á Xunta de Galicia para solicitar o visado de cumprimento da actual normativa. Neste ano 2017 incrementouse o número de prazas na idade de 4 meses a 1 ano para atender a demanda existente nese rango de idade e continuouse coa posibilidade de que os traballadoras das empresas participadas pola USC puidesen optar a unha praza na Escola Infantil co prezo sen subvencionar para optimizar a ocupación das prazas. Tamén se mantivo o programa de axudas para escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos para o Campus de Lugo</p>	

Evidencias asociadas

- (2016) Aprobación do novo modelo de convocatoria en sesión do Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Aprobación do novo modelo de convocatoria en sesión do Consello de Goberno do 5 de abril de 2017
- (2016, 2017) Incorporación de obras de infraestrutura na programación RAM 2016 e 2017.

Código	APP105-SX-1518
Acción	Igualdade de oportunidades
Ámbito estratéxico	As persoas
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
Descrición	A Oficina de Igualdade terá como principal reto implantar o Plan de igualdade de oportunidades das mulleres e dos homes
Programación inicial	O plan será revisado cada ano

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	As accións de mellora de infraestruturas da Escola Infantil foron incluídas na planificación RAM da USC. Na convocatoria do curso 2016/2017 incorporouse a posibilidade de que os traballadoras das empresas participadas pola USC puidesen optar a unha praza na Escola Infantil co prezo sen subvencionar. Tamén se mantivo o programa de axudas para escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos para o Campus de Lugo

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución/Acción continua
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	Os resultados da avaliación anual do II PEIOMH, desenvolvida pola Oficina de Igualdade de Xénero no 2017, indican que se avanzou dende un grao de cumprimento das accións do 74,67% (36% de forma parcial) no 2015 a un 80% (un 38,67% de forma parcial) no 2016. Cabe destacar a consolidación de accións como a convocatoria dos Premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación, que como exemplo de boa práctica foi incluída na ferramenta en liña (GEAR tool) do European Institute for Gender Equality (EIGE); a potenciación del programa Verán CampUSC (campamentos urbanos para fillos e fillas do persoal e alumnado de la USC); así como a conmemoración das datas consagradas na axenda feminista (o 8 de marzo e o 25 de novembro) e o recoñecemento pola súa traxectoria a prol da igualdade de xénero a unidades ou servizos da USC, no marco do acto institucional do Día Internacional das Mulleres, outorgado no 2017 a Escola Politécnica Superior. Así mesmo, os avances nas principais novidades deste Plan: a promoción da perspectiva de xénero na docencia e investigación con accións como a celebración anual da Xornada Universitaria Galega en Xénero (en colaboración coas outras dúas universidades galegas); o establecemento de comisión ou enlaces de xénero nos centros (de apoio no seguimento e implantación do Plan en 16 dos 25 centros da USC) e a posta en marcha do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero (de aplicación a toda nosa comunidade

universitaria e que entrou en vigor ao pasado 14 de xaneiro de 2017). No ámbito da prevención realizáronse accións formativas, vinculadas ao Protocolo, para o PDI e PAS (especialmente dirixida ao persoal con responsabilidades directivas e representantes dos traballadores e traballadoras) e están previstas para o primeiro cuadrimestre do curso 2017/18 as dirixidas ao alumnado.

Finalmente, cabe salientar a promoción dunha imaxe positiva da acción de xénero (coa convocatoria do V Certame de fotografía Ruth Matilda Anderson) e da presenza de rapazas nas carreiras relacionadas coas disciplinas coñecidas como STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) e caracterizadas por unha baixa porcentaxe de alumnas (coa segunda edición da actividade Unha enxeñeira ou científica en cada cole).

Evidencias asociadas

- (2016) Celebración da VII Edición dos premios á introdución da perspectiva de xénero
- (2016) Celebración da IV xornada Universitaria Galega de xénero
- (2016) Celebración do día Internacional das mulleres
- (2016) Celebración do Día Internacional das Mulleres na Ciencia
- (2017) Convocatoria da [VIII Edición dos premios á introdución da perspectiva de xénero](#)
- (2017) Celebración da [V xornada Universitaria Galega de Xénero](#)
- (2017) [Celebración do día Internacional das Mulleres](#)
- (2017) Conmemoración do día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres (Pendente de celebración no 2017)
- (2017) [Celebración do Día Internacional das Mulleres e as nenas na Ciencia](#)
- (2017) Programa [Unha enxeñeira ou científica en cada cole](#)
- (2017) Convocatoria [V Certame de fotografía Ruth Matilda Anderson](#)

Código	APP106-SX-1518
Acción	Desenvolvemento sostible
Ámbito estratéxico	As persoas e Relación co contorno
Liña estratéxica	Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade e O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
O plan de desenvolvemento sostible foi creado no ano 2004 e cómpre establecer unha dinámica de actualización para atender ás demandas actuais. Proponse unha modificación do plan e un novo programa de actuación.	
Programación inicial	Renovación do plan no ano 2015

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2017
Informe da actividade	
<p>Entre xaneiro e xullo do 2016 desenvólvese o primeiro nivel da análise diagnóstica sobre a sostibilidade curricular na USC. Os bolseiros de especialización revisan as guías docentes de cada unha das materias que compoñen os plans de estudos dos 59 graos e os 60 másteres da USC. Tamén se revistaron os obxectivos, os contidos, as competencias e as observacións. Así mesmo, actualizouse a listaxe de grupos de investigación que contemplan nas súas liñas e nos seus proxectos algún aspecto relacionado coa sostibilidade. Así mesmo, revisouse a produción científica.</p> <p><u>Calendario de actuacións:</u></p> <p>Novembro 2016. Recepción do informe sobre o grao de coñecemento e implicación nas súas aulas dos principios da sostibilidade e do desenvolvemento sostible do PDI. Trabállase coa adaptación dun dos cuestionarios construídos por un dos grupos de traballo da Comisión Sectorial CRUE-Sostibilidade. Este análise complementa os datos extraídos das guías didácticas, incluídas no eixo 1 do Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS).</p> <p>Decembro 2016. Recompilación e análise das prácticas de xestión relacionadas coa sostibilidade (eixos 1 e 3 do PDS) e análise de resultados da ferramenta de avaliación ambiental nas universidades GESU, deseñada pola Comisión Sectorial CRUE-Sostibilidade (eixos 1 e 3 do PDS).</p> <p>Decembro de 2016. Constitución da Comisión redactora do II PDS.</p> <p>Xullo de 2017, aprobación do II Plan de Desenvolvemento Sostible da USC.</p>	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2017
Informe da actividade	
<p>Esta acción sufriu un lixeiro adiamento, prevéndose que en decembro de 2017 se dispoña da avaliación interna da situación actual da implementación do I PDS , así como as orientacións cara o II PDS.</p>	

Evidencias asociadas

- (2016) Xeración de bases de datos baseadas na revisión das guías, a listaxe de grupos e a produción e breves análises de cada conxunto.
- (2016) Convocatoria de bolsas de sostibilidade, participación e integración universitaria, curso académico 2015-2016. Publicada o 15 de decembro de 2015. – Contemplan 11 bolsas de colaboración e 3 de especialización (estas últimas convocadas por primeira vez no curso 2015-2016). Documentación dispoñible na web da Oficina de Desenvolvemento Sostible (<http://www.usc.es/plands/>)
- (2016, 2017) Memorias das bolseiras e dos bolseiros SPIU.
- (2017) Convocatoria de bolsas de sostibilidade, participación e integración universitaria, curso académico 2016-2017. Publicada o 20 de setembro do 2016. - Contemplan 10 bolsas de colaboración e 4 de especialización. Documentación dispoñible na web da Oficina de Desenvolvemento Sostible <http://www.usc.es/plands/>

Código	APP107-SX-1518
Acción	Programa de mecenado e apadriñamento
Ámbito estratéxico	Persoas e Relación co contorno
Liña estratéxica	O estudantado: valor presente e futuro O compromiso e a implicación coa sociedade
Descrición	
O mecenado e o apadriñamento son dúas das estratexias máis comúns para a captación de recursos. Proponse unha planificación que estableza as pautas para lograr a implicación do tecido social nos procesos de formación dos estudantes.	
Programación inicial	Elaboración do plan no 2015 para a súa posta en marcha no 2016.

Data de comprobación	10/10/2016
Estado	En execución
Data de finalización	Aprobación do plan en xullo do 2017
Informe da actividade	
O programa de apadriñamento iniciouse co proxecto Mentoring USC que permitiu a participación de máis de 60 mentores. Sen embargo, tivo que adiarse a elaboración dun plan de mecenado ata o curso 2016/2017, agás a xestión dos convenios de mecenado institucionais de gran relevancia, para os que se nomeou a un responsable específico e que permite unha mellor xestión dos recursos e de xustificación de accións realizadas.	

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/07/2018
Informe da actividade	
Se ben se continúa co proxecto mentoring (acción 79), non se produciron avances no plan de mecenado proxectado para xullo de 2017. No último cuatrimestre de 2017 estase a traballar na organización dos grandes convenios de mecenado, coa fin de rendabilizar as colaboracións e sentar as bases para busca doutras novas que permitan a mellora da actividade formativa, investigadora ou de extensión universitaria.	

Evidencias asociadas	
<ul style="list-style-type: none"> - (2016) Web do programa mentoring: http://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/estudantes.html - (2016) Nomeamento do Coordinador de Accións de Mecenado e Patrocinio Institucional, con data 10 de febreiro de 2016 	

Código	APP108-SX-1518
Acción	Plan de execución para o desenvolvemento dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela
Ámbito estratéxico	Xestión institucional
Liña estratéxica	Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
Descrición	
Os estatutos establecen un período de tempo para a adaptación da normativa que está regulado na disposición transitoria sétima. Na actualidade, está constituída unha Comisión do Claustro para o Desenvolvemento Estatutario, que xa está abordando a nova formulación das normas que deben ser adaptadas. Sen embargo, cómpre que o equipo de Goberno presente, no prazo de tres meses, un plan de traballo global de adaptación de todas as normas para que a Comisión de desenvolvemento estatutaria o aprrobe e organice as actividades necesarias, así como un calendario de actuación	
Programación inicial	Ano 2017

Data de comprobación	16/10/2017
Estado	En execución
Data de finalización	31/12/2018
Informe da actividade	
<p>Dando cumprimento á disposición transitoria sétima 2 dos Estatutos de xeito progresivo, determináronse as normas a desenvolver e os criterios de priorización, instando á Comisión de Desenvolvemento Estatutario a avanzar no seu desenvolvemento.</p> <p>En concreto, no último trimestre do 2016, trasladáronse a dita comisión o desenvolvemento e aplicación do artigo 104.1a) dos Estatutos da Universidade sobre a composición dos Consellos de Departamento, e a valoración dos encargos docentes ao persoal investigador mencionado no artigo 12.3, liñas c) e máis e) (persoal investigador por obra ou servizo determinado e outros investigadores contratados consonte ás disposicións legais).</p> <p>Para o ano 2017, planificouse o traballo de estudo e coñecemento das seguintes materias:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Bases (liñas xerais) da creación e funcionamento de estruturas universitarias de docencia e investigación, consonte os artigos 61, 62, 127, 81.c) e 142.3; - Bases (liñas xerais) sobre o réxime xurídico de realización de traballos de carácter científico, técnico, humanístico ou artístico, cuxo texto articulado é competencia do Consello de Goberno consonte o artigo 145.3; e - Bases (liñas xerais) do réxime de rexistro, dereitos e obrigas dos altos cargos universitarios, tendo en conta que é competencia do Consello de Goberno a regulación do texto articulado consonte o artigo 70.4. <p>O criterio de selección empregado é, por unha banda, o interese de dotar dun marco normativo estable á investigación, dado o seu crecemento; e, pola outra, precisar o réxime dos altos cargos segundo a esixencia que a actual Sociedade demanda. Tamén convén destacar que outras normas de desenvolvemento dos Estatutos deben ser temporalmente afastadas ben porque a Administración do Estado esta a introducir un marco xeral (por exemplo, o “Estatuto do PDI”), ou porque a Administración</p>	

autonómica o fixo recentemente e non reviste, entón, urxencia (por exemplo o “Regulamento do Persoal de Administración e Servizos” trala publicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia); ben porque xa existe un marco xeral estatal (*é o caso do Real Decreto 1791/2010, de 30 de diciembre, por el que se aprueba el Estatuto del Estudiante Universitario, con relación a prescripción do “Estatuto do Estudantado” dos artigos 35 e 78.f dos Estatutos*) que, pese a ser incompleto por non conter o réxime disciplinario, impide entrar neste ámbito.

Evidencias asociadas

Anexo II. Listado de accións

Código da acción	Descrición
APP001-EI-1518	Concentración servizos administrativos: Elisa e Jimena, Balconada e pavillón
APP002-EI-1518	Traslado do servizo de vixilancia da saúde ás vivendas dos catedráticos
APP003-EI-1518	Liberar área ocupada pola imprenta para servizos de investigación e ampliación de ATIC
APP004-EI-1518	Adaptar Fonseca e San Xerome para o Welcome Center para posibilitar visitas turísticas
APP005-EI-1518	Planificación e mellora das instalacións deportivas en Santiago de Compostela
APP006-EI-1518	Construción de novas infraestruturas deportivas no Campus de Lugo
APP007-EI-1518	Localización compartida das actividades da Escola de Doutoramento e do CEA
APP008-II-1518	Traslado dos servizos do edificio de Odontoloxía ao edificio da facultade de Medicina
APP009-II-1518	Xestionar as accións urbanísticas e patrimoniais necesarias para a nova facultade de Medicina
APP010-II-1518	Xestionar as accións urbanísticas e patrimoniais para novo edificio integrado na Fac. CC. Educación do Campus Vida
APP011-II-1518	Programación e xestión para garantir a docencia nunha única localización da Fac. de Enfermería
APP012-II-1518	Obras xerais de acondicionamento, equipamento e mellora en centros docentes e de investigación
APP013-II-1518	Programar as actualizacións das infraestruturas básicas dos sistemas de información e comunicación
APP014-AE-1518	Modificar a estrutura departamental
APP015-AE-1518	Análise conxunta da oferta de estudos actual e proposta de liñas de actuación ao respecto
APP016-AE-1518	Elaboración dun plan estratéxico de internacionalización

APP017-AE-1518	Impulsar titulacións dentro das liñas de especialización dos campus de excelencia
APP018-AE-1518	Establecer programas de simultaneidade de titulacións de Grao e Máster
APP019-AE-1518	Incorporar a docencia <i>ON LINE</i> en estudos de Grao e Máster xa establecidos
APP020-AE-1518	Deseño dunha oferta de estudos <i>ON LINE</i>
APP021-AE-1518	Docencia en linguas estranxeiras
APP022-AE-1518	Fomento creación de titulacións conxuntas entre a USC e outras universidade españolas e estranxeiras
APP023-AE-1518	Reorganización da oferta de Másteres oficiais
APP024-AE-1518	Mellora do financiamento condicionado aos Centros
APP025-AE-1518	Mellora do financiamento estrutural aos Centros
APP026-AE-1518	Análise da estrutura de institutos de investigación existentes
APP027-AE-1518	Análise da estrutura de centros existentes
APP028-AE-1518	Reorganización da Escola de Doutoramento para convertela nun centro autónomo
APP029-AE-1518	Creación dunha unidade da Escola de Doutoramento en Lugo
APP030-AE-1518	Revisión dos procedementos de avaliación e composición de tribunais das teses de doutoramento
APP031-AE-1518	Reestruturación do Centro de Posgraos para especializalo en títulos propios
APP032-AE-1518	Mellora do Centro de Linguas Modernas
APP033-AE-1518	Impulso ás Cátedras institucionais
APP034-PI-1518	Reforzar a valoración e a avaliación da produción científica xunto coa produtividade en I+D

APP035-PI-1518	Establecer un novo modelo organizativo da investigación, enfatizando a especialización, a colaboración e a transversalidade
APP036-PI-1518	Creación dun novo modelo de contratación de investigadores
APP037-PI-1518	Modernización do apoio á investigación
APP038-PI-1518	Establecer un método de control e supervisión das condicións laborais do persoal contratado con cargo a recursos captados para I+D+I
APP039-PI-1518	Fortalecemento da organización da investigación na USC: consolidación e renovación de estruturas. Articulación de novas capacidades
APP040-PI-1518	Planificar a sostibilidade económica, a optimización e o rendemento da RIAIDT
APP041-PI-1518	Atracción do PDI internacional
APP042-PI-1518	Mellorar o éxito nas convocatorias xurdidas no marco do programa Horizonte 2020
APP043-PI-1518	Creación e execución dun plan específico de internacionalización da investigación en ciencias sociais e xurídicas e humanidades
APP044-PI-1518	Consolidación, reforzo e creación de campus de excelencia
APP045-PI-1518	Novo modelo de xestión do edificio Emprendia
APP046-PI-1518	Definición de políticas institucionais en transferencia e emprendemento
APP047-PI-1518	Mellorar os mecanismos de fomento e axuda ao emprendemento
APP048-PI-1518	Xestión e mellora da transferencia de resultados
APP049-PI-1518	Reforzo da capacidade operativa da Área de valorización e transferencia
APP050-PI-1518	Establecer un modelo de coordinación e coordinación con outros axentes sociais implicados no proceso de transferencia e emprendemento
APP051-CU-1518	Elaboración dun cadro de persoal teórico de PDI

APP052-CU-1518	Elaborar uns criterios para o recoñecemento efectivo de todas as actividades desenvolvidas polo PDI
APP053-CU-1518	Elaboración dunha nova normativa que regule as figuras de profesor e investigador "Ad Honorem" no marco do regulamento da USC
APP054-CU-1518	Elaborar unha nova normativa que regule a figura do profesor emérito
APP055-CU-1518	Recuperación da figura de profesor visitante
APP056-CU-1518	Revisar as capacidades lectivas das áreas actuando sobre a capacidade lectiva das diversas figuras do profesorado
APP057-CU-1518	Revisar as capacidades lectivas das áreas
APP058-CU-1518	Revisar o encargo lectivo das áreas
APP059-CU-1518	Mellora dos procesos de selección de PDI funcionarios, PDI contratado e PDI interino
APP060-CU-1518	Actualización da normativa de concesión de licenzas por ano sabático e doutras licenzas por estudos
APP061-CU-1518	Mellorar os sistemas de consolidación, promoción e creación de novas prazas de PDI permanente
APP062-CU-1518	Consolidar o CETA como o servizo de referencia para a innovación docente
APP063-CU-1518	Reorganizar os servizos de apoio á actividade docente
APP064-CU-1518	Reorganizar os servizos de xestión académica
APP065-CU-1518	Mellorar a organización e asignación de efectivos, e incrementar os servizos a asumir pola área de conserxería
APP066-CU-1518	Establecer un programa de internacionalización para o PAS
APP067-CU-1518	Crear un mecanismo de coordinación entre os servizos que favoreza a internacionalización
APP068-CU-1518	Mellora da coordinación nos procesos de xestión de persoal e económica
APP069-CU-1518	Reorganizar o servizo bibliotecario e arquivístico

APP070-CU-1518	Axustar a relación de postos de traballo á nova realidade da USC
APP071-CU-1518	Mellorar as condicións laborais do PAS, co obxecto de facer máis eficaz e eficiente o traballo na administración e servizos
APP072-CU-1518	Mellorar a coordinación e interrelación entre servizos
APP073-CU-1518	Mellorar a profesionalización do PAS
APP074-CU-1518	Iniciar os traballos para unha posible funcionarización do persoal laboral
APP075-CU-1518	Recuperar a negociación e a busca do acordo como ferramenta para a mellora dos servizos e das condicións laborais
APP076-CU-1518	Mellorar as oportunidades de internacionalización
APP077-CU-1518	Unificación dos procesos de xestión académica para os estudantes nunha única unidade
APP078-CU-1518	Crear unidade específica para a atracción de estudantes
APP079-CU-1518	Programa de mentores
APP080-CU-1518	Mellora dos servizos de residencias
APP081-CU-1518	Impulsar a empregabilidade e o emprendemento dos graduados
APP082-CU-1518	Creación dunha rede de exalumnos e exalumnas da universidade de Santiago
APP083-SX-1518	Recoller contablemente a diferenza entre ingresos e gastos afectados e non afectados no orzamento da USC
APP084-SX-1518	Modificar os procedementos e recursos de administración económica e de persoal pola introdución da administración electrónica
APP085-SX-1518	Creación dun novo modelo de xestión de datos e estatísticas
APP086-SX-1518	Definir un modelo mixto, xestión directa-xestión indirecta, para a área de infraestruturas no que atinxe a instalacións, edificios e urbanización
APP087-SX-1518	Establecer un sistema de coordinación central para o aluguer de espazos universitarios

APP088-SX-1518	Racionalizar o servizo de cafeterías e dos servizos de restauración
APP089-SX-1518	Implantar un proxecto de turismo académico de verán ligando recursos docentes cos residenciais actualmente ociosos nos meses de xullo e agosto
APP090-SX-1518	Potenciación da oferta de visitas ao patrimonio da USC
APP091-SX-1518	Mellorar o aproveitamento da imprenta universitaria
APP092-SX-1518	Xestionar e implantar un novo modelo de relación entre a universidade e as empresas
APP093-SX-1518	Reforzo da especialización da asesoría xurídica
APP094-SX-1518	Modernización da estrutura organizativa
APP095-SX-1518	Mellora das ferramentas informáticas básicas da USC
APP096-SX-1518	Creación e aplicación dun catálogo de servizos da área TIC
APP097-SX-1518	Simplificación da administración a través da área de calidade
APP098-SX-1518	Modernización da xestión da métrica da calidade
APP099-SX-1518	Crear un área de comunicación da USC
APP100-SX-1518	Creación dunha unidade específica de divulgación científica
APP101-SX-1518	Programación de renovación da páxina web
APP102-SX-1518	A normalización lingüística na USC
APP103-SX-1518	Actividades deportivas e culturais
APP104-SX-1518	Escola infantil "Breogán"
APP105-SX-1518	Igualdade de oportunidades

APP106-SX-1518	Desenvolvemento sostible
APP107-SX-1518	Programa de mecenado e apadriñamento
APP108-SX-1518	Plan de execución para o desenvolvemento dos estatutos da USC
